Obra en galego de

XESÚS CALVIÑO DE CASTRO

Forza segreda (teatro)

Poemas inéditos e dispersos

Estudio crítico:
CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL

Edición:
CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL
Mª TERESA AMADO RODRÍGUEZ
ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ

EXCMO. CONCELLO DE BETANZOS
1999

«Calviño de Castro hace unos tres años nos dió Hojas Dispersas y, ahora, Bordón Peregrino. Ambos libros acusan la presencia y la esencia de una alta inspiración y de una constante superación. Ambos libros lo acreditan como un gran lírico. Y aún queda por decir que hay otra gran faceta de su personalidad poética: y es que en sus poesías en idioma gallego (que todavía no vieron la luz en tomo) es donde más se acentúa su estro con relieves de máxima jerarquía. ¡Ojalá no nos haga esperar mucho para darnos la satisfacción de gustar sus poesías gallegas en conjunto!».

Con esta edición, no mes de maio de 1999, facemos realidade os desexos manifestados por Avelino Díaz no ano 1947.

Palabras de Avelino Díaz, comentando o libro de Calviño de Castro *Bordón Peregrino*, en *Galicia* (F.S.G.), 5 de novembro de 1947.

© Edición e estudio crítico: Concepción Delgado Corral, Mª Teresa Amado Rodríguez e Alfredo Erias Martínez.
Depósito Legal: C-823/99
ISBN: 84-923797-3-1
Imprime: LUGAMI. Travesía da Torre, 4, Betanzos.

Introducción

O presente volume é o resultado dunha investigación sobre a obra literaria de Xesús Calviño de Castro, realizada coa finalidade de contribuír ao seu coñecemento, mediante a publicación dunha parte dela inédita ou dispersa en diversas publicacións, interesante desde o punto de vista histórico, sociolingüístico e literario. A búsqueda dos textos e dos feitos foi un labor por veces difícil, ao non contar con moitas publicacións da Arxentina. Temos que agradecer a D. Antonio Lagares e a Dona Mª Dolores Calviño a súa colaboración e aportación da obra inédita *Forza Segreda* xunto co material epistolar. Agradecemos tamén ao Consello da Cultura Galega e aos funcionarios do Arquivo da Emigración, a amigábel axuda prestada na consulta de múltiples publicacións.

Esta investigación rescata unha vida e unha obra, en boa parte ignorada, recobrando unha pequena parcela da historia e da cultura de Galicia. É a nosa homenaxe a un autor que, lonxe da Terra, nunca deixou de estar comprometido con ela.

Estudio

NOTAS BIOBIBLIOGRÁFICAS

Xesús Gabriel Rafael Calviño de Castro.

Xesús Gabriel Rafael Calviño de Castro naceu en Abegondo o vintenove de xaneiro de 1893, fillo de Pedro Calviño Sanjurjo, natural de San Tirso de Mabegondo, e de María de Castro, natural da Habana[1], pero criada en Santiago. O matrimonio tivo varios fillos dos que só vivirían Xesús e a irmá Amalia, dous anos menor, e coa que mantería correspondencia desde a chegada a Buenos Aires, correspondencia que continuaría, unha vez morta súa nai[2], ata a morte de Xesús. Dona María de Castro chega con 18 anos a Abegondo para desempeñar o seu traballo de mestra na escola de nenas; aquí casará con Pedro Calviño, residindo a familia durante uns anos na Torre de

[1]O avó e a avoa maternos de Xesús eran naturais da cidade do Ferrol e da Coruña, respectivamente. O seu avó era militar e, trasladado a Cuba, onde morreu, veu nacer alí á súa filla.

[2]As cartas ían dirixidas ao pai, á nai ou á irma, mais non eran frecuentes por unha e outra parte, facéndose mutuamente reproches pola tardanza en contestar. En carta que o autor envía a Amalia, con data 4 de xuño de 1913 critica a falta de noticias directas acerca da saúde da súa nai: *Mira si sois descuidados, que recién ayer supe que mamá estubiera en cama bastante tiempo, y escriben a los extraños y no saben coger una pluma y poner unas letras a un hijo y hermano. No dirás que no es el colmo.*

Quiroga[3], por exercer Pedro como administrador desta familia. Posteriormente Pedro faise tamén mestre, rexentando a escola de Leiro, e desempeñando ademais o traballo de notario-eclesiástico. Amalia estivo como mestra, primeiro en Valxestoso, e posteriormente na escola da nai, chegando a educar nai e filla varias xeracións de xoves de Abegondo. Fillo de pais católicos moi practicantes, Xesús manifestouse, contrariamente, como un inconformista, que tiña continuos enfrontamentos co pai pola súa vida despreocupada[4] e polas súas ideas[5]. Os seus estudios

[3]Amalia e Xesús foron uns irmáns moi queridos, téndoa el moi presente no seu pensamento e tamén nos seus escritos, como podemos ver no artigo que dedica á cantante galega Mari Isaura Vilanova, no seu paso pola Arxentina, onde fai alusión á vida no pazo dos Quiroga: *Dile a la buena hermana, que la rosa de la última primavera, aumenta el recuerdo del rosal del Pazo, testigo fiel de nuestros infantiles juegos*.

[4]Amalia, profundamente relixiosa, como seus pais, loitou para que Xesús chegase a casar pola igrexa. En carta que el lle envía, con data do 4 de outubro de 1945, ante os temores de Amalia de que tivese esquecido o asunto, pídelle tempo: *Respecto a lo que me insinúas, puedes estar tranquila como segura de que nunca me he olvidado del asunto... Tiempo al tiempo, querida mía, que por mi parte, tengo al respecto, tanto deseo como tú de complacerte y complacer a Ercilia.* Ercilia era tamén crente e sufría pola actitude crítica de Xesús coa igrexa, así dille a Amalia, na mesma carta, pola outra cara: *No hay que dejar escapar esa fe, que a pesar de los vaivenes de la lucha, Dios nunca desoye nuestras justas súplicas, nuestro acariciado anhelo. Esto mismo tal cual he querido siempre infundirle a Jesús: aunque la vida lo haya desorientado un poco, él es tan bueno que, a su modo, cree tanto como nosotras.* O grande amor que sente pola irmá é o que o leva a casar pola igrexa o 14 de xullo de 1953 aínda que, en palabras de Ercilia, detéstaa profundamente: *Un carácter rarísimo. ¿Cómo te explicas que queriéndote como tú sabes nunca quería darte el gusto de casarse por la iglesia a la que detesta? Fue un milagro que Dios me hizo pero yo creía que inmediatamente te escribiría, yo no podía, como ves. Dice que no quiere hablar de cosas tristes; que cualquier día lo hará, que el «Acta de Matrimonio» que nos dieron en la iglesia te la mandará.* Calviño, en carta a Amalia, do 26 de outubro de 1954, moi preocupado pola enfermidade da súa muller, identifícase coas crenzas que Amalia ten en relación cos milagres da Virxe: *Respecto al sustancioso contenido de la primera, conteniendo las estampillas de la Virgen del Socorro, Ercilia va siguiendo al pie de la letra tu recomendación y, ¡mira que cosa!, al hacerla observar el miércoles por dos especialistas, aparte del que desde hace tiempo la viene atendiendo, pudieron observar que la enfermedad original, o sea el glaucoma, se ha curado. Ahora, a raíz de la operación que se le hizo en el ojo derecho, se le produjo una sineschies, que viene a consistir en que la pupila se pegó al cristalino. Pero, también, como si la Virgencita que enviaste quisiera poner fin a nuestra razonable intranquilidad, hemos logrado dar, nada menos que en Hamburgo, con una rarísima droga, que ayer le aplicaron por primera vez y con la que creen se podrá evitar otra nueva operación del ojo derecho.* Na primeira carta que escribe á

son os primarios, que recibiu da nai, pola decisión de non estudiar[6]. O feito de marchar para Buenos Aires con só 18 anos debeuse á súa tallante negativa a facer o servicio militar[7], antimilitarismo que se manifestará en toda a súa obra e principalmente na obra de teatro en galego. Casa con Ercilia Quiroga en Buenos Aires, o 14 de xullo de 1953. A súa situación económica nunca foi desafogada porque se dedicou á vida bohemia e cultural, despreocupándose de cousas máis materiais[8]. En Buenos Aires

familia, con data do 23 de outubro de 1911, fala da perigosa viaxe e da súa milagrosa salvación, solicitando que, pola súa intención, fagan dicir unha misa á Virxe dos Remedios: *Así es que de mi intención, le dirán una misa a la Virgen de los Remedios por salvarnos la vida, y tener siquiera la esperanza de abrazarles algún día.* Sen dúbida as relacións do autor coa igrexa foron cambiando co paso do tempo, pasando dunha actitude de crente nas prácticas relixiosas á outra actitude de crítica. A actitude de confrontación coa igrexa é manifestada pola propia muller, e moitos anos antes no texto que escribe para a cantante Mari Isaura en *El Eco de Galicia*, en abril de 1924: *Santiña, contéstales que sí; que fuimos a verte con la fervorosa devoción que íbamos a la Iglesia aldeana cuando nuestra fe era pura.*

[5]Nas primeiras cartas á nai, nótase como un certo resentimento ante as actitudes dos pais para con el, sobre todo do pai. Na carta do 16 de agosto de 1914, dille que a súa ignorancia non foi pola súa culpa: *Acerca de mi vida, sigo como siempre, quizás obcecándome más a cada paso, en insípida ignorancia, pero la culpa no fue mía, algún día, y hoy no tiene remedio.* Non temos datos para afirmar que o rapaz quixera estudiar ou facer algo que lle prohibiran os pais, pero algún problema semellante se intúe nestas palabras.

[6]Dona Dolores Calviño é a que nos deu a información da negativa de Calviño a estudiar. En relación con isto, temos certas dúbidas, xa que, os velados reproches que Calviño fai á nai nalgunha carta, fannos pensar que a negativa puido ser a estudiar o que el non quería.

[7]O pai pretendía que Xesús fixese o servicio militar como el, e que marchase despois, pero el négase. Un tío de Xesús é o que lle paga a pasaxe e corre con todos os papeis de embarque, ao negarse o pai a darlle a autorización.

[8]Calviño, que non daba importancia ás cousas materiais e si lle importaba todo o que tivese que ver coa arte ou coa creación, era visto por algúns como un «atorrante», noticia que chegou a el e tamén á súa familia, como podemos observar nunha das primeiras cartas con data de 4 de xuño de 1913: *He recibido varias noticias por las cuales algunas no fueron para mi nada satisfactorias como por ejemplo que andaba de atorrante y que jamás me acordaría de nadie. Si lo crees hermana mía, todavía os dirán más.* Calviño trata de explicar a Amalia a súa situación, xustificando o non poder cumprir os seus compromisos polo feito de non ter traballo: *y tú como hermana conviene que sepas varias cosas que impidieron realizar mis compromisos. Cuando vine tuve que comprar cama colchón, estuve sin trabajar varios tiempos; y luego estuve después también sin trabajar: me tuve que vestir y calzar, y aquí no es como en ésa, todo lo dan pero si no hay plata, no tienes nada.* Hai que ter en

relacionouse con xente da cultura como Ramón Suárez Picallo, Castelao, Manuel Castro López, Laxeiro, Luís Seoane, Xosé Blanco Amor, Arturo Cuadrado, Ramón Rei Baltar, Rodolfo Prada, Xosé Núnez Búa, Antón Zapata García, Manuel Roel, Avelino Díaz, Manuel Prieto Marcos[9] , Maruja Boga, Neira Vilas e Anisia Miranda. Tivo unha intensa relación co pintor Mallo López, famoso médico que deixou o consultorio pola vida bohemia[10] . O seu traballo por Galicia foi constante en Buenos Aires, colaborando en diferentes publicacións galegas e arxentinas como *El Despertar Gallego*[11] , *Galicia*[12] , *Lugo*, *Acción Gallega*[13] , *Ecos de Galicia*, *Crítica*, *Nova Galicia*[14] , *Correo de Galicia*, *Alborada*[15] , *A Nosa Terra*, fundando a Agrupación de Artistas Gallegos, formando parte da Comisión de Cultura do Centro Gallego e dirixindo a audición radial da Federación de Sociedades Gallegas. A morte da nai en 1931, de quen fala en varios poemas[16] , foi un duro golpe para Calviño . A morte da súa muller,

conta que, nesa época, en Buenos Aires, era difícil encontrar traballo, sobre todo para aqueles que, como Calviño de Castro, non tiñan un oficio cualificado. Cfr. B. Cupeiro Vázquez, *A Galiza de Alén Mar*, Ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1989, pp. 7-10. Con todo, Calviño gustaba máis da vida bohemia que do traballo rutinario. A súa irmá Amalia facíalle constantes envíos de cartos, roupas ou alimentos. Casado con Ercilia, despois dos grandes apuros económicos que soportaron pola enfermidade desta, case cega, é ela a que, a escondidas de Xesús, solicita a Amalia, por carta, unha pensión para que o irmán non teña que traballar, ou a súa parte dos bens familiares: *Aquí tu hemano en caso de serte posible necesita dejar su trabajo y de una ayuda definitiva. He dicho mal mensualmente; si puedes arreglar en forma que mientras viva él pueda disponer de lo suyo o de una parte que alcance para que viva tranquilo por lo menos, sin trabajar con el sacrificio que tiene que hacer. Ahora en caso de que tú puedas hacer esto tienes que encontrar la forma de vencer su resistencia, tú sabrás cómo hacer.*

[9]Nun artigo publicado no semanario *Galicia* (F.S.G.), o 9 de setembro de 1944, Calviño de Castro, ao lado de Castelao, Alonso Ríos, Elpidio Villaverde, Domingo Maza, Luís Seoane e Zapata García, figura entre os «Cen Galegos de Ferro» que asistiron á cea en honor do musicólogo e poeta Manuel Prieto Marcos, festexando a publicación do libro *Versos en gama de gaita.*

[10]Calviño viviu na casa de Mallo López. A nai do pintor, atendíaos aínda que non aportasen economicamente nada. Eran dous bohemios sen remedio. As referencias e alusións a esta familia, son constantes na súa obra, así no poema titulado «Policromía», do libro *Hojas Dispersas*, fai referencia ao médico-pintor: *Mientras el inquieto pincel/de Samuel,/ estampada deja/ en el blanco papel /el encanto de tu boca bermeja.* Nos catro poemas finais da terceira parte deste mesmo libro, fai unha descrición de Consuelo Mallo López. E, en galego, escribe un poema dedicado á nai, dona Consuelo. No libro *Bordón Peregrino*, publica un poema escrito precisamente para o amigo e titulado «Samuel Mallo López».

[11]Órgano Oficial de la Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales de la República Argentina. Este xornal desaparece en 1930, cando se rompe a federación, sucedéndoo *Acción Gallega* e *Galicia.*

[12]Calviño colabora na publicación *Galicia* do Centro Gallego, e tamén en *Galicia*, semanario portavoz da Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires.

[13]Revista mensual de Casa de Galicia.

Xesús Calviño de Castro

Abegondés, do Adro Farturento fogar
da máis limpa honesteza foi seu fogar embora.
Encetamento ríspido e agarimoso ó par,
que en morriñento ensoño, lembra e vive nestora.

Desacougos acesos, espranzas sen ficar;
ilusións que parescen ser realidade agora,
convertérono en poeta, que en contino soñar
ve xa seus anos, orfos de Mes, de Día e Hora.

Porque vive de cote degaros latexantes
de ver a Terra meiga felis e sorridente,
dona do seu destino egual que foi denantes:

Cando era o berce morno da sinxela amizade
e a sonada Raíña do puxante Oucidente,
na racial afouteza de soster a Verdade

Poema anónimo, en *Galicia* (F. S. G.), setembro, 1970

[14]Calviño colaborou en *Nova Galicia*, Semanario Independiente para los Gallegos en la América del Sur, dirixido por Fortunato Cruces, e tamén en *Nova Galicia*, Portavoz de los Antifascistas Gallegos.

[15]Órgano de la Asociación Benéfica Cultural del Partido de Corcubión, dirixido durante uns anos por Antón Zapata García (1930-1934) e polo poeta Xervasio Paz Lestón, amigos de Xesús Calviño de Castro.

[16]No poema titulado «Remordimiento», recollido no libro *Hojas Dispersas*, fala da nai. Poema de carácter autobiográfico, que conta como o autor non pode dicirlle adeus: *Por ser vieja costumbre, cuando la despedía/la he besado en la frente;/pero, nunca como ese día/la besé tan apasionadamente./(La siguiente mañana/muy lejos estaría/de mi tierra aldeana)./Y aquella tarde, sin sospechar, me dijo/mientras su frente maternal besaba:/¿Vas a muy lejos, hijo?/-A San Tirso, a visitar al tío-./ ¿Vendrás pronto, hijo mío?/-Pronto, dije resuelto-/Y...¡Dios Santo!/Desde entonces, no he vuelto/para calmar su llanto.* Ela quería despedilo esa noite cunha grande cea,

en1960, déixao totalmente desamparado[17] . Hai que destacar o seu interese pola cultura en todos os seus aspectos, e no aspecto literario en particular. Amante da música, foi autor de poemas que logo serían musicados, e de letras de tangos escritas para o director e pianista Osvaldo Pugliese[18] . Calviño é un autodidacta que, partindo dunha educación primaria, chega a adquirir unha cultura notábel, sorprendendo o seu coñecemento de autores e obras, e o seu interese por tradicións culturais como as dos maias, que primeiramente coñece a través do libro de Antonio Mediz Bolio, *A terra do Faisán e do Veado*. Morre Calviño de Castro en Buenos Aires, aos 79 anos de idade, o día 3 de xuño de 1972, sendo enterrado no cemiterio Flores do Gran Buenos Aires.

CONTEXTO HISTÓRICO-CULTURAL

Calviño de Castro emigra a Buenos Aires cando apenas tiña 18 anos. Nado sete anos antes de comezos do século XX, viviu desde a distancia acontecementos históricos fundamentais da nosa historia política e cultural, como os anos que rodearon a declaración da II República cun ambiente cultural óptimo para o pensamento galeguista; a aparición das Irmandades da Fala, da Xeración Nós e do Seminario de Estudos Galegos. Calviño chega a Buenos Aires en 1911. En Galicia, en 1912 desfaise o movemento agrarista Solidaridad Gallega. En 1913 o movemento Acción Gallega de Basilo Álvarez forma unha delegación agrarista dentro do Centro Galego[19] , e vaise conformando a ideoloxía nacionalista que culminará en 1916 co nacemento das Irmandades da Fala. Calviño, desde a súa chegada a Buenos Aires, ata a década dos anos 30, vive a forte tendencia asociativa que deu lugar a múltiples pequenas sociedades que agrupaban os inmigrantes galegos pola súa comarca[20] , cunha orientación social e con propósitos anticaciquís e modernizadores[21] para os campesiños e para o campo galego, propósitos que se manifestarán posteriormente na súa obra de teatro[22] . Na década dos anos vinte, os galegos emigraban á Arxentina coa intención de mellorar a súa situación económica e socio-cultural. Non sempre o conseguían porque era difícil, para os que non tiñan un oficio, encontrar traballo, como ocorre no caso do noso autor, sen embargo, moitos deles, chegaron a ser donos de importantes establecementos comerciais[23] , restaurantes, padarias ou almacéns. En Buenos Aires apareceron movementos políticos, culturais e artísticos con experiencias innovadoras que propoñían ideas para erguer Galicia e a súa cultura; os galegos comezan a experimentar o desexo de manifestarse como galegos. Nace así en 1907 o Centro Galego[24] , en 1918 a Primeira Casa de Galicia, orixinada pola xuntanza de catro sociedades culturais como eran a Agrupación Regionalista «A Terra», Asociación Artística

como nos comunicou Dona Dolores Calviño de Castro. O recordo de súa nai está sempre presente, sendo ela a protagonista dun artigo que dedica á cantante galega Mari Isaura Vilanova, no seu paso pola Arxentina: *A tu regreso, las madres te preguntarán por el ausente; las hermanas te pedirán noticias del emigrado, y las novias nada preguntarán; pero su mirar, será este interrogante: ¿Lo has visto?. Santiña, contéstales que sí; que fuímos a verte con la fervorosa devoción que íbamos a la Iglesia aldeana cuando nuestra fe era pura; pero evita, ¡por Dios! de que la arrugada viejecita, sepa que en nuestras cabezas se filtró ya la nieve; no le quites la ilusión de que su hijo es el mismo rapaz, que luengos años ha, recibió su último beso, y su ingénuo consejo, «**de que sea bueno»,** repetido tantas veces como las oportunidades de recomendarle le son propicias.* Artigo publicado en *El Eco de Galicia*, en abril de 1924. En carta a Amalia, con data do 15 de xuño de 1931, Calviño exprime a súa profunda dor pola morte da nai: *por la invalorable condición de ser noble y santa, como lo fué la nuestra, y como yo quería a mi madrecita a mi manera, sabiéndola así, conceptué siempre mi capacidad inferior a sus tantos merecimientos y, por ende, incapaz de buscar la frase apropiada que pudiera, que lograra evitarle la angustia de recordarme ausente, que influyera en su ánimo para convencerla de no sufrir por mi causa.*

[17]Amalia ofrécelle a súa casa, como podemos ver pola carta do autor do 6 de setembro de 1960: *Estoy haciendo los medios para comenzar la lucha por la existencia de nuevo. En sucesivas misivas, ya te pondré al tando de lo que ocurra. Lo que me resta agradecerte con toda mi alma, es tu fraterno y conmovedor ofrecimiento de ofrecerme tu casa.*

[18]Osvaldo Pugliese era un importante músico, renovador do tango na súa vertente orquestral, de ideoloxía comunista.

[19]Basilio Álvarez chega a Buenos Aires en xullo de 1925.

[20]Xosé M. Núñez Seixas afirma, na introducción que escribe para a edición facsimilar do xornal *A Fouce* que, ata 1936, existiran unhas 70 sociedades deste carácter.

[21]Estes propósitos nacen baixo a influencia dos movementos agrarios.

[22]O movemento agrario protagonizou as loitas sociais en Galicia durante os primeiros anos do século XX. Este movemento espalla as súas ideas ás comunidades galegas de América, buscando apoio entre os galegos de Cuba e da Arxentina.

[23]Dona Dolores Calviño asegura que Xesús non traballaba porque non quería, chegando a deixar un traballo nun importante centro comercial de Buenos Aires porque o obrigaban a usar gorra.

[24]Este novo centro non terá uns grandes obxectivos culturais mais cumprirá un labor moi eficaz de asistencia e mutualidade, socorrendo as necesidades dos galegos.

Gallega, o Orfeón Gallego Primitivo, e a Asociación Coral Gallega[25] . Os principais dirixentes desta primeira Casa de Galicia, entre os que estaban Rodolfo Prada, participaban, nun primeiro momento, dos ideais do rexionalismo[26] . En 1921 nace a Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales de la República Argentina, de ideoloxía agrarista e de esquerdas, que tería como voceiro oficial a publicación *El Despertar Gallego*[27] , publicación que desaparece en 1930, sucedéndoa *Galicia* e *Acción Gallega*, órganos da Federación de Sociedades Agrarias y Culturales e da Federación de Sociedades Gallegas de Buenos Aires, respectivamente, nas que colaborou Calviño de Castro. Nestas sociedades fóronse manifestando internamente posturas ideolóxicas enfrontadas politicamente e tamén na defensa da personalidade galega que, en ocasións, chegaron a provocar unha separación de parte dos seus integrantes. Coa guerra civil de 1936, únense todas as correntes ideolóxicas para traballar conxuntamente na loita contra as forzas opresivas, recoñecendo a República Federal para España e unha ampla autonomía para Galicia. A posguerra, coa chegada de Castelao en 1941, deu máis forza e sentido galeguista a estas ideas. Calviño, de talante esquerdista, ligado á Federación de Sociedades Galegas, sempre do lado da causa republicana, fortemente crítico con Franco e cos países que o axudaron[28] , estivo baixo a estela ideolóxica dun galeguismo moi comprometido.

[25]Dos galegos na Arxentina de anteguerra, fala Bieito Cupeiro Vázquez na obra xa citada, pp.7-37.

[26]A publicación oficial da Casa de Galicia era *Acción Gallega*, publicación que aparece entre xuño de 1919 e decembro de 1925, dirixida inicialmente por Antonio R. de la Fraga, Manuel del Río Cándamo e Rodolfo Prada. Nela publicou tamén Calviño.

[27]Esta sociedade era o resultado da unión de varias sociedades comarcais, e a súa ideoloxía era agrarista e de esquerdas.

[28]No poema «Palabras a Don Indalecio. En el tercer año del fatídico martirio», publicado en *Galicia* (F.S.G.), o 7 de xaneiro de 1939, Calviño, saúda a Indalecio Prieto, na súa chegada a Buenos Aires, e ataca duramente ás chamadas «democracias» (Francia, Inglaterra, Estados Unidos) que consentiron o «fatídico martirio» da guerra civil, manténdose á marxe nunha «farsa de non intervención». O poema resume con exactitude a situación política do momento, a guerra civil coa participación alemana e italiana en favor dos sublevados e a chegada das brigadas internacionais en favor da República: *Hermano camarada:/Según las democracias,/en España no ocurre casi nada./Sólo frases reacias/que se ha dado en pensar en que ha llegado/intromisión de gente bullanguera/que se ha dado en pensar en que ha llegado/la invasión extranjera,/y también, según ellas, el villano/ de casta depravada y corrompida/no vendió el suelo hispano/a un deslenguado loco/y a un botarate insano.//Según ellas, tampoco/hay datos, de que un pueblo soberano/desde casi tres años/se*



Póliza de 2 pesetas

Don Ramón García Feira, Cura encargado de Abegondo, Ayuntamiento de Abegondo y Diócesis de Santiago de Compostela

Libro 4º
Folio 166
Núm. 3 —

NOTAS MARGINALES

Ninguna

CERTIFICO:

Que Jesús Gabriel Rafael Calviño de Castro, nacido en esta parroquia el día veintinueve de Enero del año mil ochocientos noventa y tres fué bautizado en esta parroquia el día treinta del mismo mes y año

Es hijo legítimo de Don Pedro Calviño, natural de Santiago de Abegondo y de Doña María de Castro que lo es de la ciudad de La Habana

Nieto paterno de D. Manuel Calviño y de Doña María Sanjurjo naturales de Grandes y San Miguel de Figueroa

materno de D. Ambrosio de Castro y de Doña Benita Paseiro naturales de El Ferrol y La Coruña

Fueron padrinos Don Roque Calviño y Doña (no consta que haya tenido madrina)

Ministro Rvdo. Sr. D. Benito Sampedro

En Abegondo, a diecinueve de Julio de 1972

y lo firmo a los efectos oportunos

Ramón García Feira

PARROQUIAL DE SANTA EULALIA DE ABEGONDO

PORTO. S. A.-Santiago, Coruña y Vigo

Certificado de Bautismo de Xesús Calviño de Castro

CONTEXTO LITERARIO

A actividade literaria de Calviño de Castro desenvólvese na emigración en Buenos Aires, comezando moi pouco tempo despois de chegar alí. O autor fai, desde os primeiros momentos, poemas en lingua galega, pero os dous libros de poemas que publica están escritos enteiramente en castelán. O feito de escribir desde o comezo poemas en galego, demostra que o autor era consciente de pertencer a unha Terra cunha lingua propia, mais, o cultivo da lingua castelá pon de manifesto que Calviño manexaba ben esa lingua, coa que lle parecía que era máis fácil consagrarse como poeta. A conciencia de pertencer a unha cultura singular cunha lingua propia, vai facéndose cada vez máis forte ata chegar a escribir unha obra de teatro en galego.

Nos anos vinte e trinta, nos que Calviño escribía os seus poemas, en Galicia había un renacemento literario que se manifestaba brillantemente na prosa nos homes da xeración Nós, tamén no teatro coas Irmandades da Fala, e na poesía con Ramón Cabanillas e cos movementos renovadores como o Neotrobadorismo, o Hilozoísmo e o Vangardismo.

Calviño, que se manifestou sempre como un inconformista comprometido, é autor en galego e en castelán de moitos poemas intimistas, pero tamén de outros poemas cheos de compromiso político-social e de crítica, compromiso que considerará primordial coa guerra civil. Poeta en galego desde os comezos, escribiu moitos poemas nesta lingua que nunca foron recollidos en libro. En contacto co grupo da diáspora, escribirá a súa única obra teatral en galego e moitos poemas, centrándose unha vez máis nas reivindicacións propias da Terra Galega.

Xesús Calviño de Castro, por ser un autor nado contra 1900, podería estar entre os designados por Carvalho Calero como «novecentistas»,

desangre, en brutal guerra,/defendiendo el patrimonio de su tierra/de desalmados sádicos extraños.//Para ellas, la «comunista» España,/inventa lo de las hordas asesinas/que la invaden... «Es patraña/ e infundadas pamplinas»/con que la ibera gente/pretende sorprender, por puro gusto/el desenfado augusto/de los premiers burlados de Occidente...//¡Miserables gusanos!...¿no son ciertos/los números macabros que elocuentes,/acusan que tan sólo en inocentes/pasa en España de un millón de muertos?//¿No es verdad que la «sabia» no ingerencia/ocultó la desnuda/ verdad, de la no ayuda/a un pueblo, que por irónica evidencia/lucha con sus desgracias/ y, en medio del camino,/defiende su destino/y el de vuestras miserables democracias?//¡Embaucadores subidos a la cumbre/que hareis con vuestra torpe mansedumbre,/ una hoguera de Europa!/Pordioseros/claudicantes del cielo y del honor/que por miedo cedisteis vuestros fueros.../¡¡¡Qué miseria, Señor!!!.

mais non empezou como eles a publicar as súas obras en Galicia. É un caso particular de autor que, por razóns ideolóxicas ten que emigrar, desenvolvendo a súa actividade literaria no exterior, actividade que vai desde a creación de moitos poemas en galego, e múltiples poemas en castelán, ata a composición dunha obra dramática en galego, manifestando sempre o seu patriotismo e amor á Terra.

OBRA LITERARIA

Calviño de Castro, cunha enorme facilidade para a creación literaria, cultivou todos os xéneros agás a novela. A poesía foi o que máis e mellor cultivou, chegando a publicar dous libros de poemas en castelán, e numerosos poemas en galego e en castelán, inéditos ou dispersos en varias publicacións. Dentro do xénero dramático, escribe a obra ata hoxe inédita, titulada *Forza Segreda*, dividida en dous lances e vintedúas escenas.

OBRA POÉTICA EN CASTELÁN

Os dous libros de poemas en castelán son, *Hojas Dispersas*, que aparece en 1943 dedicado á súa muller, e *Bordón Peregrino*, libro patrocinado pola Agrupación de Artistas Gallegos de Buenos Aires e publicado en 1947, con ilustracións de Pablo E. Fabisch. Un proxecto non realizado foi a publicación dun libro que tería o título de *Tristeza Otoñal*[29] . En xullo de 1936 solicita axuda a súa irmá Amalia para publicar un libro de poemas da súa autoría, musicados por mestres importantes de Buenos Aires; este libro sería bilingüe, con poemas en galego e poemas en castelán. Non chegou a publicalo ou polo menos nós descoñecemos a súa existencia. Calviño manifesta ser un amante da relación entre artes diferentes, como neste caso entre a poesía e a música, e como tal, formaba parte, como socio activo, da Sociedad Argentina de Autores y Compositores de Música.

O primeiro libro foi publicado gracias á nai do seu amigo, o médico-pintor Mallo López, quen conservara os poemas que, en diferentes momentos, o autor publicara ou compuxera improvisadamente e que non se

[29]No *Correo de Galicia*, o 30 de maio de 1926, publícase o poema «Hermano poeta... ¡hermano!», precedido dunhas palabras que o anuncian como formando parte dun libro próximo a publicarse, co título de *Tristeza Otoñal.*

preocupara de gardar[30]. No remate do primeiro libro maniféstase tal e como é, cultivador dunha arte poética que non se escraviza a nada nin a ninguén, incluíndo nisto, á mesma preceptiva: *Por ser así como siempre he sido y sigo siendo, bien reconozco que he vivido mi Vida como pude; pero mi vida jamás ha sido esclavizada a nada ni a nadie... ni a lo que a la preceptiva se refiere.* O libro *Follas Dispersas* está estructurado en catro partes. A primeira parte, sen título, consta de 23 poemas[31] con múltiples liñas temáticas como o amor, a metapoesía e as tentativas de ser un gran poeta, a poesía autobiográfica, e a poesía intimista centrada na soedade do «eu», na saudade da terra[32], no transcorrer monótono do tempo e na morte. A segunda parte, titulada «Simbolismos», consta de tres poemas[33] centrados no demo, no mundo e na carne; o autor utiliza e reinterpreta en varios poemas símbolos e personaxes relixiosos e bíblicos[34]. A terceira parte, titulada»Intermedio», está formada por 13 poemas[35] con liñas temáticas diferentes como o amor, a morte presentida e

[30]O autor fala no poema titulado «Hojas dispersas», do propio libro, feito realidade gracias a Dona Consuelo: *Mis versos!¡Mis versos, reunidos/después de encontrarse dispersos!.../Los recién nacidos,/se dan hoy las manos/en este refugio familiar de un tomo,/con otros hermanos/logrados, entre ansias, en los tiempos idos,/recordando, como/jamás a sus lares, otro hijo volvió.../¡Mis versos,/nuevos o dispersos,/han tenido más suerte que yo!*. *Hojas Dispersas*, C. Vergara, Editor, Buenos Aires, 1943, p. 41.

[31]Os poemas son, os titulados «Envío Íntimo», «Pronaos», «Sinceridad», «Remordimiento», «Canción del Hermano Ausente», «Reminiscencia», «Noctivaguismo», «Nocturno Pagano», «Natura», «Trazo», «Último ruego», «Realidad», «Contraste», «Evidencia», «Relato de Año Nuevo», «Morriña», «Hojas Dispersas», «Antítesis», «Jardín Botánico», «Y el ruiseñor, Decía», «Romance Subjetivista», «A las Once», «Nostálgica».

[32]Andrés Beade Dopico, falando de Calviño de Castro, cita unhas palabras do xornalista Fernández del Valle nas que afirma que nunca puido afacerse a vivir lonxe de Galicia: *Fue como tantos emigrantes víctima de su autodestierro, alejado de su Abegondo natal, nunca pudo aclimatarse del todo a un panorama que le resultaba ajeno y sentía el llamado telúrico de su etnia y la saudade que se siente fuera de la patria.* Beade Dopico, A., «Poetas de la emigración. Jesús Calviño de Castro», en *Anuario Brigantino*, Betanzos, 1984, pp.113-116.

[33]Os poemas son, os titulados: «El Demonio», «El Mundo», «La Carne».

[34]No poema «Antítesis» aparece *Cam, «las tres bíblicas razas esparcidas por el planeta Tierra, Jerusalén, Jafet, Sem...»* Deducimos que o autor ten unha considerábel cultura bíblica, pola numerosas referencias que aparecen en moitos poemas.

[35]Os poemas son os titulados: «Cuando al Mundo Otra Vez», «Eres como una Flor», «Entre Sueños», «Misiva»,»Vano anhelo», «Ofrenda», «Yo no sé qué daría», «Sueño Trunco», «Añoranza», «Cuento de Primavera», «Policromía», «Semblanza».

Xesús Calviño de Castro con seus pais e súa irmá Amalia.

os poemas de nenos ou para nenos, que o autor tan maxistralmente escribe («Sueño trunco», «Cuento de primavera»[36]); esta terceira parte acaba cunha composición estructurada en catro partes, tituladas «Semblanza», «Ayer», «Hoy» e «Mañana», onde fai unha descrición inspirada na concertista de guitarra, Consuelo Mallo López. A cuarta parte, titulada «Jardín Cercado», consta de tres poemas nos que o autor critica os horrores da guerra civil: «Elegía» pola morte de Federico García Lorca, «Dolor de España», e «En la muerte de Antonio Machado». Pechan o

[36]Este poema foi musicado polo compositor arxentino Juan Carlos Barbará.

libro as palabras que o autor dirixe ao lector, a modo de épilogo, co título de «Amable lector», onde xustifica a súa preceptiva poética, radicalmente libre como el.

O segundo libro, *Bordón Peregrino*, está estructurado en seis partes. A primeira parte consta de catro poemas[37], o primeiro deles é o que dá título ao libro, «Bordón Peregrino»; interesantes son os poemas «Rumor de los pinos» e «Evocación» con influencias pondalianas misturadas con mitos e lendas maias recollidas do libro de Antonio Mediz Bolio, *La Tierra del Faisán y del venado*[38]. A segunda parte, titulada «Sonetos

[37]Os poemas son os titulados: «Bordón Peregrino», «Desde que la sombra», «Rumor de los pinos», «Evocación».

[38]Antonio Mediz Bolio, escritor mexicano, cunha obra copiosa, estudioso da lingua maia, publicou en 1922 *La Tierra del Faisán y del Venado*, obra constantemente aludida por Calviño de Castro, quen se manifestaba un fervente admirador do autor. En novembro de 1922, na publicación *Acción Gallega* da Casa de Galicia, Calviño publica un poema dedicado «*Al autor de La Tierra del Faisán y del Venado*» , é unha primeira versión do poema que figura no libro *Bordón Peregrino*, co título de «Evocación». Transcribimos o poema publicado en *Acción Gallega* baixo o título de «Ofrenda»; vai precedido dunhas palabras en lingua maia e castelá, coas que Mediz Bolio, abría o seu libro: *Leti é lá, ú lúumil cutz, ú luumil ceh, Mayab ú kabá/Esta es la tierra del faisán y del venado, y el Mayab es su nombre.* A continuación figura a dedicatoria *Al autor de La Tierra del Faisán y del Venado.* Seguidamente, o poema: *Mayab, de mirar dulce y triste,/yo te he visto y me has visto/y hasta un vivir contigo he compartido;/no sé dónde me viste/ni sé dónde te he visto,/sólo sé que nos habemos conocido/y hasta hemos sido hermanos,/que maravillas fuimos contemplando.../No importa saber cuándo;/porque es cosa de humanas necedades/ el pretender saber de los arcanos.../Lo saben las edades/de aquella Edad, que absorta,/contempló la Verdad de las verdades.../y ésto es lo que a nosotros nos importa.//Yo sé de las quimeras que tus ojos, pacíficos,/descubren en los extraños jeroglíficos/de las estrellas volanderas;/de las tan raras cosas que tú escrutas/en la verde agua muerta de las grutas,/y de lo que lees en las huellas/que dejan las pezuñas del sagrado/e indefenso venado;/yo sé de las querellas/del tan único milagro de armonías/y tan raro cantar de los cantares/de los pájaros sabios, que a millares/ te brindan, como Rey, sus melodías.// ¿por qué te entiendo, Mayab? Por las dos/ concepciones, nos entendemos/y del Verbo «porqué», también sabemos/que es el hablar de Tí, hablar de Dios.//Tierra de Yucatán,/perla de la garganta/de la tierra.¿En dónde están/Uxmal e Itzmal, la santa,/donde Zamná no canta?/¿Por qué ya su canción/no alegra el corazón?//Libro de las Siete Danzas,/formadas con las romanzas/de príncipes, de guerreros,/de la Virgen que despierta;/de los consejos certeros/contra amor, engaño-alerta/de la danza del Huay-tul,/y hasta del Buho, danzante,/bajo un cielo semi-azul/en la tarde agonizante.* O autor engade un «Envío», que di así: *Baltzam, un tiempo ha de llegar, y venidera /estirpe que os entienda, para a flote/llevar la vuestra fama a gloria entera,/pues menos no ha de ser quien tiene el dote/de tener un talento, en donde impera/la unción sacramental del Sacerdote.*

Románticos», consta de 17 composicións nas que as tres primeiras son sonetos, dedicados a Flora del Carmen Vázquez, o resto son poemas diferentes nos que destacan aqueles cunha temática neopopular, ao xeito dos cantares de Lorca ou Alberti («Duérmete y sonríe»[39], «Coplas del corazón»[40], «De la Alhambra», «Romance del bien querer»). A terceira parte, titulada «Semblanzas», está formada por 17 poemas[41] dos cales, 13, son esbozos de diferentes personaxes como Castelao, Manuel Roel, Avelino Díaz, Maruja Boga, Antón Zapata García, Manuel Castro López[42], Samuel Mallo López... Os catro poemas restantes van dedicados a distintas persoas e teñen como temática o tempo. A cuarta parte, titulada «Rimas Ingenuas», está composta por tres poemas de ou para nenos, nos que o autor se manifesta un mestre; os poemas son «Lucía», «Margarita» e «Estela». A quinta parte, titulada «Siglo XX», consta de tres poemas «Padre», «Hijo», «Espíritu», nos que, con grande espírito crítico, o autor retoma unha vez máis os símbolos e personaxes relixiosos. Finalmente, a sexta parte, titulada «Gestas Titánicas», está formada por un único poema longo titulado «¡Madrid!» no que ataca de novo os horrores da guerra civil.

Nos poemas en castelán de Calviño de Castro, maniféstanse influencias culturais diversas, que van desde as bíblicas pasando polas constantes referencias á cultura grecolatina, a utilización cultural do Camiño de Santiago na alusión constante a si mesmo como un peregrino, cousa que se manifesta tamén no título do segundo libro, ata as alusións á mitoloxía maia que se misturan con referencias mitolóxicas celtas. Os

Os poemas son, os titulados: «Alba», «Atardecer», «Noche», «Nocturno en plenilunio», «Imprensión», «Maleficio», «Y nada más», «Y fué por éso», «Fantasía utópica», «Entre anhelos», «Heimarmena», «Duérmete y sonríe», «Coplas del corazón», «De la Alhambra», «Santa María del Buen Aire», «Romance del bien querer», «Romance del fin de Otoño»

[39]Canción de berce, musicada por Enrique Suñer.

[40]Composición musicada polo compositor español Luis Catalán.

[41]Os poemas son, os titulados: «Manuel Castro López», «Alfonso R. Castelao», «Antonio Zapata García», «Manuel Agromayor», «Antonio Vela», «Manuel Roel», «Avelino Díaz», «Samuel Mallo López», «Domingo Cubeiro», «Antonio Abelleyra Cabral», «Pablo E. Fabisch», «J. García Guirao», «Maruja Boga», «Evidencia», «Monotonía», «¿Qué importa ya?», «Ahora mismo».

[42]Manuel Castro López, promotor do *Almanaque gallego*, foi director da publicación *El Eco de Galicia*, intensificándose coa súa incorporación, o compromiso con Galicia, considerada política e lingüisticamente diferente, ideas que tamén compartía Calviño, colaborador desa mesma publicación.

autores que toma como modelos son, en castelán, Machado, Lorca e Alfonso Camín, e autores galegos como Rosalía[43] , Curros[44], Cabanillas e Pondal.

OBRA POÉTICA EN GALEGO

Escribe poemas en galego desde os primeiros momentos. O máis antigo poema en galego que coñecemos é o que aparece como autógrafo nunha carta á familia, do 4 de xuño de 1913, no que o poeta manifesta saudade da terra: *Xa estades na Primavera/Tempos que eu gocei algún día,/ Hoxe estoume lonxe de eles/Con que gusto eu os vería.* O sentimento da saudade da Terra é constante tanto na obra en castelán como na escrita en galego, unido co desexo de regresar, desexo que non foi posíbel, quizais por sentirse un fracasado, tema constante tamén.

Na poesía escrita en castelán, o mesmo que na escrita en galego, maniféstase como posuídor de dúas liñas poéticas diferentes: unha liña de poesía intimista na que o centro dos poemas é un «eu» poético que fala moitas veces como un filósofo, do amor, da poesía, da saudade da terra, da vida e da morte, e outra liña de poesía social e comprometida[45] .

O compromiso nace primeiro na poesía en galego, en composicións escritas nos anos vinte, nas que o autor se solidariza con Castelao no sentimento nacionalista: *Pos que estamos alonxados,/aínda sendo axusticeados/por mor da separaceón,/somos fillos de Breogán/con espritu e curazón,/dispostos hoxe, mañán,/¡sempre!, con viril paseón,/ a ergue-la fouce na mau/pra que alumexe no chau/o sol da liberaceón!*[46] . Canta, baixo as influencias de Pondal ou de Cabanillas, a liberación da Terra: *A virxe Alborada, ¿por que non se inicea?/Baruda alborada que cantou Pondal,/trai a pax a feixes, pra nosa Galicia,/prá terra bendita que sofre a inxusticea/da pouta fatal!*[47] . O tema da terra

[43]A influencia rosaliana está presente en poemas como o titulado «A las once», do libro *Hojas Dispersas.*

[44]A influencia de Curros, maniféstase nos poemas de tipo relixioso, nos que expresa as súas dúbidas e protesta contra os fariseos.

[45]Nesta liña de poesía comprometida están os poemas que aparecen nos dous libros publicados, os dous poemas contra Franco, «Donde las dan...» e «Huno Salvatore», publicados en 1937 na revista *Galicia*, e recollidos polo profesor Alonso Montero no libro *Os Poetas Galegos e Franco,* Ed. Akal, Madrid, 1997, pp. 112-113, outros poemas en castelán dispersos, e varios poemas en galego.

[46]«Voz de alento».

[47]«Santo e Seña».

Debuxo da casa de Calviño feito por Samuel Mallo López na súa visita a Abegondo.

asoballada, coa chamada á liberación, repítese en varias composicións: *¡Galicia morre tola! ¿Naide axuda/a ben morre-la Nai, probe abafada?/ ¿Naide socorre á Nai? ¿No hai quen acuda/a prender dunha ves a labarada?*[48] . Tema contaminado de celtismo, coas influencias da materia de Bretaña e de Cabanillas: *¡Galahad, Galahad, forte e valente,/ descínguete dos séculos durmidos/i en maneira de Lux volta a ista Edade./Trai contigo, Galahad, hastra o presente,/o esprito que nos deixe convencidos/de que o novo Sant Grial é a LIBERTADE!*[49] . Segue cultivando esta poesía de reivindicación da terra galega, durante e despois da guerra civil, en poemas como o titulado «Rexurdimento»[50] , con influencias da poesía cívica de Ramón Cabanillas, na incitación á loita: *¡Irmáns!... ¡Irmáns galegos!/ na proisima alborada,/ xuntémonos no*

[48]«Prendede a Labarada».

[49]«Alentos de fe e de espranza».

[50]Publicado por primeira vez o 30 de setembro de 1936, en *Nova Galicia.* Este poema foi publicado tamén o 4 de setembro de 1938, no semanario *Galicia,* portavoz da Federación de Sociedades Galegas de Buenos Aires. Publicouse posteriormente o 25 de xullo de 1942 , en *A Nosa Terra.*

coto/onde o dolmen foi ara/pra aviva-la lumiada incandescente/que fai a deslumante labarada/ que queimará, pra sempre, as inxusticias,/ que hoxe firen de morte a Terra amada.../ ¡Irmáns!... ¡Irmáns galegos!/ ¡Nosa Nai pide axuda!... ¡¡Hai que salvala!!. Poema fortemente comprometido tamén é o titulado «¡Galiza Ceibe!»[51], no que se fala dos mártires que morreron pola terra galega: *I aumenta: Tres soles vin/ caier cun promo homecida.../ ¡Fillos meus!... Aos tres ouzín:/ ¡Galiza Ceibe!!!... E morrín/ hourrorizada da Vida...*[52] Un dos primeiros compromisos que o poeta asume é con Galicia, unindo a súa voz á de outros homes como Castelao, Bóveda ou Suárez Picallo na procura da liberdade para a terra galega. Este compromiso coa redención da terra chega ata a composición, que no ano 1958 lle dedica ao poeta Xervasio Paz Lestón. Outro compromiso inicial é a crítica á guerra, que ten moito que ver coa biografía do autor, quen deixa a terra por negarse a facer o servicio militar e pola posibilidade de ter que participar nalgún conflicto bélico. A crítica á guerra vai unida cun sentimento de solidariedade coas nais que teñen que soportar a morte dos fillos por causa dela: *Tería que soceder.../pro o caso foi que o quirido/filliño voltou ferido/á terriña pra morrer*[53]. Coa guerra civil, o poeta asume o compromiso da defensa da causa republicana e da democracia, criticando aos sublevados desde o mesmo inicio do conflicto. A crítica ao goberno franquista e ás democracias que o apoiaron, será constante: *Entre banquete e banquete,/os Johns Bulls e os Tíos Sams/marchan hoxe de ganchete/co papai dos lobicáns*[54].

Mentres que, en Galicia, o inicio da guerra civil o 18 de xullo de 1936 supuxo a interrupción e a ocultación da actividade literaria en galego, na emigración, e concretamente en Buenos Aires, a lingua galega ten unha presencia real en composicións de todos os xéneros e de diferentes liñas temáticas, desde a máis saudosa e intimista ata a máis comprometida. Xesús Calviño de Castro, ao lado de Zapata García, Avelino Díaz, Ramón Rey Baltar, Emilio Pita, Luís Seoane e tantos outros, decántase como un poeta comprometido coa democracia e coa liberdade, que desde os primeiros momentos do conflicto critica duramente aos sublevados,

[51]Publicado en agosto-setembro de 1945, en *A Nosa Terra*.
[52]Poema titulado, «¡Galiza Ceibe!».
[53]«¡Probe Nai!**...**», poema dedicado ao amigo Mingos Rial Seixo.
[54]«Raposada Ferroenta».

denominándoos, igual que Antón Zapata García, como «Lobicáns» e «Cristialobos».

Entre os poemas críticos e os poemas intimistas, están os poemas dedicados a diferentes personaxes, que se moven entre os dous tipos de poesía, predominando un ou outro tipo, segundo os casos. Son os dedicados a Suárez Picallo, Alexandre Bóveda, Xervasio Paz Lestón, Laxeiro, Manuel Roel, Alfredo Aróstegui, Domingo Maza, María Romaní de Boga e Ánxeles Otein.

Dentro da poesía intimista, aparece a figura da nai como personaxe central, xunto cun certo remordemento do autor polo seu comportamento con ela, que se manifesta no poema que lle dedica a Consuelo López de Mallo, a quen considera como unha segunda nai: *Levo na ialma unha pena/tan mala de solevar/como a disa Madalena/que me enseñou a cantar.../¡Levo na ialma unha pena/fonda, como o fondo mar!*[55]. Constantemente está presente na obra de Calviño un «eu» poético que se manifesta como un peregrino, aludido no título do seu segundo libro de poemas en castelán, posuídor do «mal de soñar», en procura dunha certa grandeza que nunca encontrará, producíndolle este desencontro un sentimento de fracaso e a triste convicción do transcorrer rápido do tempo cara á morte. Reflexións filosóficas sobre a vida e a morte, que aparecen nun entorno urbano e durante a noite, parte do día amada polo autor:*¡Antonte á noite estaban as rúas tan desertas!/Vinme tan soio en médeo desta cibdá durmida/que ó vagar, adoudado quedei ao ver abertas/cen misteriosas portas que un espeutro soicida/loitaba inutilmente por traspoer!./Incertas/falanzas prenunciadas en fala embarullada/deixáronme preprexo, namentras que prendida/nun soave vao de bris, polo ambente avalada,/con írtica enerxía i un tanto asemellada/aos fels sones dun sino que ao dimpois, hoxe, avanta,/oubín, entre un soído de vibro singular,/eisí coma quen prega, máis ben coma quen canta:/«Son houra que hoxe pasa pra endexamais voltar»./Fun un probe lunático isa noite embruxada,/pois me faltou moi pouco, moi pouco, cuasi nada/pra encher a miña cunca de fel co pesimismo/saído do curruncho máis fondo de min mismo/pola incurábel falla do meu mal de soñar./Miña aflebada mente se dou en cabilar/hasta hacha-lo pasado, o pasado dun día,/dun ano e doutro ano; dese onte que morría/*

[55]«Levo na ialma».

levando coil, anacos de sentires prefundos,/sentires que a incansábel e inxente fantasía/aproveita pra dárlle-la forma doutros mundos[56]. O tema do paso do tempo repítese en varios poemas, sendo comparado aquí, o paso dun ano, coa volta enteira que dá a roda do muíño: *Outra nova volta enteira/dou o rudiceo do muíño/que alcontramos no camiño/ da nosa ilusión pirmeira*[57].

Tanto na poesía en castelán como na escrita en galego, as estrofas e tipos de versos son moi variados, desde o romance ata o soneto, con versos de arte menor ata versos longos como o alexandrino. O galego que utiliza vai cambiando co paso do tempo cara unha lingua cada vez máis coidada aínda que con vacilacións e coa presencia de hipergaleguismos e vulgarismos.

INTERRELACIÓN DAS ARTES

Calviño estivo ligado á prensa e á radio, colaborando en diferentes publicacións con poemas e ensaios e dirixindo a audición radial da Federación de Sociedades Gallegas. Moitos dos seus poemas foron musicados, sendo autor dunha opereta titulada *Terra Meiga* para a cal o mestre Ernesto Suñer compuxo a música[58]. Sen dúbida o autor sentíase cómodo manexando e interrelacionando as diferentes artes como a música, novas tecnoloxías e a literatura, o que se pode observar nas súas composicións poéticas e na peza teatral, coa utilización de gravacións e voces discadas. Esta relación coas novas tecnoloxías, concretamente co cine, maniféstase na súa obra narrativa, chegando a escribir un guión titulado *Volatineros* que foi premiado polos Estudios Cinematográficos Pampa Films[59].

OBRA ENSAÍSTICA

Calviño cultivou o ensaio en galego e en castelán. As súas obras ensaísticas responden fundamentalmente a dous tipos: o ensaio de tipo

[56]«Enbruxamento».
[57]«Desacougo (Ano Novo)».
[58]Esta opereta é mencionada primeiramente por Alberto Vilanova en *Los Gallegos en la Argentina*, recollida por Fernández del Riego, nunha breve reseña que fai de Calviño de Castro, no *Diccionario de Escritores en Lingua Galega*, Ed. do Castro, Sada (A Coruña), 1992, e retomada por Xesús Torres noutra breve reseña do autor no suplemento cultural *A Xanela*, agosto, 1994.
[59]Esta información é dada por Alberto Vilanova Rodríguez en *Los gallegos en la Argentina*, ediciones Galicia, t. 2, p.1363.



ACTA DE MATRIMONIO

En la Iglesia Parroquial de

Ntra. Sra. de Montserrat

a 14 días del mes de Julio del año 1953

se consagró la unión matrimonial de

Don Jesús Calviño de Castro

hijo de

con

Doña Ercilla Quiroga

hija de Eleodoro Quiroga

Andrea Salinas

Fueron testigos del acto (padrinos)

Don

y Doña

Registrada en el Libro 1953 folio

EL CURA PÁRROCO

Acta de matrimonio de Xesús Calviño de Castro e Ercilia Quiroga.

histórico-político, e o ensaio de crítica literaria. No ensaio histórico-político, o autor maniféstase como un expectador da realidade socio-política universal e de España en particular, facendo unha análise e unha crítica das circunstancias adversas, da guerra, da actitude das nacións democráticas, e da política exterior dos Estados Unidos.

Dentro dos ensaios de tipo histórico-político, está o titulado «Hora dubitativa»[60], escrito en castelán, que trata do inseguro porvir que lle espera á humanidade, culpando a esta mesma por marchar á deriva, e sobre todo, aos dirixentes políticos. Na parte final, o autor, nunha forma moi literaria, expresa o desexo de que o Ano Novo chegue cun cambio positivo: *Que la impoluta y tierna pureza del Año Nuevo que se avecina, llegue con la virtud de regular el sístole diástole de todos los corazones, y la radiante alborada de su primer día, ilumine los derroteros que ha de seguir la inalterable paz, para que, de una vez por todas, se convierta en realidad la dicha que todo humano ser anhela desde que llega al mundo.* «Alboroto en Wall Street»[61] é un ensaio no que analiza a posición de J. Robert Oppenheimer[62], cando é acusado de divulgar secretos nucleares á Unión Soviética. Oppenheimer aparece como un un home de ben: *La posición que el doctor Oppenheimer ha tomado, es la que acostrumbran a tomar los hombres de bien, amantes de la libertad.*

O autor cultivou tamén a crítica literaria en ensaios dados a coñecer en diferentes publicacións nas que era colaborador habitual. *Pingas de Orballo*, título do libro do poeta galego Rogelio Rodríguez Díaz, encabeza o comentario que Calviño fai do mesmo e do seu autor, no xornal *Acción Gallega*[63]. Unha crítica do libro de contos *De la Tierra Meiga*, de Santiago Gómez Tato, aparece en *El Eco de Galicia*[64].

Rosalía é vista como «o sensitivo reiseñor sentimental que encarnara o racial esprito dun pobo asoballado... Nin Pondal, nin Curros, nin

[60]Publicado en *Galicia* (F.S.G.), o 30 de decembro de 1950.
[61]Este traballo publicouse en *Galicia* (F.S.G.), o 30 de xuño de 1954.
[62]O doutor Oppenheimer dirixira a fabricación da primeira bomba atómica, negándose posteriormente a que se fabricase a bomba de hidróxeno. MacCarthy acusouno de comunista, sendo suspendido das súas funcións.
[63]Publicación Oficial de Casa Galicia, nº 15, Buenos Aires, 31-10-1921.
[64]Semanario fundado en 1892 por X. M. Cao Luaces, e máis tarde dirixido polo tamén federalista Manuel Castro López. Esta publicación recolle o ideario rexionalista, en comunicación con Murguía e os rexionalistas de Galicia, comezando a publicar traballos en galego.

Murguía, con máis básica e amplia cultura que Rosalía, lograron conmover como ela a ialma de quens esperaban ese anímico e consubstancial mensaxe da Ruliña do Sar contra os opresores da Terra». Neste ensaio, co título de «Rosalía»[65], a autora e Castelao son equiparados no sentimento que experimentan, de mortos en vida, cando están lonxe da Terra.

Calviño, en «Manoel Curros Enríquez»[66], resume a biografía de Curros, definíndoo como «símbolo de coraxe e un dos paladíns máis firmes que o pobo galego tivo como incorrupto defensor dos seus aldraxados direitos». Chega a identificarse con Curros na crítica aos que el denomina como «chuchadores do sangue do pobo galego», a nobreza, o clero e o militarismo: *Cinguindo ao seu talento xenial un tempero de home íntegro que sinte fondamente as inquedanzas dun pobo inerme, escravizado e a mercede dos venales caprichos da corrompida, funesta e secular ralea que constitúe a cancerosa podredume da nobreza, do clero e o militarismo, o noso insiñe bardo sinte un racial e anímico desacougo dende a súa tenra adolescenza, e dende esa data comenza a combatir as inxusticias coa estocada a fondo do seu «cálamo currente» co ímpetu bravío dun deus xupiteriano.* Curros é considerado como un profeta polo verso, *Taboeiro de yanquee mercancía ou pesebre de bestas xaponesas*, totalmente vixente para o autor.

Calviño é un dos críticos que se ocupou da obra de Alfonso Camín, poeta comprometido, residente en México, autor de poemas de crítica e de combate. O primeiro libro que merece a súa atención é *Romancero de la Guerra*. Nel ve xa o «guerrilleiro infatigábel no seu patriótico traballo de denuncia». Esta mesma actitude aparece no libro *Últimos Cantos de la Guerra*, composto de poemas combativos, «ásperos, cortantes, demoledores», e tamén de poemas que, en palabras de Calviño, «son un verdadero dechado de honda ternura»[67]. *Los Buitres* é outro dos libros de Camín comentado polo autor[68], ofrecendo a súa estructura e situándoo como «satírico contundente e mordaz». A guerra civil provocou que

[65]En *Galicia* (F.S.G.), 28 de febreiro de 1954.
[66]No xornal *Galicia* (F.S.G.), no apartado «Biografías Inmorrentes», o 15 de setembro de 1954, publícase o ensaio en galego «Manoel Curros Enríquez».
[67]Este ensaio vai introducido polo título do libro de Camín *Últimos Cantos de la Guerra*, en *Galicia* (F.S.G.), 21 de maio de 1954.
[68]En *Galicia* (F.S.G.), 15 de decembro de 1954.

Calviño fixese unha poesía case exclusivamente de compromiso coa realidade presente, situándose na mesma liña de Alfonso Camín, a quen considera un mestre: *No cabe duda de que los versos de combate de Camín, son ásperos, cortantes, demoledores, como corresponde a un vate de lucha intensiva, en este caso, a un hijo de España, que viendo a su madre en serio peligro, no mide ninguna clase de sacrificio para salvarla. En este mismo libro, hay poemas que son un verdadero dechado de honda ternura, pero son los menos. Y es de todo punto de vista razonable que sea así, por cuanto, los españoles que batallamos con todos los medios de que disponemos para que en nuestra tierra no siga pasando lo que en estos trágicos momentos pasa, tenemos el ineludible deber de no cesar en la brega, hasta su total liberación.*

AS CARTAS: ENTRE A VIDA E A LITERATURA

Consérvase un número considerábel de cartas escritas por Xesús Calviño de Castro. Por elas podemos coñecer aspectos importantes da súa vida e da súa obra, sendo, ao mesmo tempo, un interesantísimo exercicio de literatura porque moitas veces, van máis alá da biografía, constituíndo excelentes fragmentos literarios. Polas cartas comprendemos a superioridade do home que as escribiu, porque están cheas de delicadeza e de pensamento. Son as cartas escritas ao pai, á nai, á irmá, textos autobiográficos interesantísimos para a comprensión do home, e nos que manifesta pensamentos varios e unha evolución da súa cultura que cada vez se fai máis extensa.

Noticias da súa chegada, contratempos da viaxe, expresión incorrecta e con influencias da lingua galega oral: *Mis queridos padres: La presente tiene el objeto de manifestarles que he llegado a ésta sin novedad, después de 17 días de mar, que para mi fueron nueve años, pues no contaba de llegar a esta tierra. El víspera de llegar a Montivideo nos agarró un ciclón, que muchos ganaron miedo como cualquiera, y eso que fueran ya embarcados y no vieron cosa igual. El barco se metió por tres veces debajo del agua, y una vez estubo por dos minutos, que nadie contaba de ver mas tierra*[69] .

A súa obstinación na ignorancia, ¿de quen foi a culpa?: *Acerca de mi vida, sigo como siempre, quizás obcecándome más a cada paso en*

[69]Carta enviada a D. Pedro Calviño e familia o 23 de outubro de 1911. A evolución da expresión formal e de contido de Calviño cara un estilo cuidado e culto é inmediata.



Don Pedro Calviño e Dona María de Castro, pais de Xesús Calviño de Castro.

insípida ignorancia pero la culpa no fué mía, algún día, y hoy no tiene remedio por ser tarde[70] .

Cando se dirixe a súa nai, fai alusións a algo que só saben eles e que ten relación coa súa viaxe sen regreso: *Claro está que a su lado, teniendo la experiencia que tengo, sería para usted algo así como una bendición nueva, que llevara a su ánimo a un estado de sobrenatural dicha, y su existencia a una derrota total del ansia que la embarga de posar sus santos labios en los míos, como en aquellos días, lejanos por cierto, que modulé inconscientemente su dulce nombre de Madre. Apartémonos de ésto; porque ya se prolonga en demasía como para no hacerle un daño que, como hijo quiero evitar a toda costa; me entiende?... Mi vida es y fué siempre sin importancia, por consiguiente, a que mencionar lo que carece de impotancia?. Bástele, madre mía, saber que hasta la fecha, felizmente, mi frente Bergantiñana*[71] *va siempre erguida como desafío a quien tiene por alma el Dios de la maldad, y que, como desde que nací me ha sucedido, soy débil, pero no tanto que deje de saber el lugar que ocupo, sin por eso ser tan listo que sobresalga en nada particular*[72] .

Os seus desexos de superación, de chegar a ser alguén importante como unha demostración para seus pais: *En fin, dentro de muy poco, pienso dejar sentado el precedente de lo que soy como hijo, como hermano y como hombre*[73] .

Anunciando a visita dun amigo del, Ignacio Louriño, a seus pais, esperando que o entendan a través del: *Al mismo tiempo, les pondrá en antecedentes respecto a mi, ya que es uno de los pocos que lograron conocerme a fondo*[74] .

Calviño nunca esquecerá a terra galega, este amor á terra manifféstao nas súas cartas cunha grande forza entre narrativa e lírica á que se xunta unha idea de si mesmo como descendente dos druídas: *Queridos e inolvidables padres y hermana: ¡Allá, llenos de esperanzas, van mis saludos henchidos de cariño, llevando como un sello inconfundible las heridas incurables del recuerdo!. Tierra lejana!!!... La incomprensibilidad de la vida, la fascinación y el destino, causa común de todos los*

[70]Carta a súa nai, do 16 de agosto de 1914.
[71]Incorrecta utilización deste adxectivo toponímico. Influencia de Pondal.
[72]Carta a súa nai, do 27 de setembro de 1922.
[73]Carta a súa nai, do 27 de setembro de 1922.
[74]Carta ao pai, do 13 de abril de 1924.

deslices y desconciertos, formaron en mi también una forja para que sirviera de eslabón, aumentando una más a su inconfundible como impalpable cadena, y hoy atado así, tengo que forjarme el pincel de la naturaleza, pintando tus valles y paisajes, tus ríos y tus fuentes, tus campiñas, su suelo y tu cielo!!. Nada envidio: quizá un algo de la casta druida se deslice por mi sangre, evitándome ese pecado capital; pero el deseo, ese nace con el ser humano lo mismo que el egoismo; por eso, yo desearía glosar entre mis manos un pedazo de la tierra que me dió el segundo hálito de vida. ¡Quién sabe si algún día, quizá cuando la blanca nieve cubra mi cabeza, exclamaré ante tu vista: Tierra Madre!!![75] .

A profunda dor pola morte da nai, e a expresión lírica do sentimento: *Por mi parte, después de sentir el dolor tuyo, que es el dolor de ambos, siento a la vez que en mi interior se desmorona pesadamente una esperanza que acaricié siempre como tesoro invalorable, la esperanza de envolverme en la inefable felicidad del instante en que el amor maternal se funde en arrullos de paloma, a quienes la contenida ansiedad multiplicarían a la llegada del pichón querido... Y la perdí!!!*[76] .

O amor pola irmá querida: *Y a pesar de que, como digo, los cuatro envidiosos sentidos se valen de la mente para agolpar en ella recuerdos y más recuerdos, mezclando con ellos ilusiones que se extinguieron apenas la más insignificante realidad las puso a prueba; reviviendo esperanzas que la lógica evolución del tiempo fué dejando atrás, o valiéndose de la duda que invariablemente se entromete cuando uno se encuentra en vías de descubrir el misterio de su propio destino. Pero lo que nunca nada ni nadie ha podido atenuar, es la invariable sonrisa que se acerca a los labios cuando me llegan noticias de que te encuentras con salud, porque ello sirve para dar nuevas alas al profundo anhelo de abrazarte cuanto antes*[77] .

Demostración case científica dos seus coñecementos sobre a caída do pelo para tranquilizar á irmá: *Volviendo a lo de la calvicie, debo hacerte saber que, en las personas de mucha vitalidad, en especial las*

[75]Carta con data de 14 de xaneiro de 1918. Seguramente está aludindo aquí ao feito de non poder regresar a Galicia por non ter feito o servicio militar, perigo do que seu pai o avisara.
[76]Carta dirixida a Amalia, datada o 15 de xuño de 1931.
[77]Carta dirixida a Amalia, con data do 4 de outubro de 1945. Pola parte de atrás escribía a esposa de Calviño.

del sexo femenino, es frecuente que de vez en cuando les caiga el cabello. Pero en realidad, no «cae», sino que se rompe, lo que equivale a considerar que el bulbo capilar, o sea la raíz, en tiempo más o menos prudencial, vuelve a germinar. En los hombres, es distinto, porque la costumbre de andar con sombrero, tarde o temprano, trae como irremediable consecuencia, la de quedar «pelado». Yo puedo testimoniarlo, porque hace muchos años que también me caía el pelo. Desde entonces, me acostumbré a andar en cabeza libre, y hoy, felizmente, tengo para regalar, como vulgarmente se dice[78] .

O aprecio polos amigos: *De lo que me haces saber en tu última referente a la visita de Samuel Mallo López, sabía que había estado en Norteamérica y en México, porque me escribió desde este último país. Después, tuve referencias de que se hallaba en Italia y no volví a tener de él ninguna noticia más. Debo agregarte, que Mallo López, es uno de los más esclarecidos dibujantes que tiene este país, como, asimismo, un pintor de alto relieve. Por otra parte, es un médico de gran jerarquía, especializado en enfermedades homeopáticas. Este es el hombre que te ha visitado, y el que, hace alrededor de cuatro años, dejó a un colega su acreditado consultorio, y «se mandó mudar» para recorrer el mundo, deseándole, como viejo amigo, que multiplique sus éxitos artísticos*[79] .

A pésima situación económica na que se encontra o país e el, tratada con ironía: *Por lo que respecta a mi salud, sigue siendo magnífica felizmente, y a no pertenecer a una malhadada Ley, que por ser la 4349, llamada la «magisteril», porque pagan tarde y mal,(aún deben Diciembre), a no ser esa circunstancia, todo hubiese marchado viento en popa. Pero no debemos desconfiar que la Providencia se olvide de acudir tarde o temprano en nuestra propicia ayuda, por cuanto, a no ser así ya sería llegar al colmo de los colmos*[80] .

Os envíos constantes de Amalia: *Quando estaba por finalizar estas líneas, llegó Longueira con tu «MANTA», que no por agradecértela con toda mi alma, deja de acentuar cada vez más el presentimiento de que, por dármelo a mi, te quitas de la boca lo que en forma indudable*

[78]Carta a Amalia, do 2 de setembro de 1946.
[79]Carta a Amalia, con data do 26 de outubro de 1954. Mallo López estivo na casa familiar en Abegondo.
[80]Carta a Amalia do 19 de marzo de 1967.

también tu necesitas. Y a fuer de ser sincero, te confieso que esta idea me aflije y me entristece[81] .

A crítica á situación política da Arxentina, a propósito da demora no correo: *Y este ya crónico y desalentador atraso, es el inequívoco reflejo de un país que, como éste, hace mucho tiempo que viene andando a tumbos a causa de una alarmante sucesión de latrocínicos políticos, los que sin ninguna clase de escrúpulos ni miramientos se empeñan de hacernos tragar ruedas de molino, avecinando más y más consecuencias catastróficas, si por ahí no aparece de la noche a la mañana el providencial fulano que de una buena vez termine por llevar a cabo un radical y ejemplar escarmiento sin detenerse en ninguna clase de miramientos, por cuanto lo que en la tierra de los argentinos viene ocurriendo, produce la irritante e inconcebible impresión de burla para los pacíficos ciudadanos que nada tenemos que ver con estas trasnochadas y antipatrióticas gangsteriadas de estos cochambrosos y funestos políticos que la desventura más despiadada se empeña en que los tengamos de turno permanente. No era suficiente que los jubilados que pertenecemos a la calamitosa ley 4349, no hayamos percibido desde el pasado mes de Diciembre nuestras ya de por sí magras remuneraciones; no bastaba que, a causa del enfermizo y torpe empecinamiento de un Intendente descastado y crudo, en las calles metropolitanas no se hayan levantado las basuras durante un largo mes; había que agregar a todo ésto la huelga de los pacientes servidores del Correo, que nos han tenido casi dos meses sin entregarnos correspondencia, debido a la sórdida torpeza de los «mandamás», que provocan las causas, incapacitados para medir los efectos desastrosos que originan y que, tarde o temprano, es preciso que terminen de una buena vez*[82] .

A propósito da morte da esposa dun curmán, filosofa en modo literario: *Esto demuestra una vez más, que al ser un inocente juguete de nuestro caprichoso Destino, es tan vano como inútil, sobre todo, en este pobre mundo que habitamos en el más apartado rincón de la galaxia Andrómeda, con un arrinconado Sol de octava magnitud, que es el que nos ilumina y, queramos o no, no nos queda otro remedio que conformarnos con él*[83] .

[81]Carta enviada para felicitar as festas do Nadal de 1955-56.
[82]Carta a Amalia do 18 de abril de 1966.
[83]Carta a Amalia do 8 de marzo de 1968.

B. Aires 4 Junio 1913

Sta Amalia Calvino Castro

Mi inolvidable hermana:

Quiera Dios que la presente os halle disfrutando de una completa salud lo mismo á nuestros queridos padres y demás familia.

En esta ocasión tienes que dispensarme la tardanza en escribirte, me pasa lo que á vosotros todos. la persona nos domina y por consiguiente sigo el ejemplo.

Mira si soi descuidada, que recien ayer supe que mamá estubiera en cama bastante tiempo, y escribeu á los extraños y no saben coger una pluma y poner unas letras á un hijo y hermano. No diráo que no es el colmo.

Te envio esta poca cosa para que lo disputeis el dia del Santo de papá, en fin, os arreglais tú y mama para hacerle cualquier obsequio. No lo divulgueis por

que no paga la pena.

He recibido varias noticias por las cuales algunas no fueron para mi nada satisfactorias como por ejemplo que anduba de atorrante y que jamás me acordaré de nadie.

Si lo creeis hermana mia, todavia os diraú más, y tú como hermana conviene que sepas ratitos cosas que impidieron realizar mis compromisos.

Cuando vine tube que comprar cama colchón, estube sin trabajar varios tiempos, y luego estube despues tambien sin trabajar me tuve que vestir y calzar, y aquí no es como en esa, todo lo dan pero si no hay plata, no tienes nada.

Recien ahora me levanto, y con eso, voy á ver si concluyo de todo para no tener el disgusto de ver á alguno de mayor con alguna mala noticia.

Si quieres tener esa bondad, me contestas á vuelta de correo, y nada más por el momento si no que felicitos á papá en mi nombre el dia 29.

Les darás recuerdos á los de costumbre
y á quien por mi pregunte

Darás dos fuertes abrazos
á papá y mamá y tú sabes te quiere
tu hermano que velos desea y os quiere
de todo corazón

Jesús C.

Na estades na Primavera
Tempos que en gocei algun día,
Oxe estoame longe de eles
Conque gusto en os vería.
E por velos en daría
Os aires eses, da terra
Ese fogar esas prantas
E a sente que vive en ela
Darialle a miña Alma
A quen trocalo quixera
Os que estades ainda alá
Na estades na Primavera

J. C. C.

Recíban recuerdos de Eduardo, Bernardo y familia.

Recíbanlos también de los Señores de Cao y sobrinos, le dicen á su madre que están sin novedad.

Lo mismo de Balbina Andrade y hermana, para ustedes y madrina, y lo mismo míos para dicha Señora.

Valen

Dispensa la letra y faltas que hay muchas pero tengo un apuro bárbaro deberas, de trabajo)

Poema inédito en galego, manuscrito na carta enviada a Amalia o 4 de xuño de 1913.

Os seus coñecementos literarios, que o emparellan con Castelao na admiración por Mark Twain: *Al leer este encabezamiento, me estoy anticipando a tu lógica sorpresa y a la fundada creencia de que tu hermano se ha vuelto chiflado y a punto de entrar en una casa de orates. Pero no temas, que hoy por hoy, felizmente, no ocurre nada de eso. Simplemente, intento seguir las huellas del portentoso humorista, Mark Twan, y lo imito en aquello de que el humorismo encierra un gran dolor y, como en el Cielo no existe el dolor, de ningún modo puede ser que en el celeste Edén haya humoristas. Como el talentoso Mark Twan todavía no ha vuelto con tan llamativa respuesta, sigamos esperando para ver lo que pasa. ¿No te parece?*[84] .

Información sobre os seus desexos de publicar un libro con poemas musicados, os apuros económicos que ten para publicar e solicitude de axuda a Amalia: *Esta carta lleva un asunto «serio», y digo serio, porque a no ser así, no me hubiese atrevido ni a nombrártelo siquiera. El asunto, es la recopilación de obras musicadas por diferentes maestros entre los que se cuentan el renombrado compositor, Ernesto Suñer, el que, como comprobarás por el programa que te adjunto, partituró para el Coro Lembranzas da Terra «Prego»; el conocido compositor gallego, Don Juan Romay, que ha compuesto música para armonizar una composición mía en gallego; hay otra composición, igualmente armonizada por el antedicho maestro Suñer, titulada «Feitizo», que dicen que, a la par de «Prego», constituyen la maravilla gallega en la actualidad. El resto, pasodobles, vals, etc. hasta un número de quince, son musicadas por el celebrado compositor argentino, don Eduardo Henríquez. Pues bien, con todas estas obras, tengo compuesto un libro, aparte de otras composiciones de orden literario que lo integran y en las que creo dar el «golpe», como vulgarmente se dice, yo que mi aspiración es convertir, o por lo menos, ver de convertir en «realidad» el «ingenioso talento» que dicen que tengo. Como alguna vez tenía que suceder, para llevar a cabo esta obra, necesito un socio y te busqué a tí, como la persona más indicada, ya que con estas manifestaciones no dudo te proporcione un alegrón. Ahora, con lo que no estoy seguro de dártelo, es con lo que voy a decirte: Esta obra, me cuesta cerca de tres mil argentinos, y no me alcanza el dinero. Preciso poco, pero necesito un poco más a un equivalente de mil pesetas. He pensado en ti, porque,*

[84]Esta carta está enviada a Amalia o 10 de maio de 1970 desde San Pedrito.

en caso de resultar medianamente mal, está asegurado el 50% de utilidad. Esta obra, por otra parte, es única en América y escudada por el nombre que he adquirido a través de mi actuación literaria, tengo confianza en el éxito[85] .

As cartas pertencen a diferentes momentos da vida de Calviño de Castro e manifestan os seus problemas, desexos e posicións ante a vida, mostrándonos unha boa parte da súa biografía. Estas cartas están cheas de vida mais tamén de literatura porque na súa creación hai interese pola obra ben feita, pola beleza e pola disposición da linguaxe.

OBRA TEATRAL: ***FORZA SEGREDA***

Xesús Calviño de Castro dedicouse ao cultivo de diferentes xéneros literarios entre os que se encontran a poesía, o ensaio e o teatro. Conservamos unha pequena obra inédita do autor, titulada *Forza Segreda*, enviada a Amalia Calviño, a súa irmá, no ano 1958. Supoñemos que a obra foi composta por eses mesmos anos. Centraremos o noso estudio fundamentalmente nesta obra que agora publicamos.

1. Argumento e estructura

Forza Segreda é presentada polo autor como unha «comedia social», dividida en dous lances e 22 escenas. Na presentación da obra como «comedia social», o autor trata de definir esta, coas características dunha obra composta para provocar o riso e, ao mesmo tempo, para facer unha crítica a unhas determinadas situacións coas que non está de acordo. A obra comeza cun Limiar ou introducción o cal, segundo as indicacións do autor, tal e como acontece en *Os vellos non deben de namorarse* de Castelao, será dito antes de que o pano se erga. As indicacións do autor avisan de que o texto do Limiar ten que ser «gravado» anteriormente e «discado» antes de que o pano se erga. A gravación e a posta en marcha da mesma é unha actividade ou arte máis que se vai engadir nesta obra e que quizais confirme, xunto con outros medios utilizados, que a obra, na súa pequena medida, está dentro da mesma concepción do Teatro da Arte que Castelao propugnaba e que aplicou na súa única obra dramática.

[85]Carta a Amalia, do 14 de xullo de 1936. Non sabemos o que respondeu Amalia. Descoñecemos se este libro foi publicado; en todo caso, o libro debería ser bilingüe pola división entre cantigas galegas e pasodobres.

É importante este Limiar porque nel o autor define a obra como comprometida, adiantando que nela vai criticar aspectos político-sociais dos tempos que afirma «malvivir». O autor diríxese desde un disco gravado ao oínte, que é tamén espectador, da seguinte maneira: *Amábele ouvinte: a obra que drento dunhos istantes presenciarás, está fidelmente avincallada a unha serie de acontecimentos político-sociaes, relacionados cos tempos que hoxe malvivimos, e os que proseguiremos malvivindo, mentres as leises humáns anden como mal andan, deica o malfadado ponto de pretenderen meternos inxusticia por Xusticia e sinrazón por Razón, mentres quenes tan condenábele e abusiva conduta ouservan, siguen sendo espertellos vampiros chuchadores do sangue dos probes do pobo*. Os que o autor cualifica como «vampiros chuchadores» teñen tres fortes aliados que, segundo el, son «a ignorancia, a inconsciencia e o engano». O autor afirma que el, como calquer escritor, ten a obriga moral de loitar sen sosego tanto contra os vampiros chuchadores como contra os seus aliados. Ao final, parece reducir esta loita a un combate pola igualdade dos homes e contra a explotación duns polos outros: *Non cabe dúbida ningunha de que xa vai sendo tempo de termiñar que un home poida ter direito a vivir do suor doutro home.*

Na parte final do Limiar, diríxese ao oínte-espectador esperando que coincida coas súas ideas. Nunha mistura de ficción e realidade, introdúcese o heroe da obra, o ministro San Xurdio, personaxe central, o cal o autor considera que vai provocar as gargalladas do espectador que asista á obra, feito polo que, tanto o personaxe como el, ficaran honrados, o mesmo que os esforzados comediantes que están alí para ofrecerlle a nobreza da súa arte.

En definitiva, o Limiar é unha presentación de *Forza Segreda* como unha obra comprometida, centrada en acontecementos socio-políticos e tamén na explotación do home polo home.

A continuación seguen dous lances. O primeiro lance, máis extenso, consta de dez escenas, e o segundo lance, máis breve, pero cun número de escenas superior (doce escenas). As escenas van desde as longas, con aclaracións e acotacións pormenorizadas (lance primeiro, escena I), ata as moi breves como a escena II. O autor dramático normalmente presenta os textos divididos en actos e en escenas. Os criterios para separar os actos son temáticos: anúnciase o conflicto, desenvólvese e resólvese. Castelao, en *Os vellos non deben de namorarse,* divide o

texto en tres lances[86]. A palabra *lance* non tiña tradicionalmente un significado puramente teatral, utilízábase, como na lingua corrente, co significado de «acontecemento». No texto de Castelao, a denominación de lances está máis xustificada porque se trata de tres pequenas pezas independentes: tres vellos diferentes que se namoran de tres mozas tamén diferentes. Rafael Dieste dividiu o texto de *A fiestra valdeira* tamén en tres lances, mais aquí non está moi xustificada a denominación de *lance* porque hai un único argumento que se desenvolve a través das diferentes partes, constituíndo unha única «historia» ou acontecemento, tomada esta palabra nun sentido amplo[87]. O texto de Calviño, *Forza Segreda*, constitúe unha única «historia» con varios acontecementos incrustados, que se divide polo desenvolvemento da temática en dúas partes: na primeira parte preséntasenos o dobre conflicto das inxustizas sociais e os ataques bélicos; na segunda parte resólvese o conflicto, co restablecemento da xustiza e o castigo correspondente a aqueles que alteraron a paz. Por isto, sería máis axeitada aquí a denominación de *actos* para dividir o texto. Para a división en escenas, o autor segue o criterio da entrada ou saída de personaxes diferentes aínda que, en dúas ocasións, o criterio seguido para cambiar de escena é o cambio de decorado (Lance 1º, escena III; Lance 2º, escena XII). Curiosamente o autor utiliza constantemente a palabra escena co sentido de cadro ou lugar, así aparece no comezo de varias escenas a expresión *a mesma escea* (Lance 1º, esenas VII, IX, X; Lance 2º, escenas XII, XIII, XV, XVI, XVII, XIX, XXI).

No primeiro lance aparece o exterior e interior do Pazo de Don Uxío, o ministro San Xurdio, benefactor dun grupo de moinantes a quen lles fala do pobo Suevo. Este personaxe, con axentes que o informan da situación da Suevia, é un defensor de todas as ideas que propugna o autor e actúa como figura que dá unidade á obra. Restaura a xustiza na explotación dos labregos por parte dos caciques, facendo que a terra sexa para quen a traballa, como acontece no caso dos 32 caseiros do vinculeiro Antón o Ricaz. Trata de suprimir o exército, sustituíndoo por modernos arados para traballar a terra. Oponse á guerra castigando, mediante un aparello

[86]Cfr. Carvalho Calero, R., *Escritos sobre Castelao*, Edicións Sotelo Blanco, 1989, pp. 247-267. Seguimos a Don Ricardo na distinción que fai entre actos e lances.

[87]A utilización da palabra *lance* na dramaturxia galega ten unha grande tradición. Don Armando Cotarelo Valledor utilizouna tamén, denominando a súa obra en un acto, *Mourenza,* como «lance dramático».

en forma de reloxio que funciona coa «realidade positiva», aos supostos invasores da Suevia. Todas estas ideas, que resumen a ideoloxía do autor, aparecen xa no primeiro lance.

No lance segundo, o cacique Antón o Ricaz trata de conseguir que unha adiviña lle amañe o asunto con Don Uxío; o xeneral Petaforte que aparecía tamén no primeiro lance convértese, rexeitando a guerra por influencia de Don Uxío, en enxeñeiro-constructor do porto de Vilanova; Fuco Pernas, que xa aparecía no lance primeiro como o contraalmirante do portaavións que pretendía atacar o territorio da Suevia, agora enfermo polos efectos do aparello «realidade positiva», vén solicitar de Don Uxío a saúde; o agradecemento de Sabela por liberar do servizo militar a Moncho; o encontro de Sabela co pai do seu fillo, o cal tivera que escapar por ser considerado un revolucionario; os amores de Pillota e Rosalinda, facendo de intermediaria a Operadora; e finalmente o xuizo contra Antón o Ricaz, coas conversas entre este e os ingleses, gravadas por Rosalinda. O xuíz, Don Uxío condena a Fuches a que as súas mans despidan continuamente sangue e a que se vaia do país, a Antón o Ricaz a estar continuamente recibindo couces no traseiro e a repartir os seus bens. Ao final preséntase unha moza vestida de galega, símbolo de Galicia, que D. Uxío recoñece como a súa vida, a súa axente primeira, a súa FORZA SEGREDA.

A FORZA SEGREDA, que dá título á obra, é Galicia. Esta Forza Segreda xunto co aparello en forma de reloxio que o ministro utiliza para castigar aos que atacan Suevia constitúen elementos que simbolizan o ben e a xustiza, orixinándose así unha contaminación do simbólico e do fantástico, ao modo de Castelao e Cunqueiro.

Na «historia» como conxunto dáse unha xustaposición de acontecementos ou procesos que se presentan como exemplos de posibilidades semellantes, que se realizan cunha conclusión satisfactoria: a tarefa de acabar cos pobres de pedir, convertíndoos en traballadores eficaces é conseguida por D. Uxío a través da negociación e dos seus adxuvantes ou aliados; o obxectivo de que a terra sexa para quen a traballa experimenta un proceso de mellora e de cumprimento co castigo do Cacique; o proceso de suprimir o exército e o servicio militar chega a ser realidade contando co entusiasmo do mesmo exército, personalizado na admiración do xeneral Petaforte polo invento máxico de D. Uxío, e na alegría de Sabela por liberar da mili a Moncho; o proceso de acabar coa guerra chega a cumprirse pola acción do aparello máxico que imparte os



Señora María de Castro.

Querida madre:

En éste momento tomo la pluma para manifestarle que me hallo bien de salud, en compañía de Manuela Etaranto y familia, por hallarme á ésta hora en sus combatidas.

Manuela, pues, me obliga á escribirle, y no es porque yo no quiera hacerlo, pero si valerme de calma hasta recibir contestación á varias que á todos estos les mandé, así que si tienen voluntad de hacerlo con la presente, entiéndase con la dirección de Etaranto.

Acerca de mi vida, sigo como siempre, quizás ofreciéndome más á cada paso, en insípida ignorancia pero la culpa no fué mía, algún día, y hoy no tiene remedio por ser tarde.

Deseo pasara sin novedad el día de su fiesta onomástica, igual que se diviertan por las fiestas de San Andrés.

Sin más por el momento con recuerdos de Manuela y esposo para ustedes y familia de ellos, igual que mios, y ustedes reciban el corazón de éste hijo y hermano.

José Calvito de Castro

Buenos Aires 16 agosto 1914

Carta enviada á nai na que hai un velado reproche pola súa falta de preparación.

castigos aos invasores como Fuco Pernas. Son unha sucesión de acontecementos con interese humano e de carácter ideolóxico que se integran de forma xustaposta incrustada na unidade da obra, unidade que lle confere o heroe restaurador de todas as inxustizas. Nestes acontecementos hai unha certa homoloxía ou correspondencia co que acontece na sociedade galega real da época: eses problemas están vivos e preocupan tamén aos galegos do exterior. Ora ben, hai similitudes pero tamén hai grandes diferencias, a maior é a distorsión da lóxica da realidade coa creación dun ministro de ministros que cambia para ben todo o que está mal nesa mesma sociedade, isto precisamente fai que a obra resulte «irreal». Mais, o autor non estaba buscando a afirmación da lóxica da realidade senón que, a través da presentación dunha distorsión da mesma realidade, fai unha crítica á situación real e inventa un personaxe central que é o heroe que el desexaría para gobernar.

Os dous acontecementos centrais, que progresan positivamente en paralelo, son o problema agrario que sofren os campesiños cos caciques, e os intentos de guerra. Constitúen o que Barthes chama «funcións nucleares». Os outros acontecementos constituirían as «funcións catálises», que non son importantes para o desenvolvemento da intriga: a historia amorosa de Sabela e Moncho, os amores entre a operadora e o Pillota, ou entre Rosalinda e o Pífaro.

Hai un evidente trasfondo político no que se adiviña a crítica á etapa da dictadura franquista, chegando a representar esquematicamente a figura do dictador a través do contraalmirante Fuco Pernas. É unha crítica a todas as guerras e en particular a aquela ignominiosa guerra que o autor viviu desde o exterior e que coñeceu ben a través dos exiliados. É tamén a constatación dunha serie de inxustizas que se producen en Galicia e que o autor, desde unha postura didáctico-cómica, propón eliminar, restablecendo unha situación xusta. Calviño xunta aquí dous pensamentos que sempre tivo moi presentes: a grave situación do campo e dos campesiños galegos, situación que xa os movementos agrarios dos primeiros anos do século trataran de corrixir, e a crítica á guerra, consecuente coa súa ideoloxía antimilitarista.

2. Personaxes

Na relación inicial que se fai dos personaxes, faltan personaxes importantes como o xeneral Don Fernán Petaforte, Fuco Pernas e o seu acompañante-mariñeiro na casa da Lumia, a parella reencontrada Sabela

e Moncho, e os axentes 3 e 5. Nesta presentación inicial aparecen os personaxes citados polos alcumes ou nomes, indicando a súa idade e, en catro deles, unha evolución ou cambio: no caso da Salouca (despois Rosalinda) é un cambio positivo que vai desde o apodo ao nome. Nos casos de Salocho, Pífaro e Pillota indícase un cambio de categoría social en ascenso; Salocho (despois Oficial); Pífaro (despois Ordeanza); Pillota (despois Segredario).

Son dezasete personaxes citados individualmente:

VAIDOSA ———— 50 anos
PERNONA ———— 40 anos
SALOUCA ———— 30 anos (despois Rosalinda)= Lumia?
SALOCHO ———— 45 anos (despois Oficial)
PÍFARO ———— 30 anos (despois Ordeanza)
PILLOTA ———— 22 anos (despois Segredario)
MAORDOMO ——— 60 anos
OPERADORA ——— 22 anos
DON UXÍO ———— 35 anos
Chinto de Vilanova — 45 anos
Bastián do Turreiro — 40 anos
Pepe da Rula———— 40 anos
Antón o Ricaz ——— 35 anos
Xohán Fuches ——— 65 anos
Tori Micho ———— 65 anos
Defendedor ———— 40 anos
Rapaza ———— 25 anos

Ao lado destes personaxes figuran na relación «VARIOS moinantes máis sen idade». Aclara o autor que estes personaxes non pertencen á realidade e en caso de existir calquer coincidencia coa vida real, terá que ser unha casualidade. É unha maneira de salvar a súa responsabilidade.

Seis destes personaxes son citados polo alcume: Vaidosa, Pernona, Salouca, Salocho, Pífaro e Pillota. Destes seis, a Salouca, ao ascender socialmente, será chamada polo seu verdadeiro nome de Rosalinda. O cambio do alcume para o nome, non se manifesta na presentación inicial nos personaxes Salocho, Pífaro e Pillota, que tamén ascenden na súa categoría social. No desenvolvemento da peza, Salocho será recoñecido por Sabela como o seu mozo Moncho que tivera que fuxir a América por

revolucionario, convertíndose no seu regreso en moinante; Pífaro manifestarase ante a Operadora como Felipe, e Pillota como Lois.

Personaxes citados polo seu cargo son o Mordomo, a Operadora e o Defendedor.

O personaxe central é citado como Don Uxío, aínda que no Limiar se engade que é o ministro San Xurdio, aparecendo outras veces como Ministro de Ministros. Este personaxe dá unidade á obra xa que é o heroe que resolve todos os conflictos, tanto os conflictos agrarios como os conflictos bélicos.

Pola procedencia familiar ou xeográfica alúdese a Bastián **do Turreiro**, Pepe **da Rula** e Antón **o Ricaz**.

Dous personaxes, que na obra aparecen como non galegos, son denominados como Xohán Fuches e Tori Micho, apelidos inventados e deformados que, xunto cos nomes, connotan rasgos despectivos.

O número de personaxes masculinos é moi superior ao número de personaxes femininos. Na lista inicial son cinco mulleres fronte a 12 homes, agudizándose máis esta diferencia no desenvolvemento da obra. O número de mulleres podería incrementarse na representación, aumentando o número delas nos «Varios moinantes sen idade» que figuran nas acotacións.

A Vaidosa, a Pernona, a Salouca, o Salocho, o Pillota e o Pífaro, xunto cos «Varios moinantes» sen idade, constitúen a representación do mundo pobre e tamén picaresco da rúa, que chega a pedir esmola á porta do pazo de Don Uxío. Os personaxes individualizados polos alcumes oscilan entre idades que van desde os 22 anos do Pillota ata os 50 anos da Vaidosa. Estes personaxes son descritos fisicamente nas acotacións, en ningún caso son descritos internamente: a Vaidosa está excesivamente «pintarraxeada» e leva un brazo ao colo; a Pernona é «fortacha» e as súas pernas están inchadas polo que ten que camiñar «escarranchada»; a Salouca é «escorida»; o Salocho é «desgarbado e lacazán», levando unhas gafas para facer crer que é cego; o Pillota é un «adolescente famento», vestido con roupa que lle queda curta; o Pífaro ten «o nariz roxizo», «a voz augardentosa» e viste «roupa farrapuda». Considerados en conxunto, todos estes rasgos caracterizan o estamento social ao que pertencen, o mundo dos pícaros e dos pobres de pedir. Estes personaxes van ser os que, nas súas conversas, introduzan a figura de D. Uxío, contando como tivo que exiliarse por causas políticas e como agora, restablecidas as liberdades, foi nomeado «Papai de todos os ministros»;



Debuxo de Calviño feito por Samuel Mallo López en 1945.

tamén falan do famoso invento que lle permite a D. Uxío castigar os malfeitores e comunicarse con calquer persoa a través del.

O «Maordomo» é presentado tamén mediante os rasgos físicos de «vello», «de relucente calva» e «sempre sorrinte». El é o encargado de seguir a transformación dos moinantes protexidos de D. Uxío, informándoo da transformación da Pernona nunha excelente cociñeira, da Vaidosa nunha boa ama de chaves, da Salouca no axente número dous, do Pillota estudiando día e noite para ser avogado, do Pífaro que chega a ser o ordenanza e do Salocho convertido nun oficial nacional. Estes cambios dos personaxes son dados polo mordomo sen que se vexa para nada a súa progresión; a evolución só se manifesta externamente, como ocorre no caso do Pillota, agora impecabelmente vestido e con bigote. O Mordomo é considerado como un esforzado colaborador de D. Uxío na tarefa da recuperación da Patria.

A presentación de Don Uxío é feita polos moinantes como: «intelixente», «bo», «rico» e «xusto». Polas súas accións, dedúcese ademais que é caritativo e que pretende acabar coa mendicidade e coa pobreza. D. Uxío manifféstase baixo dúas formas: a que constitúe a persoa, o home, e a que lle outorga o cargo de ministro que ocupa; estas dúas formas revélanse cando lles propón, como persoa e non como ministro, ir a un sanatorio, negándose os moinantes por querer conservar a súa liberdade, di Don Uxío: *Nin tan siquera quero que o menistro San Xurdio se enteire do que tenciono faguer con vosoutros...e de vosoutros. Pero, o que vos vou antelar é, que de min, non vos rides...* O verdadeiro heroe da obra exprésase como posuidor dunha certa retranca cando pregunta ao axente como se encontra o «contra Pernas» co castigo infrinxido. D. Uxío, na entrevista co vinculeiro Antón o Ricaz, manifféstase como partidario de que as terras sexan para quen as traballa, en contra do que pensa o cacique, e a favor dos caseiros. O antagonista Antón o Ricaz considera a D. Uxío como un verdugo que pretende que os pobres sexan ricos, coa circustancia agravante de que trata de suprimir o exército.

A Operadora e os axentes non aparecen descritos, aínda que, polas palabras, recoñecen como xefe a D. Uxío a quen obedecen fielmente. A Operadora é vista por Sabela como «garrida rapaza» e por Pillota, secretario privado de D. Uxío, como a súa amada, da que ademais anuncia que está acabando a carreira de «enxeñeiro técnico». A Operadora é a que recoñece ao Pillota como Lois, e el a ela como Carmiña. Pillota ou Lois, ou Loisiño como a el lle gostaría ser nomeado por ela, manifféstase tamén

como poeta ao dedicarlle uns versos. A Operadora é utilizada tamén polo Pífaro como intermediaria ante Rosalinda, da que está namorado. Rosalinda, axente número dous, será tan eficiente no seu traballo, que, facéndose pasar pola meiga Lumia, gravará as conversas entre Antón o Ricaz, Xohán Fuches e Tori Micho, cousa que servirá no xuízo para condenalos. Chinto de Vilanova, Bastián do Turreiro e Pepe da Rula, representan os trinta e dous caseiros de Antón o Ricaz. Só aparecen individualizados polos nomes mais a súa función é a mesma. Pepe da Rula fai a presentación dos tres a D. Uxío, como «honrados veciños» que veñen pedir xustiza. As súas idades son semellantes, 40 anos no caso de Bastián e Pepe, e 45 no caso de Chinto.

Antón o Ricaz é presentado polos campesiños como «vinculeiro», amo dos trinta e dous caseiros, avogado e deputado que pretende que os campesiños lle traballen durante vinte días ao ano sen paga, e que os demanda por desaloxo ante a súa negativa. Na entrevista con D. Uxío, o vinculeiro é castigado con couces nas nádegas, o que o converte nunha figura ridícula e case esperpéntica.

Xohán Fuches e Tori Micho representan o papel de cidadáns ingleses que axudan ao vinculeiro a conseguir os seus propósitos, a cambio da súa colaboración para invadir os portos suevos, nun intento de guerra entre estados diferentes.

Fuco Pernas é o invasor, presentado en primeira instancia polo axente número tres como o contraalmirante da nave Choutona, que pretende invadir os mares da Suevia; que chama «galiñas» aos seus homes por abandonaren os asentos dos avións como se queimasen, facendo el o mesmo posteriormente, coa consecuente afirmación do capelán da nave de que a doenza do Pernas era un castigo do ceo, e a recomendación da Lumia Rosalinda de visitar a D. Uxío, solicitándo que lle devolva a saúde, coa promesa de non volver invadir Suevia.

O Capitán Xeneral Don Fernán Petaforte é presentado nas acotacións como un home xa entrado en anos, coidadosamente vestido de civil, cunha insignia no lado esquerdo; alarmado pola idea de D. Uxío de suprimir o exército mais logo convencido polo éxito do aparello que castiga ao invasor Fuco Pernas, dedicándose ao exercicio da enxeñería e máis concretamente á construcción do porto de Vilanova.

Sabela é presentada nas acotacións como humilde muller aldeá, corentona, agradecida a D. Uxío pola supresión do servicio militar do que quedou libre o seu fillo.

A rapaza vestida co traxe rexional galego, que aparece ao final, representa a Galicia, constituíndo un símbolo da Terra, a verdadeira «Forza Segreda» coa que loita D. Uxío, vencendo sempre.

Os personaxes están construídos en torno a uns rasgos dominantes que os caracterizan como bos ou malos, cousa que os sitúa entre os personaxes planos, que E. M. Foster denomina como «flat characters». Non hai personaxes complexos estudiados a fondo psicoloxicamente e que constituirían o que Foster chama «round characters». É certo que algúns personaxes presentan un cambio, como acontece no caso dos moinantes protexidos de D. Uxío, pero non se aprecia como vai acontecendo esta evolución senón que, de repente, aparecen transformados como por arte de maxia. É evidente na obra a función que teñen os personaxes como actantes, ou o que é o mesmo, defínense máis polo seu papel na acción que polas súas características psicolóxicas ou personais. Así temos actantes que responden aos papeis: **suxeito/obxecto** (o suxeito, D. Uxío, pretende un obxecto: restablecer a paz e a xustiza na Suevia, que non haxa pobres, que a terra sexa para quen a traballa e que non haxa guerras); ao que pretende o suxeito opóñense varios antisuxeitos que teñen programas diferentes: Fuco Pernas que pretende invadir a Suevia, Antón o Ricaz, da mesma idade que D. Uxío, que pretende arrebatarlles as terras aos seus caseiros. Tanto o suxeito, D. Uxío, como os antisuxeitos Fuco Pernas e Antón o Ricaz, son axudados por **adxuvantes/opoñentes.** O suxeito D. Uxío é axudado por uns adxuvantes e obstaculizado por uns opoñentes. Os adxuvantes son os campesiños e os funcionarios de D. Uxío e os opoñentes son, pola parte do contraalmirante Fuco Pernas, os mariñeiros e aviadores, e no caso de Antón o Ricaz, Xohán Fuches e Tori Micho, detrás dos cales está Inglaterra. Un caso especial é o que acontece co xeneral D. Fernán Petaforte que, sendo nun primeiro momento un opoñente de D. Uxío na idea sostida por este da eliminación do exército, na entrevista con el, observando como resolve o problema da invasión, inmediatamente se converte en adxuvante do suxeito.

Tanto o suxeito D. Uxío como o antisuxeito Antón o Ricaz son da mesma idade, sen embargo non se nos dá a idade do antisuxeito Fuco Pernas. Xohán Fuches e Tori Mochi teñen 65 anos, cousa que, xunto cos seus nomes, fala galego-«inglesa» e razonamentos os sitúan nunha posición cómica de «faltos de sentido», afirmándose como os invasores ao servizo da raíña británica, cunha crítica implícita a este país. Hai unha contraposición pola idade entre os adxuvantes do suxeito, xente xove, da

mesma idade aproximadamente do suxeito, e os opoñentes, xente maior e un tanto parva. O único adxuvante maior é o mordomo, home de 60 anos que se caracteriza pola prudencia. No caso de Rosalinda, cando actúa como Lumia, demostra ser o contrario do que realmente é, actuando de espía en favor do suxeito.

O suxeito nesta obra vai ser o que execute o seu programa pola súa determinación para proceder, polo seu poder e posibilidades, e pola habilidade e coñecemento necesarios que superan aos dos antisuxeitos. O suxeito ademais conta cuns adxuvantes especiais como son o aparello con connotacións máxicas que o axuda a vencer e a «Forza Segreda» que lle confere a Terra Galega. A oposición entre suxeito e antisuxeitos resúmese entre os poderes do ben e do mal, como acontece nos contos ou fábulas infantís.

Hai tamén oposicións ideolóxicas entre os personaxes, de posuidores contra desposuídos (Antón o Ricaz/caseiros); militaristas contra antimilitaristas (Antón o Ricaz, Fuco Pernas/D. Uxío); pobres de pedir contra partidarios da eliminación desa actividade (moinantes/D. Uxío). No caso do suxeito e antisuxeitos, as definicións dos mesmos fanse por contrastes de carácter ideolóxico e manifestan os contrastes presentes na sociedade galega do momento, oposicións entre o individual e o colectivo e entre o individual e os representantes do poder.

3. O espacio

Esta pequena obra de teatro é unha «historia» que, como outras «historias» narrativas presenta unha espaciación das determinadas situacións. Temos que diferenciar o espacio da «historia» que presenta o texto do espacio que o autor define como o lugar da representación. Falaremos principalmente do **espacio dramático**, que se corresponde coa espaciación das diferentes situacións do drama concebido como unha «historia», e do **espacio escenográfico**, que está constituído pola decoración. De pasada poderemos aludir ao **espacio lúdico** relacionado coa «historia», aquel espacio creado pola figura dos personaxes-actores e polos seus movementos, e ao **espacio escénico**, relacionado co lugar da representación, onde transcorren as accións e no que se moven os personaxes-actores.

No Limiar non se dá a localización do espacio dramático e sen embargo, nas palabras do autor ao espectador, aparecen referencias a un espacio escénico que non se concreta. No Lance 1º, escena I, localízase, só en

parte, un espacio dramático que nos fai pensar en Galicia por tratarse do «artístico portal» dun antigo pazo. O espacio sería calquer lugar de Galicia. Continúan as indicacións do espacio escenográfico, informándonos da existencia dunha pequena porta «praiticábel», que serve, ao mesmo tempo, de pano de fondo. Segue a información do espacio escenográfico misturándose co espacio lúdico, nas informacións que se nos ofrecen da entrada dos pobres por ambos os lados do «foro», situándose as mulleres á dereita e os homes á esquerda. A utilización da palabra «foro» nas acotacións reafirma a nosa idea de que xa no Limiar o autor consideraba que a obra tiña que representarse nun espacio escénico concreto, espacio que agora vemos claramente que o autor concibe como un teatro. Polos diálogos dos moinantes sabemos que non diferencian dous tipos distintos de construccións, dándolle a denominación de castelo ao que en realidade é un pazo. Tamén polos diálogos entre os mesmos personaxes, coñecemos que D. Uxío tivo que fuxir dos seus eidos por causa dunha «política criminosa», naquel tempo no que gobernaban os «lobicáns» na «nosa Suevia». Os eidos serían os do pazo galego, e Suevia sería Galicia, nunha histórica interpretación. Os lugares son inconcretos porque non sabemos nin onde está localizado o pazo nin a onde tivo que fuxir D. Uxío. Outro espacio, ou mellor microespacio, é o despacho de D. Uxío, espacio dramático, lúdico e escenográfico principal da obra, que aparece no Lance 1º, escena III; é este un espacio que se fai máis concreto polas indicacións da decoración con «sofaes», un «luxoso escretorio» detrás do que hai unha porta, e unha curiosa cabina cun «outavoz» e unha «luz roxa» que se acende facendo soar un timbre, cando falan desde lonxe. Este espacio dramático e escenográfico do despacho é o espacio lúdico principal no que se moven os personaxes e que se repite no Lance 1º nas escenas IV, V, VI, VII, VIII, IX, X; sendo tamén o espacio predominante no 2º Lance (escenas XII, XIII, XIV, XV, XVI, XVII, XVIII, XIX, XX, XXI e XXII. Curiosamente, no cambio de escenas, as acotacións aluden ao mesmo espacio escenográfico coas palabras «a mesma escea»[88] . O espacio dramático principal é Galicia, representada primeiro no exterior e no interior do pazo. O espacio galego vaise concretando máis na escena VI do 1º lance, cando Pepe da Rula fai a presentación de Chinto de Vilanova, aludindo a un lugar como Vilanova, e Bastián do Turreiro, veciño do

[88]Xa comentamos anteriormente que o autor delimita as diferentes escenas polo cambio dos personaxes e só en dúas ocasións polo cambio dos decorados.

municipio de Santa Olalla, espacios concretos, nos dous casos. Un terceiro espacio dramático e escenográfico é o que aparece no Lance 2º, escena XI, coas informacións que nos sitúan na rúa e, en concreto, na porta da vivenda da Lumia. As indicacións do decorado misturan detalles realistas como unha «modesta casa» cunha porta «partida en dúas hourizontalmente», con detalles simbólicos alusivos ao oficio de meiga como son a situación enriba da porta dunha curuxa disecada e a cada lado dela a cornamenta de dous machos cabríos. O autor pretende destacar o simbolismo coa presencia única do lugar durante uns momentos: *Breves istantes a escea soia.* Simbolismo que se acentúa na atribución da cor verde ás roupas da Lumia e que nos envolve nunha especie de espacio máxico e misterioso ao que, ademais, só accedemos exteriormente xa que non se nos presenta o interior da casa.

O espacio de Galicia amplíase nas alusións á capital da «península», onde están os deputados galegos, chegando ao cosmopolitismo na introducción de dous personaxes estranxeiros como Xohán Fuches e Tori Micho, na localización dos Axentes Número Catro e Cinco nun lugar das Américas[89] e nas referencias dos moinantes, ao falar da intelixencia de D. Uxío, recoñecida en todo o mundo: *demosou unha sabencia recoñecida polos máis distintos sabidos dos mundo enteiro,* ou tamén nos desexos expresados polo xeneral Petaforte de que a nación Sueva se convirta no país máis grande do mundo enteiro. A ampliación é tal que chega mesmo ao mundo sideral cando o ministro lle explica ao xeneral Petaforte o seu invento: *Isto que vostede escoitou dende un simpre portaavións, de maneira patrianamente confidencial, lle mañifesto, que o mesmo puidera escoitalo, dende calquer mundo sideral, se nil, me fora posíbel faguer chegar a un meu axente.*

En resumo, o espacio dramático central é Galicia con tres espacios escenográficos: o exterior do pazo, o interior (despacho de Don Uxío), e a rúa co exterior da casa da Lumia. O espacio escenográfico dominante é o despacho de Don Uxío, onde se desenvolven os conflictos centrais. O espacio de Galicia vaise ampliando ata chegar ao cosmopolitismo e ao moderno e futurista mundo sideral. A concreción dos espacios é case inexistente. Está claro que sempre que se fai referencia aos «eidos», alúdese a un espacio galego aínda que inconcreto a maior parte das veces. Non está claro que as diferentes alusións á Suevia fagan sempre

[89]Lance 2º, escenas XIV e XVIII.

referencia a Galicia. Pensamos en Galicia cando aparecen os sintagmas «Sofrida Suevia», «Nazón Sueva» e o moitas veces repetido «Suevia Ceibe»; consideramos que se está aludindo a Galicia cando se citan as «augas suevas», «o pobo suevo» ou o «Atlán Suevo»; pensamos tamén en Galicia cando se identifican determinados personaxes como «suevieses». Non é tan evidente esta identificación cando se fala das «leis suevas», e se identificamos a Fuco Pernas como un personaxe paródico de Franco, a invasión dos portos Suevos non se corresponde só con Galicia senón con España. No lance 1º, escena VI, na entrevista dos tres caseiros do vinculeiro con D. Uxío, Chinto de Vilanova fala do cargo de deputado que Antón o Ricaz ocupou na «Capital da Península Sueva», co que a cousa se complica porque a península inclúe tamén Portugal; é evidente que aquí fai referencia a Madrid, identificando Suevia con España. Non está claro se o xeneral Petaforte se refere a Galicia ou a España cando fala da «Nazón Sueva» e do seu «País» aínda que fala de Vilanova como o lugar no que construirá un porto importante para a grandeza da «Patria», co material galego das canteiras galegas de San Amaro e as do Castro, e contando cos Altos Fornos, que por suposto non están en Galicia. A identificación de Suevia con España é evidente tamén nas palabras da operadora ao Pillota en relación co seu posto de secretario do ministro, cousa que envexarían máis de trinta millóns de suevos[90]; só España pode ter tantos millóns de habitantes. A idea de país, de patria, de nación é tan confusa como o significado de Suevia. O autor utiliza deliberadamente a ambigüidade, transmitíndonos dúas ideas que se contradín na concepción de Suevia como Galicia ou España, misturando formas e conceptos propios do pensamento nacionalista galego con outros conceptos característicos do nacionalismo español.

Respecto da decoración, utilízanse elementos estáticos como o mobiliario do despacho, e elementos dinámicos como a luz, e o invento de D. Uxío que nos sitúa noutros lugares. Manéxanse, ao lado de elementos realistas como o mobiliario, o pazo e a casa, elementos simbolistas como a cor, a curuxa, a cornamenta do macho cabrío e a utilización da palabra Suevia como suxeridora de varias interpretacións. O espectador contempla os lugares da acción e recibe auditivamente, a través do invento, referencias de accións que acontecen en espacios diferentes, sendo a súa recepción variada: visual e auditiva.

[90]Lance 1º, escema XVII.

4. O tempo

Esta obra presenta uns personaxes situados nun lugar máis ou menos determinado, nunha época máis ou menos determinada que transmiten uns determinados acontecementos. A acción dramática pode situarse nun momento do pasado máis ou menos determinado, pero o esencial é que se presenta como actual para o espectador, que asiste ao desenvolvemento dos acontecementos identificándose con eles. Nestes acontecementos, que poden considerarse procesos, hai unha sucesión no tempo e tamén hai unha selección ao presentar un número limitado de conflictos aínda que na realidade poidese haber moitos máis.

Na representación dunha obra de teatro, as escenas dialogadas vinculan **historia** e **discurso** porque, como sostén Todorov, as palabras dos personaxes gozan dun estatuto particular: son actos nos que o espectador ten a sensación de asistir á representación da mesma realidade[91]. Pero o proceso teatral comeza cunha obra escrita, co texto dramático no que diferenciamos un texto literario e un texto espectacular e neste sentido, nese texto escrito temos que distinguir a **historia** e o **discurso**. A **historia** ou os acontecementos ligados dun xeito lóxico e causal, e o **discurso** ou a ordenación e selección deses acontecementos.

Esta obra presenta un dobre conflicto principal que se orixina e que vai seguir unha orde lóxica, ata a súa resolución, de principio, medio e fin (esixencias do vinculeiro, negativa dos caseiros a traballar vinte días ao ano sen cobrar, vinganza do vinculeiro levándoos á xustiza para botalos das terras, actuación da xustiza representada en D. Uxío que castiga ao vinculeiro; intento de invasión da Suevia polo xeneral Fuco Pernas, castigo a través do aparello máxico, arrepentimento e perdón). Nun curto espacio de tempo cambian sustancialmente as situacións principais, convertíndose de situacións desesperadas en situacións xustas e felices; o cambio aínda é moito máis rápido no caso dos conflictos amorosos que nos son presentados. A condensación é así unha característica esencial da obra.

Temos de distinguir diferentes tempos: o tempo da producción ou cando a obra foi escrita, o tempo da representación, o tempo da **historia** e o tempo do **discurso**, o tempo do espectador e o tempo do lector.

O tempo da producción sitúase polo ano 1958, ano que figura na dedicatoria do autor a súa irmá Amalia.

[91]«Les catégories du récit littéraire», *Communications*, 8.

Descoñecemos o tempo que duraría a representación porque esta peza nunca foi representada[92] . O autor refírese ao tempo da representación xa no Limiar cando se dirixe ao lector, situando o tempo da **historia** no seu propio tempo: *A obra que drento dunhos istantes presenciarás, está fidelmente avincallada a unha serie de acontecimentos político-sociaes, relacionados cos tempos que hoxe malvivimos e os que proseguiremos malvivindo.*

O tempo da **historia** e o tempo do **discurso**: o autor, desa serie de acontecementos político-sociais negativos que se están dando no seu tempo, fai unha selección, non conta toda a **historia** senón unha pequena parte, que, xunto coa organización da mesma, constitúe o **discurso**. Parte esencial do **discurso** son as varias elipses ou tempos que se suprimiron e que se indican nos comentarios dos personaxes, que resumen anos da **historia** que non se representan (historia da fuxida de D. Uxío, por motivos políticos; o posto como deputado do vinculeiro; a fuxida de Ramón tamén por motivos políticos). En relación coa orde temporal da **historia** e do **discurso** hai que dicir que a obra presenta anacronías en relación coa **historia**, como sucede na analepse retrospectiva que se provoca ao informar os moinantes da fuxida política de D. Uxío, anterior a ese tempo presente, ou na evocación que Sabela e Moncho fan do pasado. O autor, no Limiar, localiza os acontecementos no seu propio tempo pero os datos que nos vai dando caracterízanse pola inconcreción temporal, así, cando os moinantes falan da fuxida de Don Uxío non concretan a data: *deica a data que se viu obrigado a fuxir dos seus eidos, por mor da política criminosa que deica fai moi pouco tivemos*... Tampouco se concreta o tempo no que gobernaban os *lobicáns* e era deputado Antón o Ricaz, aínda que se afirma que *hoxe* hai un goberno xusto, simbolizado na figura de Don Uxío. A inconcreción é constante na alusión a feitos determinados como o lanzamento de ovos por parte das rapazas a Antón o Ricaz, cousa que acontece *un domingo á saída da misa*. Ás veces dáse a aparencia de concreción temporal como cando o vinculeiro e os seus aliados esperan á porta da Lumia, *Hora, intre fusco e fusco.* En xeral, estase aludindo a un tempo pasado inconcreto no que existía un goberno de «lobicáns» que contrasta co tempo actual cun goberno xusto; isto entra en contadicción coa análise negativa do tempo presente que o

[92]O tempo da representación pode variar, dependendo da extensión do texto, que neste caso é breve, do ritmo indicado e da liberdade do escenógrafo.

autor fai no Limiar. O feito de que o tempo da **historia** non coincida co propio tempo histórico sérvelle para facer unha especie de parábola na que o autor expresa o que debería ser e o que na realidade actual, como afirma no Limiar, non é. O autor, a través desta parábola, está criticando aspectos do tempo presente no que el vive.

O tempo do espectador: a obra, como afirma o autor, céntrase nunha serie de acontecementos que teñen lugar no propio tempo do autor e tamén dese suposto espectador ao que se dirixe. Autor e espectador teñen a mesma experiencia vivencial do tempo. Os dous viviron as mesmas situacións polo que coñecen moito máis da historia do que se transmite no discurso. Os dous, coa mesma experiencia vivida, son conscientes de que no futuro continuarán *malvivindo*, aínda que queda claro o obxectivo do autor de acabar con esas situacións inxustas: *non cabe dúbida ningunha de que xa vai sendo tempo de termiñar que un home poida ter direito a vivir do suor doutro home.* Os dous tamén están vivindo na obra o que na realidade desexarían que fose: tranformando o hoxe ou o tempo do goberno dos «lobicáns» nun pasado.

O tempo do lector é o noso propio tempo e desde el observamos referencias a tempos históricos pasados, un tempo que non podemos precisar ben, centrado na situación dos campesiños galegos, caseiros que soportan as esixencias dos amos, situación que podemos localizar tanto a comezos do século XX como na posguerra, e outro tempo que localizamos na guerra civil española, no conflicto case paródico que provoca a invasión de Fuco Pernas. Desde a nosa lectura, mantemos que o autor non estaba interesado na concreción dos espacios nin dos tempos porque contaba co apoio cómplice do espectador, bo coñecedor da situación política de Galicia e da España do seu tempo.

5. A estética teatral de Calviño de Castro

Desde finais do século XIX déronse varias tentativas de actividades teatrais en galego na cidade de Buenos Aires, sendo a Sección de Declamación do Orfeón do Centro Galego a primeira en facer teatro galego coa representación o 6 de outubro de 1894 da obra *Filla...!* de Galo Salinas, e *A Orfa de San Lourenzo* de Roxelio Civeira. Nesta primeira etapa de actividade teatral galega destaca o traballo de Xesús San Luís Romero, que emigrou en 1891 a Arxentina e que regresou a Galicia en 1902, vello amigo do escritor brigantino Manuel Roel. O autor estrea en 1897 no

centro do Orfeón Galego o monólogo *¿Para que me namorei?*; o Grupo do Orfeón Galego representa a comedia inédita nun acto e en verso *O Xastre aproveitado*, o 23 de abril de 1898, no Teatro do Orfeón Español, actuando o propio autor, San Luís Romero, de protagonista.

O cultivo do teatro tropezou cunha serie de obstáculos que impediron a consolidación dun teatro galego estábel. Non había actrices e actores profisionais, os autores eran poucos e sen ánimos de sacrificio, os empresarios non querían arriscar nada, presentando uns decorados pobres e simples, falta de apoio das institucións económicas poderosas e, sobre todo, a indiferencia dunha boa parte do público galego[93]. Neste panorama negativo resalta o labor de xente como Varela Buxán, Maruxa Villanueva, Maruxa Boga, Tacholas, que loitaban sen descanso pola creación dun teatro estábel galego, o mesmo que persoas como Luís Seoane[94] e Isaac Díaz Pardo colaborando con escenografías e debuxos para a representación de moitas obras galegas. A compañía «Maruja Boga», coa que tamén estivo relacionado Manuel Roel, representará obras teatrais de diferentes tipos, ininterrumpidamente ata a década dos corenta, encargándolles Castelao a representación da súa obra *Os vellos non deben de namorarse*[95]. Importante tamén é a creación da Compañía

[93]Cfr. a «Entrevista a Maruja Boga para a audición *Galicia Emigrante*», Lino Braxe e Xavier Seoane, *Luís Seoane e o Teatro*, Ediciós do Castro, Sada (A Coruña), 1996, pp.231-232. Dentro das tentativas de consolidación dun teatro galego temos que ter presente o traballo realizado no exilio por Varela Buxán e Maruxa Villanueva, fundadores da compañía galega «Maruja Villanueva» na que participaban Maruxa Villanueva, Varela Buxán e Fernando Iglesias «Tacholas». Manuel D. Varela Buxán formou primeiro a compañía galega «Aires da Terra», representando no teatro «Maravillas» a comedia en tres actos *Se o sei... non volvo á casa*, o 30 de novembro de 1938. Temos que rectificar a data de 30 de setembro, recollida no noso estudio sobre Manuel Roel, tomada directamente da obra de Cupeiro Maiz, *A Galiza de Alén Mar*, ed. do Castro, 1989, p. 50. Co nome de «Maruja Villanueva» forma unha compañía coa que recorre diferentes cidades da República Arxentina e do Uruguai

[94]Luís Seoane, ademais de traballar con Isaac Díaz Pardo na elaboración de escenografías, é autor dunha obra *A Soldadeira*, na que fai un tipo de teatro dialéctico na liña de Brecht. Nesta obra, difícil de representar, destaca o contido socio-político. Posteriormente, o autor defenderá un teatro no que importa menos o texto literario que o espectáculo.

[95]A única obra de teatro de Castelao, estrenouse o 14 de agosto de 1941 no Teatro Mayo de Buenos Aires pola Compañía Maruja Villanueva dirixida por Castelao, colaborando o escultor Domingo Maza na creación das máscaras.

Debuxo de Calviño feito por Fabisa en 1946.

Boga-Tacholas, formada posteriormente, e que comeza a traballar na década dos corenta.

A pesar de todos os obstáculos reais, en Buenos Aires represantáronse as obras máis importantes da dramaturxia galega, que van desde autores como Galo Salinas, Roxelio Civeira e San Luís Romero ata Castelao, Risco[96] , Cotarelo Valledor[97] , Dieste, Blanco Amor, Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo[98] .

Ás tentativas de consolidación dun teatro galego tradicional uníanse outras tentantivas de creación dun teatro galego moderno, dirección esta última, seguida por Castelao, Dieste, Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo. Esta polémica comezou en Galicia e continuou en Buenos Aires. En 1926, Rafael Dieste, perante a proposta feita por Correa Calderón de traducir obras estranxeiras[99] asúmea como súa porque considera que o teatro existente non nos prestixiaba[100] e aconsella a adaptación de obras do teatro portugués; non só isto, senón que un ano despois, vai publicar unha obra innovadora como é *A fiestra valdeira*[101] , obra que marca un camiño novo que o autor recomenda seguir, primeiro aos galegos do interior, e posteriormente no exilio, aos emigrados, o camiño dun teatro

[96]En 1933, a Unión Provincial Orensana, nos trinta anos da súa fundación, representou *O bufón d'El rei.*

[97]Cupeiro Vázquez afirma que no ano 1939 a Unión de Residentes de Santiago de Compostela, representou a obra *Beiramar* de Cotarelo Valledor con escenografía do escultor santiagués Domingo Maza. Vid. Cupeiro, B., ob. cit. p.p. 80, p. 51.

[98]Díaz Pardo é o autor de dúas obras de teatro, *Midas* e *O ángulo de pedra*, publicadas en 1957 pola Editorial Citania de Buenos Aires. Luís Seoane sitúa estas obras dentro dun teatro galego moderno: *Estas obras revelan a existencia dun teatro galego actual, coincidente na sua temática desesperanzada co xoven teatro de Europa.* «O teatro de Isaac Díaz Pardo» en Braxe e Seoane, ob. cit. en p.p. 79, p. 77.

[99]Cfr. Correa Calderón, «El teatro gallego, como propaganda II», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 15-1-1926.

[100]Cfr. Dieste, R., «Temas Galegos. O teatro galego i-o teatro portugués», *El Pueblo Gallego*, Vigo, 16-1-1926. Este artigo foi publicado sen sinatura. A profesora Laura Tato xustifica a non inclusión do artigo no libro *Antre a terra e o ceo* do 1981, ao feito de estar perdido ou para non promover vellas polémicas. Vid. *Teatro Galego* 1915-1931, edicións Laiovento, Santiago de Compostela, 1997. Esta profesora afirma que Dieste, cando recomendaba as adaptacións de obras portuguesas, ignoraba as representacións feitas polo Cadro da Irmandade da Coruña. Ob. cit., pp.166-167-168.

[101]Dieste, R., *A fiestra valdeira*, Santiago, Tip. de «El Eco», 1927. A segunda edición desta obra está datada en Buenos Aires en 1958. A obra estreouse en Rianxo en 1935.

popular propiamente galego. Dieste aportaría aos outros autores os seus grandes coñecementos innovadores do teatro, resultado das súas experiencias como director do Teatro Nacional en Madrid e participante das Misiones Pedagógicas. Nesta liña, Castelao propugna o Teatro de Arte[102] que fundara Stanislavski, e Luís Seoane defende o teatro experimental de Grotowski e de Brecht[103] , e sempre dentro dunha concepción dun teatro popular galego, Eduardo Blanco Amor, afincado en Buenos Aires, funda en 1957 o Teatro Popular Galego, representando obras da súa autoría xunto con obras de outros autores galegos[104] . Estes autores, coas súas aportacións e coas súas obras manifestan as posibilidades dun futuro teatro galego brillante e con características propias, posibilidades que ficarían só niso.

Entre as dúas concepcións de teatro: continuidade dun teatro de tipo tradicional e a creación dun teatro galego moderno, deuse o cultivo dun teatro que ficaba reducido a monólogos, sainetes, poemas e contos escenificados. Todo isto constituía unha forma simple de teatro na que participaban homes como Manuel Roel, autor de varios diálogos teatrais.

Todas as tentantivas de creación eran válidas porque o principal era conseguir un teatro galego estábel, fose un teatro simple, tradicional ou moderno, pero, a pesar dos grandes esforzos dalgúns e da importante actividade teatral desenvolvida, a empresa non conseguiu consolidarse.

Dentro destes grandes esforzos de creación dun teatro galego estábel, podemos situar os modestamente realizados por Calviño de Castro, autor dunha pequena peza conservada que nunca se representou e que se encontraba inédita entre os documentos do autor, conservados pola súa

[102]Castelao solicitou a colaboración de D. Ramón Otero Pedrayo para a posta en marcha deste proxecto, nacendo así a obra de Otero *Teatro de Máscaras* publicada en 1934.

[103]Con estes postulados publícase en 1957 en Buenos Aires pola Editorial Ariadna a obra de Seoane *A soldadeira*.

[104]As representacións do Teatro Popular, ficaron reducidas a dúas obras que se representaron auspiciadas polo Centro Lucense: *Estadeíña*, de Lugrís Freire, e *O Cantar dos Cantares* de Blanco Amor. Cfr. Manuel Lourenzo e F. Pillado Mayor, *O Teatro Galego*, Edicións do Castro, Sada (A Coruña), 1979, pp. 107-108. Vid. Alberto Vilanova, «Teatro Gallego en la Argentina» en *Los gallegos en la Argentina*, Ediciones Galicia, tomo 2, pp.1011-1018. Vid. Henrique Rabunhal, *Textos e contextos do teatro galego, 1671-1936*, Edicións Laiovento, Santiago de Compostela, 1994.

familia[105] . A obra é *Forza Segreda*, que o autor subtitula «Comedia Social», en dous lances e XXII escenas. A data de 15 de maio de 1958 é a que figura no envío da peza á irmá. O ano de composición é seguramente ese mesmo ano. A obra foi concebida para ser representada, feito que non chegou a realizarse, e do que ignoramos as causas. Tampouco foi publicada. Esta obra sitúase cronoloxicamente entre algunhas producións de Ricardo Flores Pérez como *Un ovo de dúas xemas*, comedia representada no ano 1952 e publicada en 1956, a edición da obra de Luís Seoane *La Soldadera*[106] , na editorial «Ariadna» de Buenos Aires, en 1957, redactada orixinalmente en galego, a publicación do libro coas dúas obras de teatro de Isaac Díaz Pardo *Midas e o Angulo de Pedra* en 1957, na Editorial Citania, as representacións da Compañía de Arte Folklórico Gallego, reunida por Tacholas[107] , as representacións do Teatro Popular Gallego fundado por Eduardo Blanco Amor e a obra de Ramón de Valenzuela estreada en 1964, *As bágoas do demo*. O ano de 1958 é tamén o da aparición da segunda edición da obra de Rafael Dieste *A fiestra valdeira.*

A obra de Castelao, *Os vellos non deben de namorarse*, fora representada en Buenos Aires o ano 1941 e é evidente que foi vista e coñecida por Calviño de Castro quen parte, en certa medida desta obra, para escribir a súa. Calviño, como Castelao, valora o predominio do popular nas expresións e na utilización constante da ironía. O mesmo que o autor de Rianxo, combina o realismo na lingua e nas descricións dos personaxes, con elementos simbolistas que suxeren sen dicir como a curuxa, a cornamenta do macho cabrío e as cores das roupas, creando, xunto ás escenas realistas, escenas case máxicas, completamente simbólicas, como é a escena na casa da Lurpia. A comunicación entre os espectadores e os actores está presente tamén en Calviño, á maneira de Castelao, dándose

[105]A relación de Calviño de Castro con Maruxa Villanueva e con Maruxa Boga é unha proba da súa afección polo teatro. A Maruxa Boga, dedícalle un poema titulado «Maruja Boga», no libro, *Bordón Peregrino*, Buenos Aires, 1947, pp. 85-86.

[106]Esta obra presenta tamén situacións inxustas que soportan os labregos galegos ao longo dos séculos.

[107]Estas representacións, como afirman Lourenzo e Pillado, tiveron un enorme éxito popular, con obras como *¡Por borrachíns!*, de Varela Buxán, *O zoqueiro de Vilaboa*, de Nan de Allariz, *Estebiño*, *Na corredoira*, e *Almas sinxelas* de Lameiro, *O sobriño*, de Labín Echeverría e L. López, e *Cousas de rapaces* de Tacholas. Cfr.Lourenzo e Pillado, *O Teatro Galego*, p.107.

sobre todo a comunicación autor-espectador. A mistura entre a crítica e a burla e o humor tamén a utiliza como Castelao, creando situacións de base realista pero cun tratamento humorístico. A expresión verbal, a visual e a sonora conforman a expresión global nas obras dos dous autores. A peza é un texto literario concebido polo autor para ser representado e visto por uns espectadores que, ao mesmo tempo, teñen que estar atentos ás palabras que escoitan gravadas polo autor, e dentro da «historia», ás palabras que lles chegan de lonxe a través dun complexo artificio que acaba nun altofalante. Calviño mistura o realismo, propio dos feitos que pretende denunciar, como a situación do campo galego, coa fantasía máis absoluta na utilización do case máxico aparato que pode vencer aos adversarios máis distantes. A obra é realista e simbolista, chea de fantasía e de maxia, e case futurista na alusión ao mundo sideral e na utilización de novas tecnoloxías. Castelao, vistas as representacións do Teatro de Arte de Moscú fundado por Stanislavski, propugnaba un Teatro Galego de Arte que pensaba poñer en práctica coa colaboración de Otero Pedrayo. Castelao concebía o teatro como un conxunto de diferentes artes integradas nun todo: texto, música, luz... Esta idea de teatro está desenvolvida na obra *Os vellos non deben de namorarse*, escrita na década dos anos trinta, e na de Otero Pedrayo *Teatro de Máscaras*[108] . A obra de Calviño *Forza Segreda*, coa súa modestia e limitacións, pode considerarse tamén, dentro deste proxecto de teatro total, integrado por un conxunto de artes como son a literatura, o son e a luz. A literatura presente no texto escrito, o son predominante na obra con gravacións e discos, que xa aparecen na introducción na que o autor se dirixe aos espectadores e nas gravacións feitas pola Lurpia a Antón o Ricaz e os seus secuaces, que serven para condenalos, e a transmisión mediante artificios técnicos da voz a distancia conferen á obra un carácter de modernidade. Tamén contribúe a isto a luz, utilizada como un procedemento artístico[109] no Lance 1º, escena III, para iluminar e destacar determinados personaxes*: Mutación de luz, que durará deica a Vaidosa, a Pernona, a Salouca, o Salocho, o Pífaro, e o Pillota, non se*

[108]As pezas incluídas foron escritas no ano 1934 e publicadas en 1975.

[109]Os homes da Xeración Nós deron unha grande importancia ao movemento simbolista que, sen dúbida aportou a idea da importancia da luz para crear unha atmosfera de suxestión.

atopen acomodados nos sofaes que se alcontran no Despacho do menistro Don Uxío.

Forza Segreda non supón a redescuberta dunha obra mestra que entra a formar parte da dramaturxia galega quizais polo descoido e pouco tempo que o autor dedicou á súa composición, máis interesado por criticar a situación sociopolítica, pero nela intúense as posibilidades do autor para conseguir que así fose.

A obra de Calviño está chea de pensamento político e ideolóxico. Por un lado, coa utilización da lingua galega pretende, o mesmo que Castelao, a dignificación do noso idioma, válido para o xénero dramático tamén, e por outro lado, nada nun ambiente e nunha época chea de inquietude político-social e de preocupación pola Terra, sérvelle para poñer en escena unha serie de conflictos que os emigrados coñecían ben. Parte duns problemas reais que el trata de caricaturizar creando un clima entre real e paródico que pode provocar o riso, mais que os espectadores identifican perfectamente. Calviño sabe que o teatro pode ser un medio importante de propaganda e de formación e tamén sabe que conta coa complicidade duns hipotéticos espectadores, bos coñecedores da situación real que o autor toma como punto de partida para compor a súa obra.

Forza segreda

comedia social

en

dous lances

e

XXII

esceas

Orixinal
de

XESÚS CALVIÑO DE CASTRO

PERSOAXES

VAIDOSA ..... 50 anos

PERNONA ..... 40 anos

SALOUCA ..... 30 anos (despois, Rosalinda)

SALOCHO ..... 45 anos (despois, Oficial)

PÍFARO ..... 30 anos (despois, Ordeanza)

PILLOTA ..... 22 anos (despois, Segredario)

MAORDOMO ..... 60 anos

OPERADORA ..... 22 anos

DON UXÍO ..... 35 anos

CHINTO DE VILANOVA . 45 anos

BASTIÁN DO TURREIRO. 40 anos

PEPE DA RULA ..... 40 anos

ANTÓN O RICAZ ..... 35 anos

XOHÁN FUCHES ..... 65 anos

TORI MICHO ..... 65 anos

DEFENDEDOR ..... 40 anos

RAPAZA ..... 25 anos

VARIOS moinantes máis, sen edade

(Ningún distos persoaxes perteñece á realidade. En caso de calquer coincidenza na vida real, terá de ser casualidade)

(*Gravado anteladamente, e discado antes de que o pano seia ergueito*)

LIMIAR

Amábele ouvinte:
A obra que drento dunhos istantes presenciarás, está fidelmente avincallada a unha serie de acontecimentos político-sociaes, relacionados cos tempos que hoxe malvivimos, e os que proseguiremos malvivindo, mentres as leises humáns anden como mal andan, deica o malfadado ponto de pretenderen meternos inxusticia por Xusticia e sinrazón por Razón, mentres quenes tan condenábele e abusiva conduta ouservan, siguen sendo espertellos vampiros chuchadores do sangue dos probes do pobo. A iñoranza, a inconscencia e o engano, son seus tres preferentes aliados, que nós temos a ineludíbele obriga de combatilos sen sosego nin acougo, sabendo que son tan nosos nemigos coma os vampiros mesmos, mais si deiquí en diante propoñémosnos despertar dunha vez por todas do letargo que nos vén sumindo, esforzándonos en impedir que prosigan mercando concencias avoltas i encomenzamos a refreixonar que, tanto iles como nós chegamos ao mundo igoalmente en coiro, ¿onde ten de habere a diferenza despois? Non cabe dúbida ningunha de que xa vai sendo tempo de termiñar que un home poida ter direito a vivir do suor doutro home.
Deica eiquí, é o que penso eu. Se ista miña maneira de pensar logra convencerte, sempre colmará con creces meu ben tencioneiro esforzo, por se non abondara a xusticieira aición do menistro San Xurdio, heroi dista xornada teatral, coidando que atricará en ti as máis bruidosas gargalladas mentres ista noite non deixes de honralo, como espeitador, que tamén será unha xentil maneira de honrarme a min e aos esforzados comediantes, que veñen a brindarche a irmanciña nobreza do seu arte...

LANCE PRIMEIRO

ESCEA I

(Ista escea representa o artístico Portal dun antigo Pazo, no que haberá unha pequena porta praiticábel, facendo, ao mesmo tempo, de pano de fondo, arredado dous metros das candilexas . . .
Unha vez discado o LIMIAR, por ambos lados do foro irán aparescendo varios probes da picaresca, que en ringleira acomodaránse a unha e outra veira do Portal, as mulleres á direita e os homes á esquerda. Antre as mulleres, estan: A VAIDOSA, A PERNONA, A SALOUCA; antre os homes,O SALOCHO, O PILLOTA e O PÍFARO . . .
A VAlDOSA, é unha muller xa entrada en anos, eiscesivamente pintarraxeada, degoxona e lingua longa. Leva un brazo ao colo para inspirar máis compaixón . . .
A PERNONA, é corentona e fortacha. Súas pernas aparentan ter impresionante inchamento, obrigándoa a camiñar facheiramente e escarranchada. . .
A SALOUCA, é unha muller xoven i escorida. Acentúa súa finxida doenza, lanzando quexumbrosos xemidos, co ouxeto de inspirar fonda mágoa a quenes non a coñecen . . .
O SALOCHO, é desgarbado, lacazán, vagaxeiro, estrevido e dicaz. Dun brazo pendúralle un bastón, e do pescozo un folecho onde leva un violín. Para faguer crer que é cego, leva postas unhas gafas escuras, que ao mesmo tempo, sírvenlle para faguelo máis vello do que é . . .
O PILLOTE, é case un adolescente, visibelemente famento, vestido con roupa que lle queda curta, e pouco menos que anda descalzo . . .
O PIFARO, anque é case mozo, semella unha pistraca. Ten o narís roxizo, a voz augardentosa e viste roupa farrapuda. Con adoito, saca dun peto da vella brusa que leva posta unha botella, cuio contido apina adoentadamente . . .)

A PERNONA

(Ao tempo que O Pífaro apina a botella) ¡ Arre, demo! . . . ¡Mesmo paresce que isa garrafa fora túa noiva, de tanto que a bicas, ho!

O SALOCHO

(Con pavera retranca) ¿Por boafada, non será de envexa porque non te bica a ti, Pernona?

A PERNONA

¡Asús!... ¡Nin que no houbera niste avolto mundo ninguén máis que ele, . . . e máis que ti, poñamos por caso! *(risas)*

O SALOCHO

(Dicaz) Polo que a min respeita, moi atordoado tería de verme para dicirche ¡Xa quixeras!, por canto, despois, nin negro que me voltara, te podería sacar de enriba . . . *(máis risas)*

O PÍFARO

Sacáchesmo da boca o que eu íballe dicir, Salocho . . .

A PERNONA

A ti, se che tiran a garrafa da boca, anque soio se alcontre con alcohol de samesuga, *(alombando o dedo índice da man direita para baixo, en sino de impodenza)* ¡nin nova!, . . . meu miñoquento curmán . . . E, o que acabo de dicir, non é para ti soilo, senón, para quen, non sabendo onde mete-la lingua, bótaa a pastar na túa axuda . . .

O SALOCHO

Xa sei que o dis por min, xa; pero non son tan infelís, que non me percate que, o papoias que tes, adeprendido de mamoria dende que che tocaba teres uso de razón, síguelo agora, cando xa te esqueciches cándo tivo lugar ise teu uso de razón . . .¿Né certo?

A PERNONA

En moito te cres; pero, ¡que Deus me castigue, i enriba, que un raio me fenda, se para min, dúas ducias de vosoutros valedes unha triste cadela! *(risas)*

O SALOCHO

(Firente) ¡Aínda sen chegar a ser a cadela viborenta que ti eres, nin con dez mil cadelas conviría cerrar ningunha cras de trato! . . .

A PERNONA

Non conviría, home, non, porque isas dez mil cadelas, e outras tantas máis, terán de ser quenes vaían ladrar de ledicia ao teu enterro! *(gargalladas)*

O SALOCHO

(Carraxento) ¡Ou ao teu, lumia infame! . . .

A VAIDOSA

(Intervindo, con firme enerxía) ¡Abonda! . . .¡Abonda xa! . . .

¡Ou queredes que os do Castelo, termiñen por botárno-los cans!... ¿É iso o que queredes?... ¡Vamos, vamos, irmáns moinantes, que por moito que o seamos, naide nos dá direito a cometer tanto espasallo!. . .

O SALOCHO

A verdade é, que se algunha cousa che sobra, ten de ser a razón que tes. Por iso deiquí en diante, prométoche non dicir, «ista boca é miña». . .

A PERNONA

Iso é o que debías pensar antes, . . .

O SALOCHO

(Poñendo na boca o índice, indicando silenzo, i erguendo unha perna, como dando unha patada imaxinaria . . .)

O PILLOTA

(Con zalameiría) Non lle fagas caso, Salocho. ¿Non che paresce mellor que antre os dous fagamos un bo choio? . . .

O SALOCHO

¿Como cal? . . .

O PILLOTA

(Mostrándollos) Coma o de que me merques iste relós e ista cadea de prata . . .

O SALOCHO

(Sopesando ambas prendas, e levando o relós á orella) ¿De prata, dis? . . .

O PILLOTA

Non preciso repetircho, por canto, ti, mellor o sabes que eu . . .

O SALOCHO

¿Quen se descoidou? . . .

O PILLOTA

Ninguén, porque as atopei . . .

O SALOCHO

No importa. ¿Canto pides?. . .

O PILLOTA

(Á orella do Salocho, poñendo a man de pantalla) En vinte beatas, son túas. . .

O SALOCHO

Vinte beatas, son unha fertuna, e para min, máis que para ninguén. Douche cinco, e non te queixes. . .

O PILLOTA

(Abrindo os dedos das dúas mans) Dez . . .

O SALOCHO

Anque sei que sallo perdendo, douche seis, e acabouse o conto . . .

O PILLOTA

Sei que te aproveitas, pero preciso cartos. Veñan as seis beatas . . .

O SALOCHO

(Ao tempo que saca os cartos dunha buchaca que leva no peto interno da chaqueta) Toma, e que che fagan proveito, . . . anque, ¿quen me garante agora a min, que o aproveitado no eres ti? . . .

A VAIDOSA

Oie, Salocho, se termiñaches de marchantear co Pillota, e sendo ti un dos que mellor están enteirados do que acontece a des légoas á redonda, por que, non nos dis, o que opinas do noso aitoal Don Uxío, despois do que lle acontecéu, por sere home de ben, e, por sel-o, novamente dono diste Castelo, como tiña de ser por natural heirenza? . . .

O SALOCHO

A min, soiamentes me é dado dicir, que se Don Uxío sigue sendo como era de rapaz, como era de mozo, e deica á data que se viu obrigado a fuxir dos seus eidos, por mor da política criminosa que

deica fai moi pouco tivemos, podo poñer a man no fogo que, home de mellores e máis humáns sentimentos que Don Uxío, non pode eisistir. Como de política non entendo, nin ren podo dicir do que non coñezo; pero, ouvín falar, que, como menistro Don Uxío está faguendo cousas pasmantes . . .

A PERNONA

Dende seus primeiros anos, Don Uxío, demosou unha sabencia recoñecida polos máis distintos sabidos do mundo enteiro, que lle non valideu antre os lobicáns que desgobernaban nosa sofrida Suevia, termiñando por faguelo vítema dos seus vendepatrianos sistemas. I eisí foi, como, ao vencer as liberdadoras forzas do Ben, Don Uxío, aínda pese aos seus poucos anos, decidiron faguelo, por unanimidade, o Papai de tódolos menistros con que hoxe conta toda a Nazón Sueva . . .

A SALOUCA

Se ben se mira, para naide pode ser eistrano, por canto din que, a pesar da súa xuventude, ten un sonado invento, que termiña por convertir en calquer seu monicreque, ao ser humán, en calquer lugar da terra que iste se alcontre, se o cre mester, séndolle posíbele falar con quen teña outro aparatiño igoal, estea onde estea, o mesmo que se un estivera á veira do outro. Pero, o que non deixa de ser máis aglaiante, é que tal aparatiño, deica pode acomodarse no peto dun cheleque . . .

O SALOCHO

Eu tamén ouvín falar do asunto; pero non é eistrano, tendo en conta que dende moi pequeno foi unha verdadeira xenialidade. E agora, cos estudos que adequiriu mentres estivo alonxado da terra, con moita maor razón. . .

O PÍFARO

Iso, non deixa de sere intresante, dende logo; pero niste intre, tanto como iso, intresa que nos dean boa esmola . . . e canto máis axiña, mellor . . .

A PERNONA

Meresces que te apraudan, ho; pois se todos pensaran coa andorga como pensas ti, . . . ¡como para recomendarte! . . .

O PÍFARO

¡Se penso coa andorga, é porque a teño . . .!

O SALOCHO

(Dicaz) Tes, home, tes . . . E que a sorte cha conserve, aínda despois de convirtirte en besta, mula ou burra, que a todo podes chegar, se denantes non acontece que deas coa cachola contra un croio. Porque, se ben se mira, ¿para que a queres? . . .

ESCEA II

(Pola pequena porta do Portal, aparesce sorridente o vello maordomo do Castelo, amostrando a relucente calva da súa venerábel cachola. Con voce amábele, di:)

MAORDOMO

De parte de Don Uxío, que se acheguen diante da súa presenza os eivados, e tan soiamente os eivados que se alcontren eiquí. Os demais, que teñan un pouco de pacencia, que presto serán atendidos tamén. Bos días a todos. *(Mutis, cerrando a porta)*

ESCEA III

(Mutación de luz, que durará deica a Vaidosa, a Pernona, a Salouca, o Salocho, o Pífaro e o Pillota, non se atopen acomodados nos sofaes que se alcontran no Despacho do menistro Don Uxío, disposto de maneira que ningún dos aituantes dea a espadua ao púbrico, senón o fronte ou o costado a un dos costados, cara ao púbrico e, a un modo de cabina, haberá un taboeiro, en cuio centro veráse un outavoz, de maneira que por ele poidan escoitarse as voces que aparentan viren da lonxanía. Enriba diste taboeiro terá de haber unha luz roxa, que fará sonar un timbre no momento que se acende. Iste aparato será atendido por unha xoven que leva postos unhos chamativos auriculares. Após do luxoso escretorio que ocupara Don Uxío, hai unha porta que abre ceremuñosamente o maordomo, para dar paso ao menistro, un home de trinta e cinco anos, vestido pulcramente, anque sin oustentacion. Denantes de tomar asento, Don Uxío, ordéalle ao maordomo:)

DON UXÍO

Unha ves que lles tomedes nome e direizón aos que agardan afora, dádelle un par de pesos para que se vaian . . .

MAORDOMO

Cumpriráse seu anceio, siñor . . . (*mutis do maordomo)*

DON UXÍO

(Aos moinantes) É preciso que saibades, que quen vos fala niste istante, non é o menistro, senón o cidadán Uxío San Xurdio, por canto a degredazón das novas leises suevas, xa en marcha, non poden seguir permitindo que un menistro ampare a mendicidade dende ningún ponto de vista, xa que o maor degaro menisterial é arringar dunha ves e para sempre a probeza na que, desboafadamente, o pobo suevo está sumido dende fai longos séculos, por mor dos arquicoñecidos chuchadores do seu nobre e valedoiro sangue, chuchadores que xa encomenzamos a combatir con firme e infreisíbel man . . . Pero como iso non reza con vosoutros, por non alcontrarvos en condizóns de afronta-la vida e ao fin de que non sigades sendo unha cárrega social, vouvos mandar a unha Casa de Saúde, recén terminada cos adiantos máis modernos, para que eilí podades ser debidamente atendidos das vosas doenzas.

O SALOCHO

(Témero) Eu, antes que nada, debo confesarlle, Siñor Don Uxío, que a miña doenza non a considero tan cruamente avantada como para que me force a ir a ningunha Casa de Saúde, polo de agora...

DON UXÍO

¿Como se eisprica, que podendo atenderte das túas doenzas, coa case seguridade de curalas, prefiras eispoñerte ao perigo que o non curalas siñifica? . . .

O SALOCHO

Non se maxina canto agradezo súa tención, Siñor, e non descoñezo que lle sobra razón. Pero, aínda no caso de chegar a curarme, ¿que me sería dado faguer despois? . . . Eu, se o Siñor Don Uxío non se ofensa, pregaríalle deixar meu asunto como está, por mor de que un xa se afixo a ir de porta en porta, e aínda adoentado e pasando fame, sempre queda o esprito compensado co arruallante pracer de saberse un tan libre como un paxaro . . .

A PERNONA

E a todos nós, acontécenos igoal, Don Uxío . . .

DON UXÍO

O que acontece, é que sodes un vaguexante fato de beleigáns, sen ningunha cras de escrúpalos cando se trata de vivir das costelas do próximo. ¿No é certo? . . .

O SALOCHO

¿E que outra cousa quere que fagamos, Siñor? . . .

DON UXÍO

Nin tan siquera quero que o menistro San Xurdio se enteire do que tenciono faguer con vosoutros . . . e de vosoutros. Pero, o que vos vou antelar é, que de min, non vos rides . . .

ESCEA IV

(Ao sonar un timbre que hai enriba do escretorio, acude o maordomo, a quen Don Uxío ordea:)

DON UXÍO

Leva ista xente a que se hixienice, dálles roupa axeitada, e unha vez que enchan a andorga, que nosos istructores os eisamiñen . . . Ide, ide axiña, que despois xa veremos o que é dado faguer con vosoutros . . .¡Ah, *(polo Pífaro)* encarrégate ti mesmo de comprobar se ise rapaz sirve para ocupar a vacante de ordeanza . . . *(mutis de todos, menos Don Uxío)*

ESCEA V

(Acéndese no taboeiro a luz roxa, mentres a operadora apreme un botón escóitase polo outopalrante:)

AXENTE

!Axente Númaro Tres! . . . ¡Axente Númaro Tres, con Suevia Ceibe! . . .

OPERADORA

¡Suevia Ceibe, escoita! . . .¡Fala, compañeiro! . . .

AXENTE

¡Preciso falar co Xefe! . . .

OPERADORA

En seguida te comunico co ele . . . ¡En seguidiña! . . .

(Sen ser chamado, achégase Don Uxío, que pergunta:)

DON UXÍO

¿O Axente Númaro Tres? . . .

OPERADORA

Ele é, meu Xefe . . .

DON UXÍO

(Ao aproisimarse ao taboeiro, o Xefe saca do peto do cheleque un aparato parescido a un relós, que sostén na man mentres pergunta:)

O Xefe fala . . .¿Qué acontece, Axente? . . .

AXENTE

Estoume comuñicando dende un portaavións da mariña samoeleira, que paresce levar a consiña de chegar aos mares da Suevia, co premeditado ouxeto de xogarnos unha fea partida, levando rumbo haza aló. No caso de comprobar algo anormal, ¿quere que bote a nave a pique, meu Xefe?. . .

DON UXÍO

¡Non vaias faguer iso! . . . Polo de agora, abonda que me deas o nome da nave, e o de quen está ao carrego dila . . . O demais, déixao da miña conta.

AXENTE

O nome da nave é a Choutona, e o nome de quen a manda, contraalmirante Fuco Pernas . . .

DON UXÍO

Suficente. Se por ehí notaras algo eistrano, e queres volver a falar, alá ti. ¡Saúde! . . .

AXENTE

¡Saúde, meu Xefe! . . .

ESCEA VI

(Aparescen tres labregos homildosamente vestidos, anque visibelmente atildados, atendidos polo Pífaro, que é agora ordeanza. Entrando no estrado, e faguendo respetosa reverenza ante Don Uxío, di:)

ORDEANZA

Eiquí se alcontran tres campesiños, que arelan ser recebidos pola Vosa Eiscelencia . . .

DON UXÍO

Fágaos pasar axiña . . .
(Torna o ordeanza na compaña dos tres campesiños, vindo, cada un, co seu típico chapeo na man. Apenas entran, fai mutis o ordeanza, mentres Don Uxío pergunta con verba agarimosa:)

¿En que me é dado servir aos meus distintos compatriotas? . . .

CHINTO DE VILANOVA

Si é certo que hai Xusticia, como por ehí se encomenza a dicir que a hai, nós vimos a buscar xusticia, na seguranza de que Vosa Eiscelencia faránosla, ao coñecer o caso que eiquí nos trai . . .

DON UXÍO

Embora en faguervos xusticia, por canto para faguela estou; pero denantes, tédesme que sinalar que cras de xusticia tencioades . . .

BASTIÁN DO TURREIRO

Ningunha dúbida cabe de que Vosa Eiscelencia ten razón. Pero a culpa débese a que non tódolos días nos é dado apresentarnos a un menistro, mais ao comprobar que o menistro que viñemos a ver, non soiamente é un home de ben, senón un cabaleiro cabal, noso primeiro trubamento vaise esvaíndo, como se tal non fora . . .

PEPE DA RULA

(Con visíbele amoladela) O que en realidade estamos, é faguéndolle perder o tempo ao Siñor Menistro, xa que ningunha

dúbida cabe que non soubemos chegar ao grao. Por iso vou eispricarme: O que falou primeiro, é Chinto de Vilanova, un honrado veciño, -se homes honrados hai-; o que en segundo termo fixo que falaba, é outro non menos honrado veciño da municipalidade de Santa Olaia, chamado Bastián do Turreiro, o mesmo que un fidel servidor da Vosa Eiscelencia, e a quen chaman, Pepe da Rula. Respeito ao que eiquí nos trai, é vir os tres representando aos trinta e dous caseiros que no noso pobo ten Antón o Ricaz, vinculeiro dende os tempos dos seus abós, o mesmo que nosoutros caseiros dele, dende os nosos antergos . . .

CHINTO DE VILANOVA

Coa venia da Vosa Eiscelencia, e mentres da Rula toma folgos, heme dado dicir que, Antón o Ricaz, estudou, e deica fíxose advogado, chegando a ocupar unha banca de deputado, dende logo, pola reaizón eisistente, non fai moito. E ao non ter nada que faguer na Capital da Península Sueva, volveu para seus nativos eidos, e o primeiro que tentou foi que cada un dos seus caseiros, lle fora a traballar vinte días no ano, sen ningunha cras de paga. O fracasar niste ladroeiro descamiño, da mesma maneira que denantes fracasara na súa reaxiva política, tencionou arrequecelas rendas e ao máis que puido chegar foi que, un domingo á saída da misa, un fato de rapazas novas, que para mellor cumprir seu propósito, levaban ovos apodrecidos, ao tempo que llos esnaquizaban contra a cachola, dicíanlle dicaces: . . . «Toma, Ricaz . . . ¡Toma á conta do que tencioas! . . .»
Dende ise día santo, non volveu a poñe-los pes no pobo, anque, en vinganza, non perde oportunidade de levar a cabo seus inapandábeles espasallos, deica o ponto, que vai faguer un ano que nos demandou por desaloxo aos seus trinta e dous caseiros . . .

DON UXÍO

E vosoutros, ¿que faguedes? . . .

PEPE DA RULA

Convertimos o importe das rendas en diñeiro, e depositámolo ao seu nome

DON UXÍO

Correito. ¿Para que máis? . . .

BASTIÁN DO TURREIRO

Pero iso non é todo, por canto polo pobo rumoréxase que o Ricaz mercou ao xues e, de ser eisí, nin que dicir ten que o asunto é serio, tan serio, que iso, máis que nada, foi o que determiñou que viñéramos a ver á Vosa Eiscelencia . . .

DON UXÍO

Anque moito dubido de que o Ricaz, poida hoxe en día mercar ningún xues, fixéchedes ben en vir a verme, sen perxuicio de que o antes posíbel me fagades chegar un escrito firmado polos trinta e dous caseiros do Ricaz, acusándoo do que agora me estades dicindo. Polo demais, ídevos tranquelizados, na seguranza de que nada perxudicial vos vai acontecer . . .

PEPE DA RULA

No nome de todos, moitas gracias, e queira o Ceo conservar a saúde da Vosa Eiscelencia, por cen anos máis . . .

DON UXÍO

Traguédeme canto antes o escrito, e deixade o Ricaz pola conta miña . . . *(Mutis dos campesiños)*

ESCEA VII

(A mesma escea. Polo foro, fronte ao escretorio, aparesce o ordeanza, que di a Don Uxío:)

ORDEANZA

O Siñor Capitán Xeral, Don Fernán Petaforte, pide venia, Eiscelencia . . .

DON UXÍO

Que pase, e acompáñeo . . .
(O ordeanza acompaña ao visitante, un home xa entrado en anos, coidadosamente traxeado de cevil, e que tan soio leva unha modesta insiña xerárquica no lado esquerdo do peito. Don Uxío espera ao Xeral de pé, e cando se alcontran un fronte do outro, fan sendas incrinazóns, dándose efusivamente a destra. Logo, Don Uxío oferécelle un sofae, sentándose ele en fronte. Sigue falando Don Uxío:)

¿A que debo a honra da súa gratísima visita, meu distinto Xeral?...

O XERAL

En primeiro termo, meu moi ilustre Siñor Menistro, para ter o persoal honor de poñerme ás súas ordes i en segundo, para saber pola propia Vosa Eiscelencia, que hai de certo respeito ao que por ehí se rumorexa de que intenta suprimir o Exército . . .

DON UXÍO

Pois o que ouvíu o meu distinto Xeral, é verdade: penso suprimir o Exército . . .

O XERAL

(Alarmado) ¡Permítame, Siñor Menistro! . . .¿Percatouse a Vosa Eiscelencia o que pode chegar a resultar que se deixe un país inerme, á eiscrusiva mercede doutros países, que ao ver ao noso sen posíbele defensa, poden virse a botar sobor de nós o mesmo que cans doentes?. . .

DON UXÍO

(Sorrindo calmosamente) Polo que acaba de meñifestar respeita, pode quedar meu patriano Xeral coa máis ausoluta tranquilidade, pois, sen seren os cañóns, eisisten outras armas, tanto ou máis convincentes que os cañóns mesmos. Mentres tanto, vamos ir adiantando noso patrián programa de convertir o aceiro dos nosos cañóns en rellas de modernos arados, para que os sucos que istos abran, multipriquen as sementes, por canto deiquí en diante, ouservaremos o invariábele lema de non meternos con naide, nin faguer mal a ninguén. E seguindo ista conduta, quen, ou quenes tencionen meterse con nós, téñao por certo, meu nobre Xeral, que o pensarán dúas veces denantes de afoutarse . . .

O XERAL

¿Está certo que non faia moito de utopía no seu pensar, Eiscelencia?
. . .

ESCEA VIII

(Acéndese a luz roxa, e sona o timbre. A operadora apreme o botón, e volve a escoitarse a voce de denantes:)

AXENTE

¡Axente Tres!. . . ¡O Axente Tres, chama! . . .

OPERADORA

¡Suevia Ceibe escoita, compañeiro! . . .

AXENTE

Arelo falar co Xefe . . .

(Don Uxío, acude prestamente, mentres dille ao Xeral)

DON UXÍO

Coa súa licencia . . .

O XERAL

Atenda, atenda, Eiscelencia . . .

OPERADORA

Prestes te atende o Xefe, compañeiro . . .

DON UXÍO

(Cabo do taboeiro) O Xefe, Axente . . . ¿Acontece algo? . . .

AXENTE

Acontece, meu Xefe. Dende que a «Choutona» sulcou as augas suevas, acontece algo que é para non crerse. Eu mesmo non sei eispricarme ben o que está pasando, pois cando chegamos ao Atlán Suevo, o contraalmirante Pernas dou orde de erguer voo a meia ducia de aviadores, e cando os avións estaban dispostos a partir, e os aviadores sobor dile, todos a unha, guindáronse dos aparatos, como se queimaran. Mais, o colmo dos colmos, costituíuno o propio contraalmirante, pois, mentres, arroutado, non poñía miramentos en aldraxar aos seus subalternos, calificándoos de galiñas, ele, comenza a feder como se mesmamente estivera apodrecido. Chamados os físicos da nave coa premura do caso, un diles, que tamén oficia de capelán, opinou que a doenza do Pernas, era un castigo do Ceo. Os outros físicos, aconsellaron chegar apreisuradamente ao primeiro porto, e haza alo vamos, meu Xefe...

DON UXÍO

(Con retranca) E agora, ¿como se alcontra o contra?. . .

AXENTE

Tan abaixado, que por precauzón, sacáronlle do seu alcance, deica as armas máis inoufensivas. . .

DON UXIO

Bueno; agradecido, e saúde novamente . . .

AXENTE

Non fago máis que cumprir miña obriga, meu Xefe . . .

DON UXÍO

(volvendo onde quedou o Xeral) ¿Dicía, meu distinto Xeral, referente á utopía? . . .

O XERAL

Dicía, pero perdóeme que xa nada siga dicindo, porque despois do que acabo de ouvir, polo seu Axente, dende un portaavións eistranxeiro, se algo lle queda por faguer a un Capitán Xeral da Nazón Sueva, con dinidade, como non dubido tela eu, é deixalo dunha vez, e para sempre, en mans tan certeiras como as súas, meu rango militar, para, pacífica e patrianamente coidar dos meu netos, como dende que nasceron arelo . . .
E agora, que soiamentes é un cevil o que fala, ¿heme dado perguntar, non ao escrarecido Menistro, senón ao esgrevio sabio, gran Mestre de mestres, no que respeita á física matemática, en que consiste o milagre do seu prodixioso invento, que un dos seus axentes lle acaba de trasmitir dende un lonxán portaavións eistranxeiro?. . .

DON UXÍO

Isto, que vostede escoitou dende un simpre portaavións, de maneira patrianamente confidencial lle mañifesto, que o mesmo puidera escoitalo, dende calquer mundo sideral, se nil, me fora posíbel faguer chegar a un meu axente . . . *(mostrándolle o aparatiño en forma de relós)* Iste aparatiño que vostede olla, e que paresce un iñocente xoguete, tanto pode sere na pas un mensaxeiro infalíbele, como na guerra un estroidor malfadado. ¿Ouviu, meu dileito amigo, Petaforte, o que pasou no portaavións «Choutona»? Pois iso, socedeu ao poñer meu axente, seu outro aparato, igoal a iste, tanto fronte aos aviadores, como fronte ao Pernas, intres en que o meu pensamento se convertiu en «realidade positiva»; para os aviadores, guindándose dos avións «queimantes»; para o xíbaro Fuco Pernas, quedar convertido en vivente pistraca humán . . . Pero, vamos ao noso, e supoñamos que noso Gran Fernán Petaforte termiñou súa misión como aguerrido i esgrevio militar, queda en pé o insiñe cidadán, Don Fernán Petaforte, escrarecido inxenieiro, a quen a patria precisa coa maor urxencia . . .

O XERAL

Fai moitos anos que teño perxeñado algo que ten relazón coa miña aitividade inxenieril, e como á Vosa Eiscelencia, sería un crime negarlle nada, apresadaréi de poer en limpo meus proxeitos, a fin de que meu distinto Menistro poida visa-los canto antes . . .

DON UXÍO

Eisí o espero para ben do noso país, meu insine sueviés, por canto, todo patriano esforzo que se faga polo ben da Patria, ten de ser semente, que o non lexano porvir multipricará con creces . . .

O XERAL

Eisí o penso tamén, e do que en min estea, endexamais será defraudada miña grandeira Nazón Sueva, no meu afervoado anceio de que chegue a convertirse no máis grande e progresivo país do mundo enteiro . . .

DON UXÍO

Eisí tamén espero velo drento de moi pouco, meu nobre Don Fernán . . . *(dándose un querendoso apretón de mans, e mutis de Petaforte)*

ESCEA IX

(A mesma escea. Pola porta após do escretorio, aparesce, sempre sorridente o amábele maordomo, que di a Don Uxío:)

MAORDOMO

Coa súa licencia . . .

DON UXÍO

¡Hola! . . . ¿Que te trai por eiquí? . . .

MAORDOMO

Viña a traguerlle favorábeles novas dos seus recomendados, xa que canto máis pasa o tempo, mellor se comportan cada un diles...

DON UXÍO

Mira que ben. Non te maxinas canto me leda sabelo . . .

MAORDOMO

E máis aínda, cando por eisempro, a «Pernona», que finxía ademirabelmente súa doenza, a pesar de ser unha muller san como un buxo, saiu unha pantástica cociñeira, eisí como a «Vaidosa», unha ama de chaves envidiábel. Pero, o da «Salouca», costituie o caso máis eisceicional, por canto a teño destinada para que me sustituia no meu carrego de Axente Númaro Dous, para o que será ideial, pois contoume que cando era pequena, facía no teatro infantil o rol de lumia, e gostaríalle volvelo a faguer agora, para mellor desencarantoñar a quenes non poden deixar de sentiren co bandullo súas patrianas inquedanzas. Polo que ao Pillota fai, estuda día e noite degoxonamente para chegar a ser advogado canto antes; o Pífaro, convertido no xuicioso ordeanza que Vosa Eiscelencia coñece e, polo que respeita ao Salocho, aparte de sere un home de pelo en peito e de avantados ideás posui unha sensibilidade e unha homía de ben, de acordo a como se precisa no desempeño de Oficial Nazonal, para o que xa o teño destiñado . . .

DON UXÍO

Pois meus máis sinxelos parabens, meu esforzado colaborador. Con patrianos como ti, nosa Patria avantará a paso de xigante...

MAORDOMO

(Visibelemente conmovida) ¡Gracias, siñor! . . . !Moitas gracias! . . . *(mutis)*

ESCEA X

(A mesma escea. Nila, Antón o Ricaz, trintentón, vestimenta impecábele, fachendoso, déspota, arruallado e ausolutista, que se non preocupa de desimular istos defeitos diante do mesmo menistro. Como na devanceira escea, aparesce o ordeanza dicindo:)

ORDEANZA

O Tío Antón o Ricaz, arela ter unha entrevista coa Vosa Eiscelencia . . .

DON UXIO

Fágao pasar . . .

O RICAZ

(Co chapeo na man, incriñándose, pero sin saudar) Miña presencia eiquí, non se debe a outra cousa, Siñor Menistro, senón a de querer saber o porqué se non cumpren as leises como Deus manda . . .

DON UXÍO

As leises, hoxe, como nunca se cumpriron. Agora, que as novas leises non estean ao teu gosto, coido que non serás quen tencione que o Goberno teña de faguer leises eiscrusivas para ti . . .

O RICAZ

E por que non, se as leises que aitoalmente rixen, non sirven máis

que para darlle a un carraxes e desgostos. ¿Como pode considerar posíbele o Siñor Gobernante, que faia dous anos que non percebo nin unha cadela nin un soio grao dos meus caseiros, ameazándome, enriba, con deixarme sen as miñas terras, por canto terei que vendelas ao facheiro prezo que ao Goberno lle se antoxe. . .

DON UXÍO

(Dicaz) Vano será que che eisprique, que as leises que nestora rixen na Suevia, foron feitas co máis patriano senso e a máis limpa ecuanimidade, tendo en conta, que unha das maores e bárbaras inxusticias viña sendo, que a terra que un labrego traballa, non sea súa. ¿Por que, ti, entón, tendo tantos herdos, vés cabo de min, co ouxeto de faguerme teu comprice, no caso de seguir permitíndoche que impunemente sigas chuchando o sangue dos teus caseiros? ¡Vaite! . . . ¡Vaite dunha vez para sempre, e non volvas a faguer perderme o tempo, que o tempo non ten prezo para min! . . .

O RICAZ

¡Pero isto, é un abuso! . . . *(subitamente colle coa man direita a nádega, i erguendo ao mesmo tempo a perna, eiscrama:)* ¡Ai, miña nádega!!! . . . ¡Que couce acaban de darme nela, recoiro!!! . . .

DON UXÍO

(Surrindo) ¿Non será túa concencia quen che coucea? . . .

O RICAZ

(Dando unhos pasos, coxeando) Miña concencia, non é posíbele que sea tan mula . . . *(collendo agora as nádegas con ambas*

mans, e dando pequenos brincos, deica faguer mutis:) ¡Ai! . . . ¡Ai, miñas nádegas! . . .

(Báixase o Pano lentoramente)

FIN DO LANCE PRIMEIRO

LANCE SEGUNDO

ESCEA XI

(Ao erguerse o Pano de fondo, aparesce un decorado que representa un pasarúa, que vén de direita a esquerda do foro, onde termiña por faguer diagonal, e nila, aparentando ser unha modesta vivenda, hai unha porta praiticábel, partida en dúas hourizontalmente. Enriba desta porta, ten de haber unha curuxa disecada, e a cada veira dila, a cornamenta de dous machos cabríos. Breves istantes a escea soia. Polo pasarúa, sempre de direita a esquerda, vén o Ricaz, na compaña de Xohán Fuches e Tori Micho, dous eistranxeiros malandríns. O Fuches, un vellestorio desgarbado, cos anteollos, enxenreirado i en cabelo descoberto; o Micho, un vellote zalameiro e sorridente, semi-roibo, que leva sobor da cabeza unha lustrosa chisteira. Os tres chegan fronte á porta, na que o Ricaz peta cos nocelos. Hora, intre fusco e lusco)

UNHA VOZ

(Polo lado interno de porta) ¿Quen chama? . . .

O RICAZ

Xente de pas . . . Vive eiquí a lumia Rosalinda? . . .

A MESMA VOZ

Eiquí vive. ¿Que lle se oferece? . . .

O RICAZ

Vimos a visitala . . .

A MESMA VOZ

Teñen que agardar, porque está con outra visita . . .

O RICAZ

Se non é moito o tempo, agardamos que se libre . . .

A MESMA VOZ

Máis ou menos, de quince a vinte minutos . . .

O RICAZ

Sendo eisí, que se non apure, porque a agardamos . . .*(aos acompanantes:)*
Ista muller, ten sona por moitas légoas á redonda de que é unha adiviña como poucas. Por iso lle teño unha cega confianza, e deica estou disposto a darlle o que queira pedirme, con tal de que me amañe o político entredito que teño co menistro San Xurdio . . .

XOHÁN FUXES

(Falando entreveirado) ¿E poderse saber, que tal asunto é? . . .

O RICAZ

¡Xa o creo que pode saberse, aínda que para naide deixa de ser segredo que, dende que chegou a ser menistro, Uxío San Xurdio seia o máis desialmado verdugo que hoxe ten a Suevia enteira. E se a isto se engade no que na súa atordoada cachola lle se mete cando pensa que o branco ten de ser negro, da mesma maneira, que o negro, branco, nin o mesmo Deus o fai baixar da burra, crendo que a súa burra é o máis fogaxento alazán do mudo enteiro. Maxínese como se alcontrará, que está seriamente empeñado en que os probes sean ricos, sen importarlle nin pouco nin moito, que aquiles que temos bes de fertuna, vaiamos cunha man diante de outra polas portas do mundo. Calcule deica que ponto chegou seu adenzado eistravío, que intenta suprimi-lo Exército . . .

XOHÁN FUCHES

(Con mirar raposeiro) ¿Yu, non se engana? . . .

O RICAZ

¡De maneira algunha, meu amigo! . . .

XOHÁN FUCHES

(Impacentado) Yes, yes . . . Nós, amañar asunto seu, mister Ricaz, mellor que lumia, mellor que nadie. Nós, sabendo que agora mister Ricaz ser amigo noso, enviar a portos suevos varios nosos barcos con armamentos, desimulados en iñocentes caixóns consiñados ao seu nome. Unha vez ben acondicionados, fácil será despois mandar unhos cantos miles de turistas que termiñen faguendo o que faia que faguer . . .¿Que me dicir? . . .

O RICAZ

Se canto antes Deus te ouvira, mellor que mellor sería, meu loubado don Fuches . . .

TORI MICHO

(Luíndose as mans de lediza) Eiquí a nosa estar . . . ¿Non parescerche, Fuches, que mellor craro, non poder? . . . O día que isto soceda, terá de ser meu día. ¡E non digo ren de como se poñerá de lediciosa miña graciosa raíña cando saiba!!! . . .

(Ábrese a porta da vivenda da Lumia, dando paso por ila ao Fuco Pernas, que carestiosamente camiña levando unha linterna acesa na man direita. Após do Pernas, un mozo vestido de mariñeiro, con un embrullo na mau esquerda, envolveito nunha bulsa de pano. A Lumia ábrelles a porta ao Pernas e ao mariñeiro, mostrándose vestida de verde, levando na cabeza un pano da mesma coor, nudado na coliga. O despedirse do Pernas, lémbralle:)

A LUMIA

Para a súa doenza, a mellor e máis segura cura, e a que lle encomendei. Eu, polo menos, non coñezo outra . . . *(Aos novos visitantes)* Confío en que desimulen, pola espera . . . Agora, estou ás vosas ordes, e que sean ben vidos . . . Pasen . . .

(Mutis do Ricaz, Fuches, Micho e Lumia . . . Ao atravesa-la escea, Pernas e o mariñeiro, iste, entreabre a bulsa, deixando ver parte dun ouriñol. Logo, apreta siñificativamente o narís coa man direita, faguendo sinificativamente mutis após do Pernas:)

ESCEA XII

(A mesma escea, co Despacho do Menistro, con ele sentado no escretorio. Polo foro, sen sere anunciado, entra Petaforte cun abultado portafolio baixo do brazo direito)

PETAFORTE

(Con xubilosa cordialidade) ¡Embora, ao insiñe i esforzado liberdador da Suevia Ceibe! . . .

DON UXÍO

(Saíndo ao seu alcontro) Tal digo ao patriano Don Fernán Petaforte, honra do chan que tripa . . . *(danse efusivamente a destra)*

PETAFORTE

Anque soio sea en parte, percurarei faguer honor a tanta inmerescida boanza, para maor grandeireza da Patria. I en proba de que arelo compartir dos esforzos do siñor menistro, alcóntrome agora eiquí . . . *(collendo afabelmente por un brazo a Don Uxío, lévao haza o escretorio, e sacando do portafolio unhos supostos dibuxos,eisprícalle:)* Eiquí, ten de estar o porto principal, dobre, que será de catrocentos de longo por trinta de largo . . . iste outro, de douscentos, tamén de trinta de largo, i estoutro, de moi cerca de trescentros metros, destinado para toda nave que percise entrar en carena, viría a compretar o vindoiro porto de Vilanova, cuio costo, apenas se chegará a sesenta millóns de pesos . . .

DON UXÍO

Pois, como iste seu proxeito non meresce ser discutido siquera, ¿qué tempo calcula que se percisará para findar seu xigantesco proxeito, meu grandeiro Don Fernán? . . .

PETAFORTE

Calculando que as nosas canteiras de San Amaro e as do Castro, nos surtan de material suficente; contando de que nosos Outos Fornos abastezan cumpridamente nosas indispensábeles necesidades, e non esquecendo que, ao non haber servicio militar, contamos, facilmente, co vinte por cen de oitocentos mil xóvenes suevos, en bastante menos de tres anos, non queda ren por faguer . . .

DON UXÍO

Pois man á obra, canto antes, e que presto, Vilanova, poida chegar a ter un porto moimental de acordo ao seu prestixio, meu dileito sueviés . . .

PETAFORTE

¡Xuro, e prometo, que por naide nin por nada defraudaréi ningún sueviés! . . .

DON UXÍO

Seu san patrianismo, e a escrarecida capacidade que posúi, son súas mellores garantías, meu nobre amigo . . .

PETAFORTE

Non fallará tempo de poder amostralo; e, agora, como teño copia distos orixinaes, cúmpreme o honor de deixalos baixo súa custodia . . .

DON UXÍO

(Collendo louminosamente os pranos) Pode deixalos confiado, sabendo que son ouro en polvo . . .

PETAFORTE

(Apreixándolle cordialmente a destra) Noso deica sempre, é un deica logo Eiscelencia . . . (*mutis de Petaforte*)

ESCEA XIII

(A mesma escea. Entra nila o ordeanza, anunzando:)

ORDEANZA

O siñor Fuco Pernas, pide venia . . .

DON UXÍO

Pode pasar. . .

FUCO PERNAS

(Trubado e indeciso) Sinxelamente, dubidaba que Vosa Eiscelencia me permitira chegar deica ela

DON UXÍO

¿Por que?

FUCO PERNAS

Porque, anque agora non o sea, non fai moito que fun seu nemigo decrarado.

DON UXÍO

¿E que razón podía ter para ser meu nemigo, sabendo que eu lle non fixen mal ningún? . . .

FUCO PERNAS

Ningunha outra, que non fose a de cumprir a minsión que me confiou miña superioridade, siñor . . .

DON UXÍO

(Dicaz) E súa su pe rio ri da de, confiando na impunidade de non teremos armamento, mandouno a vostede para amedoñar aos mainos moradores da Suevia, intentando sulcar noso ceo cos raposeiros avións do «Choutón» ¿non si?

FUCO PERNAS

(Medoñento) Confeso que si, Eiscelencia . . .

DON UXÍO

(Con xesto serio) I entón, ¿que vés a buscar eiquí agora? . . .

FUCO PERNAS

¡Miña saúde, e tan soio miña saúde, siñor! . . . Os físicos non dan coa miña doenza, e a Lumia Rosalinda, recomendoume viñera velo, engadindo que se no mundo hai un home de ben, ningún pode compararse coa Vosa Eiscelencia.

DON UXÍO

E a non ser meu entrave ao teu avoleceiro feito, en vez de alcontrarte agora fronte a min, convertido en facareña pistraca humán, houberas estado soicitando un ascenso pola túa avoleza, ¿No é certo? . . .

FUCO PERNAS

Unha vez que un sofre como estou sofrindo eu, seu único posíbele ascenso e o poder sanar da doenza que ten enriba. Todo o demais, deixou de ter importanza algunha para min . . .

DON UXÍO

Triste arrependimento cando se deixa chegar en carne propia, pero sempre ensexo para amosarche que non son da caste túa. Por iso quero comprobar se é certo que escarmentaches, liberándote dende iste mesmo intre; pero, se nos anos que che quedan de vida intentas volver a navegar polos mares suevos, en vano será que a naide te queixes ao ver que túas doenzas recruecen de novo. ¿Estamos? . . .

FUCO PERNAS

¡Que o Ceo llo pague, Siñor!!! . . .

DON UXÍO

(Con noxenta severidade) ¡Un home libre, xamais debe faguer o que ti fas!.. . . ¡Érguete! ¡Érguete presto, e que a sorte te axude! . . .

FUCO PERNAS

(Dispoñéndose a faguer rápido mutis) Gracias, Siñor, moitas gracias . . . *(Mutis tamén de Don Uxío, en canto Pernas desparece)*

ESCEA XIV

(Luz roxa no taboeiro, sonando o timbre, mentres a operadora apreme o botón, escóitase polo outavoz:)

AXENTE

¡Axente Catro! . . . ¡Axente Númaro Catro, fala dende un lugar da América

OPERADORA

¡Suevia Ceibe escoita! . . . ¡Sigue teu mensaxe, compañeiro! . . .

ESCEA XV

(A mesma escea, aparescendo Sabela, homildosa muller aldeán corentona, que trai pendurado dun brazo un cestiño «riandola», e saudando á operadora . . .)

SABELA

¡Boas tardes! . . .

OPERADORA

¡Boas e felice, miña dona! . . .

OPERADORA

Eu, garrida rapaza, viña coa arela de visita-lo menistro, para ousequialo con dous queixiños de cabuxa, feitos pola miña man, sen máis tención que demosar meu agradecemento pola súa fazaña de liberdar do servicio militar á xuventude da Suevia . . .

OPERADORA

Don Uxío, o menistro, non se alcontra niste intre, pero pode deixar seu ousequio, ou voltar cando ele se alcontre . . .

SABELA

Como vivo lonxe, se non fora moita a espera, agardaría . . .

OPERADORA

A cencia certa, lle non podería dicir. Pero, non sendo moito o apuro que ten, ¿non pode voltar outro día? . . .

SABELA

(Con firmeza) ¡De maneira algunha voltarei co que troixen, rapaza garridiña . . . ¿que houbera pensado meu Monchino de min? . . .

OPERADORA

¿Seu home? . . .

SABELA

(Con orgulleza) Non: meu fillo. O fillo que a patriana Lei do nunca loubado Don Uxío, o menistro, me liberou do servicio militar. Vou agardar que o menistro volte, se vostede non se incomoda . . .

OPERADORA

De maneira algunha . . . Acomódese tranquila . . .

ESCEA XVI

(A mesma escea, na que entra o Salocho, agora pulcramente traxeado, levando no oxal da solapa unha pequena medalla. Ao chegar fronte a operadora, faille un saúdo militar, quedando en posizón de firme, contestando ela con unha lene incrinazón de cabeza, ao tempo que o Salocho lle pergunta:)

O SALOCHO

¿O Xefe, compañeira? . . .

OPERADORA

Alcóntrase niste istante, cos outros menistros . . .

(Sabela deixa o cesto no chan, e avantando rapidamente, aperta con frenético arrauto ao Salocho, eiscramando:)

SABELA

¡Moncho! . . . ¡Meu Monchiño!!! . . . ¿Como é que te alcontras eiquí? . . .

O SALOCHO

(Voltando da súa solpresa, bica na fronte a Sabela, entenrecido) ¿E ti?

SABELA

Eu viñen traguerlle ao menistro, Don Uxío, dous queixiños de cabuxa. . . .

O SALOCHO

E tía Maripepa, ¿como se alcontra, como está? . . .

SABELA

Miña nai, velliña, dende logo; pero afoitada e forte como se os anos non pasaran por ela, e deica paresce que se remoza cando pon seus ollos nos de seu neto, que é sempre, porque llos non quita de encima.

O SALOCHO

(Surprendido) ¡Casácheste . . . ? . . .

SABELA

Non. Porque aínda ti non te casaches conmigo, pois é preciso que saibas que ti, e somentes ti, es o pai do meu fillo, ¡do noso fillo!, que, ao levar teu nome, preciso é tamén que non deixe de levar teu apelido, xa que vos parescedes como unha pinga de auga a outra pinga. Por outra banda, deica no caráiter e no xenio, hai entre os dous diferenza algunha... E agora, eisprícame, Monchiño: ¿Cando fai vinte anos tiveches que fuxir do pobo, perseguido por revoluzonario, non fuxiches para as Américas? . . .

O SALOCHO

Fuxín Sabela, fuxín. Pero, unha ves nas Américas, non tardei en adoentarme, deica o ponto de poderme chamar felís salvando meu pelexo, logrando voltar despois de incontábeles penurias, aos meus eidos. Mais, ao voltar, doume tanta vergoña confesar meu fracaso, que ao empurrarme a fame, pouco a poco fun perdendo a pouca diñidade que aínda me quedaba, termiñando por convertirme nun dos máis habelenciosos moinantes desta terra. E semesmo, aproveitando de que cando era rapaz, adeprendera a rascar o violín, adequerín un, e faguéndome o non vidente, cando ao caso viña, o demais todo foi en afaguerme a adaitarme, pois eisí como un enterramortos acostúmase a enterrar humáns, de igoal maneira se adoita un moinante a pedir esmola. E, a non ser polo miragreiro conxeito de alcontrarme co bondoso e padreiro esprito de Don Uxío, tería de ser un moinante por toda a duranza da miña eisistenza . . .

SABELA

¿E que fas agora, monchiño? . . .

SALOCHO

Asenllo ir descontando o non valedío tempo que perdín, encomenzando a ser agora o cidadán que debín ser sempre, tanto por agradescido, como por comprender que a Nazón Sueva, precisa, hoxe, como nunca, do patriano esforzo de cada cidadán . . . (*mostrándolle a Sabela a medalla)* Eu, que xa logrei conquerir iste honroso tiduo de Oficial Nazonal, somente quero conquistarte defiñitivamente a ti. E agora, que o bon fado volve de novo, deixa cesto e todo, e que a compañeira Carmela saia a contarlle a Don Uxío, o que acaba de acontescer . . .

OPERADORA

¡Encantada de ser mensaxeira de nova tan grata! . . . ¡Ídevos tranquilos, e que seades felices! . . .

SALOCHO

¡A mesma felicidade que arelamos para ti, nosa fidel amiga! *(mutis de Salocho e Sabela)*

ESCEA XVII

(A mesma escea, tan somente coa operadora. Polo foro, aparesce o Pillota, traxeado impecabelmente, con bigodiño xa, fumando fachendosamente un pito. Ao chegar onde a operadora, saúda, dicíndolle zalameiro:)

PILLOTA

Se nos ollos que niste istante te ollan, non hai trabucamento, teño de estar vendo a mesma Virxen da Espranza, na túa garrida imaxe . . .

OPERADORA

(Primeiro surprendida, e logo surridente) ¡Asús, Pillota! . . . De onde buscaches tan froridas verbas, hom? . . .

PILLOTA

(Pousando a man direita sobor o corazón) De eiquí, de eiquí mesmo me saien, para dicirchas a ti . . .

OPERADORA

¡Pero non eu mereszo semellantes verbas, Pillota! . . .

PILLOTA

Se non as meresceras, meu corazón non mas houbera inspirado, polo feito de que meu corazón non acostuma a ser parvo . . .

OPERADORA

Pero iso non quere dicir, que por moi lisgairo que teu corazón sea non poida enganarse de ves en cando . . .

PILLOTA

Poida ser que noutra, pero dista ves, sigo creendo que non . . .

OPERADORA

Bueno, ao ser eisí, fondamente agradescida por faguerme tan agarimosa distinzón . . .

PILLOTA

Eu tampouco deixo de ledarme polo teu agradescimento, maxínate!; pero, como meu corazón faime eisí por mor de que está namorado de ti, ¿sería moito saber, se o teu corazón podería namorarse tamén de min? . . .

OPERADORA

(Cabilosa) Home, Pillota, se che ei de falar con franqueza, direiche, que meu corazón nin estivo, nin está con ningún ligame no que a sentimentos querendosos respeita. Agora, máis adiante . . . Pero, ¿quen pode adiviñar o que acontecerá máis adiante? . . .

PILLOTA

Sé sinceira comigo, e dime a pura verdade. ¿Non me desprezas, porque ouviche falar que fun un rillote? . . .

OPERADORA

En maneira algunha, pois eisí como denantes poideches ser rillote, eres en troques, agora, o segredario privado do menistro San Xurdio, honra que sen ningunha cras de dúbida, envexarían máis de trinta millóns de suevos, se o sabiran, por se non abondara o estar por termiñares túa carreira de advogado . . .

PILLOTA

Eisí como ti, a de inxenieiro ténico . . .

OPERADORA

Tamén é certo, e razón de máis como para non considerarnos os dous eguales. Por outra banda, non iñoro que te chaman Lois, e non Pillota . . .

PILLOTA

Como tampouco iñoro eu, que te chaman Carmiña . . .

OPERADORA

Carmela, quererás dicir . . .

PILLOTA

(Ollando seu relós pulseira) Teño de irme, . . . Carmiña . . . *(dándolle un papel dobrado a Carmela)* toma, e cando me vaia e te enteires do seu contido, espero que me digas que che gostou, . . . Carmiña . . .

OPERADORA

(Co mensaxe na man direita) ¿Non será que me chamas Carmiña, para escoitar como eu, te chamo . . . Loi-si-ño . . . ?

PILLOTA

¿A quen pode amargullarlle un doce? . . .!Adeus, Carmiña! . . . *(mutis)*

OPERADORA

(Lendo o billete en voz outa:)

«Dende que te coñescín,
unha constante paixón
apoderouse de min ...
Si che prega o corazón
que a ela, ti, poñas fin,
¡Por Deus! ¡Non digas que non!...

(Bicando o mensaxe querendosamente, dóbrao con aloumiño, e mentres o mete no seo, mimosamente di:)
Non sei por que me está parescendo que iste conxanado vai a termiñar saíndo coa súa!...

ESCEA XVIII

(Acéndese a lus roxa, ao sona-lo timbre e apremer o botón a operadora, óiese:)

AXENTE

¡Axente Número Cinco! . . . ¡Axente Número Cinco, nun lugar de América! . .

OPERADORA

Suevia Ceibe escoita . . . Fala, compañeiro . . .

AXENTE

Fágovos saber, que dende fai pouco, alcóntranse na terra da Suevia dous criminosos suxeitos paspalleteiros, que malfadan por onde van, o que falan, ollan ou tocan . . .

OPERADORA

Coñecemos as andadas distes paxaros de conta. A xusticia está a ponto de botarlles a gadoupa . . .

AXENTE

Canto antes, mellor . . . ¡Saúde! . . .

ESCEA XIX

(A mesma escea, na que aparesce o Pífaro, quen, despois de saudar afabelmente á Operadora, dille en tono confidencial:)

PÍFARO

Denantes que nada, hei de dicirche que me chaman Felipe, para que, en diante me chames eisí. Respeito ao que vai coa miña enzona, hei de acrararche que estou perdidamente namorado de Rosalinda, e como eu, ante o medo de levar un non, no me estrevo a decrarárlleme, moito che agradescerei que desimuladamente lle perguntes . . . bueno, ti, ben sabes entenderme, ¿non? . . .

OPERADORA

Ben que sei entenderte, ben; pero, o que non chego a entender, é, por que coa mesma sinxeleza que me falas a min, non lle falas a ela . . .

PIFARO

¡Que craro se ve que nunca estiveches namorada! . . .

OPERADORA

Mellor será que non xoguemos con lume, porque, ao mellor, saímos queimándonos . . . Polo que contigo conta, non dubides que farei por ti o que estea ao meu alcance, e despois que nos vexamos o teu «tormento» i eu, xa che contarei como vai o choio . . .

PÍFARO

¡Non esperaba menos de ti, miña amiga! . . . !Graciñas, moitas gracias, Carmeliña! . . . *(mutis do Pífaro)*

ESCEA XX

(A mesma escea, na que pouco despois aparesce Rosalinda, sorridente, co seu vestido verde. Con afeito cordial, fúndese coa operadora nunha querendosa aperta)

ROSALINDA

¡Que nunca Deus me leve se cada día que chega ao mundo, non te atopo máis goapiña que nunca! . . .

OPERADORA

Cando se olla con sentir amizoso, todo pode acontescer, pois, ti, paresce que te empeñaras en ollarme eisí . . . E, ao par do meu

agradecemento pola túa amizosa bondade, quero darche unha grata solpresa, que é a de faguerche saber, que un galán, que bebe os ventos por ti, sería moi capás de dar ialma e vida polo teu querer...

ROSALINDA

¿Tanto é o que lle cheguei? . . .

OPERADORA

Tanto, como non podes maxinarte . . .

ROSALINDA

(Algueireira) ¡Entón, felís de min, e felís dele, xa que naide sería capás de poder medir a intensidade do meu cariño, senón outro cariño igoal *(aloumiñándoa)* ¿E que agardas para dicirme quen é, Carmiña? . . .

OPERADORA

Non te apreses, que ao termiñar o Xuicio, heicho de dicir . . .

ROSALINDA

(Impacente) ¡Ai!, Carmela, Carmeliña . . . ¡Como me fas cocheguear o corpo! . . .

ESCEA XXI

*(A mesma escea, coa operadora e Rosalinda. Momentos despois, entran Xohán Fuches, Tori Micho e Antón o Ricaz, custodiados polo Oficial Salocho, que invita aos tres a sentarse nos sofaes, quedando ele de pé. Pola porta após do escretorio, entra o segradario Pillota, o defendedor, esperando de pé a Don Uxío, que entra en último termo, sentándose no asento do meio, seguéndoo inmediatamente despois, o defendedor á esquerda, e o segredario á direita. Tanto diante do segredario, como eisimesmo, diante do defendedor haberá sendos bada*** (*) con escritos. O Segredario, poéndose de pé, e lendo:)*

SEGREDARIO

No limpo e acolledor Ceo da Suevia Ceibe, niste intre, aínda contra a nosa vontade, obríganos a elo a patriana obriga de faguer ixemprar xusticia, contra tres desleigados contravidores das nosas optimas leises. Querendo atallar radicalmente futuros espasallos, que de maneira algunha se poderán sofrir, sobor todo, nista vegada, na que uns axentes eistranxeiros, espasallando das ceibes leises que a Suevia ten tencionan impor súas baldrocas vontades, como o xíbaro e cínico Xohán Fuches, perigoso e funesto político, cuios crimens internazonaes costituien un aldraxe para calquer nazón que se teña por berce diste desialmado criminoso . . .

XOHÁN FUCHES

(Carraxento) ¡Vese ás légoas, que as leises dista terra son calcadas nas de após das cortiñas de ferro! . . . ¡Por algo as leises da Suevia, non son outra cousa que puras chalrataneirías! . . .

(*) O texto mutilado no manuscrito orixinal aparece indicado por asteriscos (***).

SALOCHO

Se o enxuizado sigue alteirando a verdade, e non gardando o respetoso acatamento que ten de merescerlle iste honroso Tribunal, sen ningunha cras de miramento, metereino no calabós . . .

SEGREDARIO

(Dirixíndose a Rosalinda) ¡Axente Númaro Dous! . . . Eispoña ante iste Honorábele tribunal, súas acusanzas, contra istos contravidores das nosas leises . . .

ROSALINDA

(Erguéndose) Afirmo, baixo xuramento, que sendo as sete horas do serán do día tres de Setembro do ano aitoal, fronte á miña vivenda, alcontrábase o sueviés, Antón o Ricaz, na compaña dos eistranxeiros Xohán Fuches e Tori Micho, que iban a visitarme, e visitáronme, recollendo por min en gravazón o que os tres dixeron, e que é o seguinte, comencipiando polo Ricaz: *(polo outavoz do taboeiro, escóitase o gravamento)*
«Ista muller, ten sona por moitas légoas á redonda de que é unha adiviña como poucas. Por iso lle teño unha cega confianza, e deica estou disposto a darlle o que queira pedirme, con tal de que me amañe o político entredito que teño co menistro San Xurdio . . .

ROSALINDA

Engadindo en segundo termo: *(sigue o gravamento)*
«aínda que para naide deixa de ser segredo que, dende que chegou a ser menistro, Uxío San Xurdio seia o máis desialmado verdugo que hoxe ten a Suevia enteira. E se a isto se engade no que na súa atordoada cachola lle se mete cando pensa que o branco ten de ser negro, da mesma maneira, que o negro, branco, nin o mesmo

Deus o fai baixar da burra, crendo que a súa burra é o máis fogaxento alazán do mudo enteiro. Maxínese como se alcontrará, que está seriamente empeñado en que os probes sean ricos, sen importarlle nin pouco nin moito, que aquiles que temos bes de fertuna, vaiamos cunha man diante de outra polas portas do mundo. Calcule deica que ponto chegou seu adenzado eistravío, que intenta suprimi-lo Exército» . . .

ROSALINDA

Termiñando por darlle o parabén ao eistranxeiro Fuches, con ista vendepatriana mañifestazón: *(sigue o gravamento)*
«Se canto antes Deus te ouvira, mellor sería, meu distinto don Fuches» . . .

ROSALINDA

Todo isto, é mentira, ou non . . .

O RICAZ

Desde logo, que é verdade . . . Pero, se soubera que en ves de Lumia, eras espía, outro galo che cantara . . .

ROSALINDA

Seguiremos agora co paspalleteiro Xohán Fuches, no istante en que responde ao Ricaz: *(gravamento)*
«Yes, yes . . . Nós, amañar asunto seu, mister Ricaz, mellor que Lumia Rosalinda, mellor que naide. Nós, sabendo que agora mister ser Ricaz noso amigo, enviar a portos suevos varios nosos barcos con armamentos, desimulados en iñocentes caixóns consiñados ao seu nome. Unha vez ben acondicionados, fácil será despois mandar unhos cantos miles de turistas que termiñen faguendo o que faia que faguer . . .¿Que me dicir?. . .»

ROSALINDA

¿Que alega a todo isto? . . .

XOHÁN FUCHES

(Con fachendoso arruallo) Que esto é de certo verba por verba ******** pero, como non chegar a ser ******* ******, emprazo a quen teña***** ningunha cras de lei . . .

ROSALINDA

I en derradeiro termo, queda o galeirudo Tori Micho, que, ao faguer causa común, co Ricaz e o Fuches, eiscrama ledizoso: *(gravamento)*
«O día que isto chegue a soceder, terá de ser meu día máis felís... ¡E non digo nada de como se poñerá de lediciosa miña graciosa raíña cando o saiba!»

ROSALINDA

¿Nega o que a súa propia voz lle repite, mister Micho?. . .

MICHO

Certo ser, yes. . .

ROSALINDA

O que acabo de espor, é a minsión que Vosa Eiscelencia me confiou. . .

DON UXÍO

De máis está dicir que teu éisito foi mañífico, polo tanto, eu como o pobo Suevo, quedámosche imperecedeiramente agradescidos, patriana Axente Númaro Dous . . .

ROSALINDA

(Erguéndose) ¡Gracias, Eiscelencia, gracias! . . . ¡Nunca o esquecerei! . . .

DEFENDEDOR

(Erguéndose) Pido a verba Eiscelencia

DON UXÍO

A verba é súa. . .

DEFENDEDOR

Era para mañifestar ********** sigo confiando nela***** ********** prar Xusticia de costu**********

DON UXÍO

(Ergéndose) Como ********** ********** condénoo a carrexar ********** ********** polo termo de cinco anos ********** ********** Polo mesmo termo, sen deixar de ter en conta que o Micho, é, hoxe en día un probe home que brúa xa sen dentes ********** quitarse a chisteira, os dez cortellos que o Ricaz posui con non menos de oitenta porcos,

se denantes súa graciosa raíña non se dina repatrialo. En canto ao que respeita a Xohán Fuches, atentos a que as leises da Nazón Sueva, non permiten ademitir nela, criminosos, e despois de comprobar que Xohán Fuches o é, dánselle vintecatro horas para que deixe iste país. Mais, desde agora mesmo, e co ouxeto de que non quede sen seu xusto premio seu anceio de encher o país Suevo de armamentos, súas mans comenzarán a arreitarlle sangue polos días que lle queden de eisistenza...

FUCHES

(Quitando as luvas das mans, e arrepiado ao velas arreitando sangue)
¡Non! . . .¡Por caridade, non, Eiscelencia!. . . ¡Mándeme afusilar, pero non me condene a deixar miñas mans eisí, por compaixón!....

DON UXÍO

¿Compaixón? . . . ¿Por boafada, tivéchela ti por ningunha das milleiras de vítemas túas? . . .

FUCHES

(Entolecido, poñéndose de xionllos, coas mans ergueitas) ¡Non!, ...¡Non! . . .¡Isto non pode ser! . . .¡Piedade, Eiscelencia, piedade!!! . . .*(erguéndose axilmente, levando ambas mans ás nádegas)* ¡Ai! . . . ¡Ai, que me coucean! . . .

O RICAZ

(O Micho) A iste, tamén o coucea a concencia . . .

FUCHES

(Dando pequenos brincos)
********** probes nadeguiñas...

(Pola porta após **********
traxe rexional galego **********
garimosamente os ollos ac **********

AXENTE PRIMEIRO

¿Adiviñas quen son?...

DON UXÍO

¡Como non vou adiviñar quen é a miña Axente Primeiro, miña Vida, miña FORZA SEGREDA!

CAI LENTORAMENTE O PANO

FIN DE «FORZA SEGREDA»



Era para mañifestar
sigo confiando
prar Xusticia de

(erguéndose) Como
condenóo a carrexa
pol-o termo de cinco
Pol-o mesmo termo,sen
Micho,é,hoxe en día un
quitarse a chisteira,os
de oitenta porcos,se denantes sua graciosa raíña non
En canto ao que respeita a Xohan Fúches,atentos a que as leises da Nazón Sueva,non permiten ademitir n-ela,criminosos,é despóis de comprobar que Xohan Fúches o é, dánselle vintecatro horas para que deixe iste país. Mais, desde agora mesmo,e có nuxeto de que non quede sen seu xusto premio seu anceio de encher o país Suevo de armamentos,suas mans comenzarán a arreitarlle sangue pol-os días que lle queden de eisistenza...

- F Ú C H E S -

(quitando as luvas dás mans,e arrepiado ao vel-as arreitando sangue)... ¡Nón!...¡Por caridade,nón,Eiscelencia!...¡Mándeme afusilar,pero non me condene a deixar mifias máns eisí,por compaixón!...

- D O N U X Í O -

?Compaixón?...?por boafada,tívechela tí por ningunha das milleiras de vítemas tuas?...

- F Ú C H E S -

(entolecido,poñéndose de xionllos cóas mans ergueitas) ¡Nón!,...¡Nón!,.. ¡Isto non pode ser!...¡Piedade,Eiscelencia,piedade!!!...(erguéndose axilmente,levando ambas máns as nádegas-)¡Ai,!...¡Ai,que me couceanl...

- O R I C A Z -

(ao Micho) a íste,tamén o coucea a concencia ...

Reproducción do texto orixinal mutilado.



(dan o pequenos bric
probes nadeguiñas.

(pol-a porta após
traxe rexional ga
garimosamente os

?Adiviñas quén son ?...

- D O N

¡ Cómo non vou adiviñar quer é miña Axente Pri miña Vida,miña FORZA SEGREDA!!!

C A I L E N T O R A M E N T E O P A N O

FIN DE "FORZA SEGREDA"

Poemas inéditos ou dispersos en varias publicacións

1913[1]
Xa estades na Primavera
Tempos que eu gocei algún día,
Hoxe estoume lonxe de eles
Con que gusto eu os vería.
E por velos eu daría
Os aires eses, da terra
Ese fogar esas prantas
E a xente que vive en ela
Daríalle a miña Alma
A quen trocalo quixera.
Os que estades aínda alá
Xa estades na Primavera.

[1]Poema inédito, enviado en carta a Amalia o 4 de xuño de 1913.

1924

Santo e Seña[2]

¿Donde está a Xustícea?
¿donde está a Razón?
¿Donde están os fillos da nobre Galicia,
que a libren das poutas dos sin curazón
que de morta a queren ferir de traición?

A virxe Alborada, ¿por que non se inícea?
Baruda alborada que cantou Pondal,
trai a pax a feixes, pra nosa Galicia,
prá terra bendita que sofre a inxustícea
da pouta fatal!

Bravos irmandiños,
¡defendede o chan,
que hoxe se percisa ir polos camiños
ca fouce na man!

Desafiando a sorte
ante os menoscabos,
¡Romper as cadeas! pois antes que escravos...
dúas centas mil veces, vale máis a morte!

[2]Poema escrito para *El Despertar Gallego*, onde se publicou o 17 de maio de 1924.

1924

Voz de alento[3]

(Para os valentes e barudos irmás
Castelao e Fernández Mato, en prena loita)

¡Valme, Deu!
valme se existes, ben meu,
botando unha ollada ó chan
ferido ca labarada
de ruín lei, ensanguentada,
pola pouta castelán...

O espritu celta rabea
baixo a preseón da cadea
dun gobernado fatal,
porque quere mata-la Ideia
co isa lei que tambaleia
por podre e por creminal...

Meu galego irmán, escoita!:
Moitos quedaron na loita,
pro no importa, queden máis!!!
...que hai que abri-lo suco agora
pra irlle dando entrada á Hora
que os fillos venguen aos pais!

[3]Poema publicado en *El Despertar Gallego* o 6 de xuño de 1924. Ramón Fernández Mato, escritor e xornalista nado en Crespón (Boiro), en 1889, estudiante de medicina en Santiago, carreira que, como Castelao, nunca exerceu, amigo del, publicou conxuntamente con Castelao, *Galicia Moza*, traballando os dous pola defensa de Galicia. Como xornalista, colaborou xa na época de estudiante en Monforte, na publicación *Cantaclaro*; estando en Santiago, en *La Gaceta de Galicia*, e dirixiu *El Pueblo Gallego*, de Portela Valladares. Desempeñou varios cargos públicos no goberno da República e finalmente tivo que exiliarse en Cuba.

Pos que estamos alonxados,
aínda sendo axusticeados
por mor da separaceón,
somos fillos de Breogán
con espritu e curazón,
dispostos hoxe, mañán,
¡sempre!, con viril paseón,
a ergue-la fouce na mau
pra que alumexe no chau
o sol da liberaceón!

1924

Anxeles Otein[4]

Topándose a miña Musa un tanto inquieta
por un lirismo que a súa fe axiganta,
quer rendirche na túa groria tanta
o sentido homenaxe do seu poeta.

Pois unha emozón íntema e segreta
o seu mutismo habitual quebranta,
desde cando apreceou na túa garganta
os encantos do ave Musageta.

Naide iñora no mundo nin extraña
que a túa estrela fel, que ben te arroba
e a todo-los teus laures acompaña.

Faga contigo a delicada proba
de que así espalles a trunfal boa nova
pra honra e groria de Galicia e España.

[4]Poema publicado no *Correo de Galicia*, o 10 de agosto de 1924.

1924

Ramón Suárez[5]

Dixéronme que tiña drento do corpo o diaño,
uns homes cheos de cartos, que adouran a avarícea,
e ríndenlle un trebuto de acatamento extraño
á dama da Grandeza, no trono da Inxustícea.

«É un embruxado»... ¡Non!, berrei. Todo rapás
que no medio da testa leva a lus dun luceiro
pra que a xente que loita vexa ben o sendeiro
que atalla hasta os confíns, que marcan os Ideás.

Todo aquel que sin medo vai dicindo a verdade,
en aras dunha loita, vai presentando o peito
e inmolando o tesouro da súa mocedade
con fame de xusticea e en nome do Direito,

non poide ter embruxo, pois deféndeo a razón
do milagreiro fado, que o encamiña hacia o Ben...
Iste Ramón Suárez ¿sabéde-lo que ten?
O que a moitos lles falta por teren: ¡Curazón!

[5]Poema dedicado a Ramón Suárez Picallo, publicado en *El Despertar Gallego*, o 19 de outubro de 1924.

1925

Prendede a labarada[6]

¡Xa nunca non!, ¡A fouce nas dúas mans!...
O berro ronco y a mirada altiva:
Hoxe, cal nunca, é muy perciso, hirmáns,
que a terra que agoniza, forte viva.

Da terra as boqueadas. Necesario
é que se acuda a tempo, pois é o día
de reza-lo rosario
sin crus, da rebeldía!

Brúa o mar, dando o exempro
de fornida canzón xorda, cas olas:
unha canzón, verdade como un tempro
que fala de inxusticias hispañolas...

Hasta os mortos -¡non vedes!- que a Galicia
quixeron, ó morrer en forma extraña,
¿non vedes como piden xusticia,
formados en lexión Santa Compaña?

¡Galicia morre tola! ¿Naide axuda
a ben morre-la Nai, probe abafada?
¿Naide socorrre á Nai? ¿No hai quen acuda
a prender dunha ves a labarada?

[6]Poema publicado en *El Despertar Gallego*, o 7 de xuño de 1925.

1925

¡Probe Nai!...[7]

(Pro meu valente amigo don Mingos Rial Seixo)

Tería que soceder...
pro o caso foi que o quirido
filliño voltou ferido
á terriña pra morrer.

Moito a probe nai chorou
polo filliño sostén,
que por ser home de ben
tan mal destino levou.

Outro irmau, home sin par
y, ademais, mozo de lei,
maldice a pátrea y o rei
que tantas máis fan chorar.

Porque a nai de novo aterra
ó ver que vinte anos ten
e co iles chega tamén
o día de irse pra guerra...

Y aquil, como poucos hai,
con mirar fero e sutil...
loumiña un vello fusil
mentras, manso, bica á nai.

[7]Poema publicado en *El Despertar Gallego*, o 21 de xuño de 1925.

1925

Alentos de fe e de espranza[8]

I

Non podemos ter fe, mentras se chame
a inxusticia xusticia, e por maldade
se mande ó sacrificio á mocedade
en guerra, ¡vive Deus!, cruel e infame.

Non podemos ter fe, mentras inframe
as concénceas a negra iniquidade,
que permiten que un pobo, sin piedade,
o acobarden miserias, frío e fame.

Non podemos ter fe os que de lexos
nos chegan os fatídicos refrexos
duns homes que gobernan entre orxías
dirxidas por fatal coroada sen,
mentras se apouca un pobo en agonías,
chuchado por lles dar o que non ten.

II

¡Galahad! ¡Galahad!... Volta, santiño,
polo novo Sant Grial, ¡volta!, que avanza
a horda castelán, polo camiño
onde o leva haza ti a nosa espranza.

Contra o fusil i a espada, está o fouciño,
pro iste simbo inxénito, no alcanza,
pra deter a quen paga co extermiño
o rogo: ¡LIBERTA!, que un pobo lanza.

[8]Poema publicado en *El Despertar Gallego*, o 18 de outubro de 1925; datado en setembro do mesmo ano.

¡Galahad, Galahad, forte e valente,
descínguete dos séculos durmidos
i en maneira de Lux volta a ista Edade.
Trai contigo, Galahad, hastra o presente,
o esprito que nos deixe convencidos
de que o novo Sant Grial é a LIBERTADE!

1925
Insinña[9]

Ista vida no é vida; esta longa agonía,
que esquelética volta a máis forte estrutura,
é a fornida cadea do se cingue a insanía
que percipita os trances de morte prematura...

Sin remédeo morremos, orfos e desherdados
sin xa folgos prá loita que ista causa demanda...
¡Naide de nós se coida!... que os probiños coitados
forzoso é dean seu sangue, pros lobos da outra banda.

¡Irmáns... Un soilo esforzo!... que a nosa salvaceón
está nas poucas forzas que poidamos xuntar:
Un berro ben barudo que berre: «Redenceón»,
nosas cadeas pode pra sempre esnaquizar.

[9]Poema publicado en *El Despertar Gallego*, o 10 de Novembro de 1925; datado en outubro do mesmo ano.

1926

Levo na ialma[10] ...

Pra siñora Consuelo López de Mallo,
ca fonda tenrura dun fillo pra súa nai

Levo na ialma unha pena
tan mala de solevar
como a disa Madalena
que me enseñou a cantar...
¡Levo na ialma unha pena
fonda, como o fondo mar!

Pena que deixa somida
ca trabada do seu paso,
a languidés dunha vida
i a iniciación dun Ocaso.

Pena como o fondo mar,
no que soio topo escollos,
é ista, que me fun a dar...
pois fai tempo, teño os ollos
sin xa vágoas pra chorar...

¡Eu nin tan siquera podo
ser irmán das ansiedades...!
.....
¡Que xenio dará co modo
de poder esquecer todo,
por tod-as Eternidades...?

[10]Calviño estivo vivindo na casa de Dona Consuelo, a nai do médico-pintor e amigo Samuel Mallo López. Dona Consuelo, que era para el como unha nai, fixo posíbel a publicación do libro *Follas Dispersas*, por ela ter consevados os poemas escritos en diferentes ocasións polo autor. Este poema foi publicado no *Correo de Galicia*, o 7 de marzo de 1926.

1929

Desacougo[11]

(Ano Novo)

Outra nova volta enteira
dou o rudíceo do muíño
que alcontramos no camiño
da nosa ilusión pirmeira.

Comenza en pródigo amor;
pro cantas máis voltas dá
vai trocando a mocedá
por senectude e door...

...¿Que ser pode a derradeira...?
«Bergantiñán, bota viño...!
Non penses disa maneira,
pois sendo galego o muíño...
pode parar cando il queira».

[11]Poema publicado en *El Despertar Gallego*, o 23-1-1929.

1935

Embruxamento[12]

(A Emilio Estévez, honra do Arte Galego)

¡Antonte á noite estaban as rúas tan desertas!
Vinme tan soio en médeo desta cibdá durmida
que ó vagar, adoudado quedei ao ver abertas
cen misteriosas portas que un espeutro soicida
loitaba inutilmente por traspoer.
Incertas falanzas prenunciadas en fala embarullada
deixáronme preprexo, namentras que prendida
nun soave vao de bris, polo ambente avalada,
con írtica enerxía i un tanto asemellada
aos fels sones dun sino que ao dimpois, hoxe, avanta,
oubín, entre un soído de vibro singular,
eisí coma quen prega, máis ben coma quen canta:
«Son houra que hoxe pasa pra endexamais voltar».

Fun un probe lunático isa noite embruxada,
pois me faltou moi pouco, moi pouco, cuasi nada
pra encher a miña cunca de fel co pesimismo
saído do curruncho máis fondo de min mismo
pola incurábel falla do meu mal de soñar.
Miña aflebada mente se dou en cabilar
hasta hacha-lo pasado, o pasado dun día,
dun ano e doutro ano; dese onte que morría
levando coil, anacos de sentires prefundos,
sentires que a incansábel e inxente fantasía
aproveita pra dárlle-la forma doutros mundos.

[12]Poema publicado en *Galicia* (F.S.G.), o 29 de decembro de 1935.

¿I o Hoxe? ¡Non mo nomes, non mo nomes por Deus!
que o sino lle me conta a istos sentires meus
o que o Hoxe lle ordena:
Nouturnio vagabundo
que túas miserias levas polos vieiros do mundo...
¿Que buscas? ¿Meus misterios? ¿Non ves, coitado humán
teu vano e fraco empeño? ¿Non ves, probe adoudado,
que eu son quen leva o mundo decote arrecadado
hastra o dimpois eterno que enxendrará o Mañán?

Diploma no que se acredita a Xesús Calviño de Castro como socio activo da Sociedad Argentina de Autores y Compositores de Música.

1936

Rexurdimento[13]

Pra Camilo Lois López, argentino de lei, que recitando na nobre fala de seus pais, honra aos galegos

Hai un rexurdimento imperativo
na terra de Breogán, i unha alborada,
que de fronte ilumiña un xesto altivo
i unha mirada airada...
Hai un rexurdimento coleitivo
que fel concencia libertaria abala,
convertida nista hora
en fonda efervescenza promisora
que xa é inmenso lumiar de labarada...

Nin a tenra cantiga é don da vida
como foi sempre na galega fala,
nin o nome de Deus é garantía
pra dete-los anceios, na xornada
que afogue a treicionía
e vingue tanta sangue, que en riadas
bermellea as congostras i os camiños
distantes e veciños,
do probe chan da Terra asoballada...

¡Irmáns da Nai Galicia malferida!
¡Irmáns disa Galicia, desangrada!
pola brutal ferida
que á celtíbera raza
lle dá lenta agonía,
que máis firente fai a villanía
de quens a queran condenar a escrava!
¡Irmáns!... ¡Irmáns galegos!
na proisima alborada,
xuntémonos no coto
onde o dolmen foi ara
pra aviva-la lumiada incandescente
que fai a deslumbrante labarada
que ha de queimar pra sempre as inxusticias
que hoxe firen de morte a Terra amada...

¡Irmáns!... ¡Irmáns galegos!
¡Nosa Nai pide auxilio!... ¡Hai que salvala!

[13] Poema publicado por primeira vez, o 30 de setembro de 1936, en *Nova Galicia* (Portavoz de los Antifascistas Gallegos). Publicouse tamén o 4 de setembro de 1938 no semanario *Galicia* (F.S.G.), e en *A Nosa Terra*, o 25 de xullo de 1942. En *Galicia* (F.S.G.) publicouse novamente o 10 de novembro de 1950. Nas últimas publicacións, o poema figura con pequenas variantes, entre as que destaca a supresión da dedicatoria na publicación *A Nosa Terra*. Transcribimos a primeira e a última versión.

1950

Rexurdimento[14]

Hai un rexurdimento imperativo
na terra de Breogán, unha alborada,
que de fronte ilumiña un xesto altivo
e unha tráxica ollada...

Hai un rexurdimento coleitivo
que forte eséncea libertaria abala,
convertida, nestora,
en patriótica concencia promisoria,
que xa é intenso lumiar de labarada.

Nin a cántiga tenra é don da vida,
como foi sempre, na galega fala,
nin o nome de Deus é garantía
para deter ideaes, na xornada
de afogar treicionías
e vengar tanto sangue, que en riadas,
bermellea as congostras e os camiños
dos pobos irmandiños,
no probe chan da terra asoballada.

¡Irmáns da Nai Galiza malferida!
¡Irmáns da Nai Galiza desangrada
pola vilana frida
que á celtíbera raza
lle dá lenta agonía,
e fai máis afondada a tiranía
de quens a queren ver servil i escrava!

¡Irmáns!... ¡Ouh, meus Irmáns galegos!
Na próisima alborada,
xuntémonos no cúmiaro
onde o dolmen foi ara,
avivando a lumiada incandescente
da nosa Libertade, que a mesnada
de espúreos lobi-cans, sigue negando
á terra de Breogán, desamparada.

¡Irmáns! ¡Irmáns!... ¡Ouh, meus Irmáns galegos!
¡A Hora Pondaliana é xa chegada!!!

[14] Versión definitiva do poema, incrementando o sentimento nacionalista e baixo a influencia pondaliana, publicada en *Galicia* (F.S.G.), o 10 de novembro de 1950.

1939

Canto de Outono[15]

Na atlántica eistensión
i a través das centúreas, siguen izando as velas
tres naos aventureiras. ¡Son as tres Carabelas
de Cristobo Colón!

Un ano máis que chega e peta á porta
do Novo Mundo, pra ninguén esquivo,
revivindo unha hestoria medio morta.
Unha ramiña de fragante oulivo
trai na destra xentil, coma probanza
de que chega a istos lares de traballo
carregado de paz e de esperanza.
Un ano máis, sumado a aquil, que en nome
de Isabela e Fernando, roita eistraña
tomaba polo mar, un baril home,
que iba donarlle un Novo Mundo a Hespaña.
Un ano máis, que lembra outro de outono
no que, na verba hispán, quizabe, en prego,
despertaba o sosego
dun milenáreo Mundo, cheo de ensono.

Nada cambeou de entón: nin os afáns
nin a verba común que nos enlaza:
no Norte, Centro e Sul, somos irmáns
iberos i americáns
coma fundidos nunha mesma Raza.
Por iso, nesta data,
chega ás terras do Prata
cunha rama de oulivo aínda orballante,
este ano, cheo de grata
fonda felicidade, eisuberante.
¡Que a Porvidencia queira
que os anos do porvir, sempre beninos,
cumpran, con farto ben, seus bons distinos,
nesta pródiga Terra feiticeira.

[15]Poema publicado en *Galicia* (F.S.G.), o 14 de febreiro de 1939.

1943

Canzón do Outono[16]
(no día da Raza)

Na atlántica eistensión
i a través das centureas, siguen izando as velas
tres naos aventureiras: ¡Son as tres Carabelas
de Cristobo Colón!

Un ano máis que chega e peta á porta
do Novo Mundo, pra ninguén esquivo,
revivindo unha hestórea meio morta.
Unha poliña de iñocente oulivo
trai na destra xentil, en comprobanza
de que chega a istos lares de traballo
carregado de pas e de venturanza.
Un ano máis que lembra aquil, que en nome
de Isabela e Fernando, roita eistraña
tomaba polo Atlante, o baril home,
que iba a donarlle un Novo Mundo a Hespaña.
Outro ano, que lembra aquil, de Outoño,
no que, na verba hispán, quizabe, en prego,
despertaba o sosego
dun milenáreo Mundo, cheo de ensono.

Nada cambeou de entón: nin os afáns
nin a verba común que nos enlaza:
no Nordés, Centro e Sul, somos irmáns
iberos i americáns
coma fundidos nunha mesma Raza.
I é de esperar tamén, que nista data,
chega ás terras do Prata
cun ouliviño verde, aínda orballante,
iste Coarenta e Tres, traiendo a grata
noticia, deslumeante,
de que vai termiñar, ¡pra sempre! a ingrata
traxedia arrepiante,
que ós pobos asoballa, fire e mata.

[16]Versión publicada en *Lugo*, en outubro de 1943. Pequenas varientes en relación coa versión primeira.

1940

¡Que vai a ser verdade![17]

(*No IV ano, que eistende cara a mañán a racial inmortalidade de Alexandro Bóveda)*

Non é verdade
de que Alexandre Bóveda morreu.
¡Que vai a ser verdade!
O que ten a Galizia por ben seu
coma Bóveda o tivo, non o invade
desleigo, nin deshonra, nin despego.
E Bóveda, sabía
que a minsión que cumpría
niste mundo, era a de ser galego.

¡Probes de aquiles probes, que non teñen
minsións que deben cumprir,
porque a iste mundo veñen
a vivir seus fracasos, por vivir!

O sacreficio de Bóveda, almostrounos
que os mausers, non eistinguen os ideaes
e, fai catro anos, dounos
o eisempro de si mesmo. Nos anaes
dos mártires máis mártires, ninguén
nos deixou ao seu paso tanta lus,
que Bóveda, todo bondade, todo ben,
tornouse irmán xemelo de Xesús...

Bóveda non morreu, que hoxe descansa
dunha laboura intensa, e quen o vela
dinos que voltará na noite mansa,
cando o resolva súa groriosa estrela.

[17]Este poema, dedicado a Alexandre Bóveda, foi publicado en *Galicia* (F.S.G.), o 31 de agosto de 1940. No mesmo xornal publícase outra vez, con algunhas variantes morfolóxicas, o 11 de agosto de 1945.

1945

Alexandro Bóveda[18]

Non é verdade
de que Alexandre Bóveda morreu,
¡que vai a ser verdade!...
O que ten a Galiza por ben seu
como Bóveda a tivo, no o invade
desleigo, nin deshonra, nin despego.
E Bóveda, sabía
que a minsión que cumpría
niste mundo era a de ser galego.

¡Probes de aquiles probes que non teñen
minsións que ben cumprir,
porque a iste mundo veñen
a vivir seus fracasos, por vivir.

O sacreficio de Bóveda, almostrounos
que os mausers non eistinguen os ideaes
e, fai nove anos, dounos
o eisempro de si mesmo... Nos anaes
dos mártires máis mártires, ninguén
nos deixou ao seu paso tanta lus,
que Bóveda, todo bondade, todo ben,
tornouse irmán xemelo de Xesús.

Bóveda non morreu, que hoxe descansa
dunha laboura intensa, e quen o vela,
dinos que voltará na noite mansa,
cando o resolva súa groriosa Estrela.

[18]Versión definitiva do poema, publicada en *Galicia* (F.S.G.), o 11 de agosto de 1945.

1942

Inquedanza[19]

Nascen e morren froles niste día
coma sempre que pasa a primaveira...
Eu ollo, por ollar, dende a sombría
morada, que me donou ista tristeira
fonda melanconía.
Ollo tamén, o ceo
que conquerir non puiden, cando voaba
coas incansabels as do meu anceio...
Hoxe sinto que todo en min se acaba.
¡Que tempo, o que se foi!... cando non daba
a impreseón de que un leva corpo alleo.

[19]Poema publicado en *Alborada*, Órgano de la Asociación Benéfica Cultural del Partido de Corcubión. Polos anos corenta, colaboraban nesta revista, amigos de Calviño como Avelino Díaz, Manuel Roel, Ramón Rei Baltar, Neira Vilas e Rodolfo Prada.

1944

A Manoel Roel[20]

De calquer punto de vista
que alcontre un esprito fel
co talento dun contista,
terá de ser MANOEL ROEL.

Sempre decote surrindo,
vai enfiando a súa gama
namentras sigue rubindo
a cume azul, do istá a fama.

Coma amigo e compañeiro
sei, por convencente indíceo
que, dos poucos, é o primeiro
tratándose dun servíceo.

Intre outras dotes, hai algo
que en Roel brinda simpatía,
i é o seu porte de fidalgo
con racial campechanía.

Confirma na realidá
de tere ben merescido
o Homaxe que se lle dá
ao contista prefirido,
o habere a il, concorrido
seus amigos de verdá.

[20]Este poema foi escrito por Calviño de Castro o día 4 de novembro de 1944, na homenaxe a Manuel Roel. O poema que figura no libro *Bordón Peregrino* é outro diferente en castelán, titulado «Manuel Roel»: *Un apuesto gallego de dinámica acción,/que, por haber vivido su vida muy de prisa,/ha prendido en el centro de su propia emoción/y en el fondo de su alma, ¡Galicia por divisa!//Su humorismo refleja, con rara perfección,/la pincelada exacta, concluyente y precisa.../Al hablar de su tierra, en su afable sonrisa/y en sus ojos oscuros, muestra su corazón.// Paladín de los buenos, incansable en la brega/cuando va en juego el fuero de la tierra gallega,/como amigo, es sencillo sin viso de oropel.//No obstante, tras su risa campechana y cordial/en la que pone su alma noble y sentimental,/se oculta el talentoso cuentista, Manuel Roel.* En *Bordón Peregrino*, C. Vergara Editor, Buenos Aires, 1947, pp. 71-72.

1945

¡Galiza Ceibe![21]

Van a unha cita acudindo
somas, que non son misterios
e, con traballo, van vindo,
cal si viñeran fuxindo
das tebras dos ciminterios.

(Unha sacra contraseña
o agro galego conmove:
¡Galiza ceibe!... ¡Quen teña
algo a que eiquí vir, e veña
por ben común que o comprobe!)

A soma que fala, ten
o corpo espido encolleito,
un buraco en cada sen
e seis máis, que se lle ven
no lado esquerdo do peito.

Mil somas doutros coitados,
(maltreitos por promo ou ferro)
por cen vieiros congregados,
escoitan entuseasmados,
i unen seu berro a aquil berro:

Galiza ceibe!!!... Enloitada,
outra somiña, que ten
súa tenra voz apagada,
pide, pra terra aldraxada
pronta pas, fartura e ben.

I aumenta: Tres soles vin
caier cun promo homecida...
¡Fillos meus!... Aos tres ouzín:
¡GALIZA CEIBE!!!... E morrín
hourrorizada da Vida...

[21]Poema publicado en *A Nosa Terra* en Agosto-Setembro de 1945. Este poema, co título de «Somas» foi publicado en *Galicia* (F.S.G.), o 30 de novembro de 1950. En *Galicia* (F.S.G.), o 30 de agosto de 1952, publícase o poema co título de «Somas» e con variantes. Transcribimos a primeira e a última versión.

1952

Somas[22]

Van a unha cita acudindo
somas, que non son misterios
e, silenzosas, van vindo,
como se foran saíndo
das tebras dos ciminterios.

Unha sagra contraseña
o agro galego conmove:
¡GALI-CEIBE!!!...O que ben teña
hoxe a que eiquí vir, e veña
con lealtade, que o comprobe!

A soma que fala, ten,
o corpo espido i ergueito,
un buraco en cada sen
e outros dous máis, lle se ven
no lado esquerdo do peito.

Ollando con inquedanza,
outra soma, viva, aínda,
traballosamente avanza
e orfa de toda esperanza,
eiscrama, con mágoa infinda:

¡Meus tres filliños perdín!
¡Fronte ó fusil houmicida
ós meus tres, surrindo vin!...
¡Desde entón, vivo, ¡ai de min!!!,
hourrorizada da vida!

[22]Galicia (F.S.G.), 30 de agosto de 1952.

1947

Domingo Maza[23]

Mente discipliñada, como cadra a un vasallo
soio escravo dun Arte, de outura sin igoal.
Un Arte trasparente como pinga de orballo
a quen dona a Beleza seu segredo integral.

Ten a súa laboura un saudoso aloumiño
que defiñe o concepto dunha fonda emoceón.
Pero hai rasgos latentes dun rebelde irmandiño
que acuña, en fel prestáncea, seu proprio corazón.

Baril temperamento dun xa vello migrante,
que cos ollos da ialma olla a Terra distante
con perennes anceios de vital realidade...

E iste é un artista noso i un orgullo da Raza,
que aínda entrando na roita da súa inmortalidade,
¡endexamais deixou de ser Domingo Maza!

[23]Este poema dedicado ao escultor galego Domingo Maza, foi publicado en *Galicia* (F.S.G.), o 29 de novembro de 1947, estando datado en Buenos Aires, o 22 de novembro do mesmo ano.

1947

Pleno Luar[24]

Meu cantar vai nun salaio,
nunha soave onda do mar,
coma tamén nun desmaio
de lúa en preno luar.

Pola noite e polo día,
cando en ti, tristeiro penso
fundido en malenconía
vai meu cantar máis intenso.

Meu cantar vai pola serra,
meu cantar vai polo val
i a veces até se encerra
na fondura do meu mal.

No fondo mal dun querer,
que quen sabe se algún día
ti chegues a recoller,
pra facerme benmorrer
cun cantar de bruxería.

[24]Poema publicado en *Galicia* (F. S. G.), o 13 de decembro de 1947. Anteriormente fora musicado polo tenor galego Xosé Vales, a quen o autor lle dedicara o seguinte poema en castelán, datado en febreiro de 1921 e publicado en *Nova Galicia* o 3 de marzo do mesmo ano 1921: *Eres Vales, porque vales,/y vales porque eres Vales;/por eso que, gentilmente,/¡Oh cantor! hago presente/que en tus cantos, sobresales.../¡Gloria...!/Religiosamente,/ante tus cantos triunfales,/un poeta, humildemente,/impregna en sus Madrigales:/«que eres Vales porque vales».../¡Gloria a Ti.../Sinceramente.*Vales musicara outros poemas de Calviño como o titulado «Salaios de amor».

1950

Raposada Ferroenta[25]

-I-

Quens venceron ó feixismo
dimpois de louca matanza,
afogan nosa esperanza,
dándolle azos ó franquismo.

É cativo e irreverente
ultraxe, prá mocedade,
que morreu heroicamente
defendendo a Libertade.

I un baldón para os humáns
que nos cinco Contiñentes,
queremos ter don de xentes,
levándonos como irmáns.

-II-

Entre banquete e banquete,
os Johns Bulls e os Tíos Sams
marchan hoxe de ganchete
co papai dos lobicáns.

E, por crudel iroñía,
o probe pobo da Iberia
morre de fame e miseria
dimpois de longa agonía.

[25]Poema estructurado en dúas partes, publicado en *Galicia*, o 20 de decembro de 1950.

E logo, ¿qué fai a U. N.
niste mundo corrompido?
-¡Buscar un sesto sentido,
onde non queda ningún!



Debuxo de José Peña Gil para ilustrar un poema en castelán de Calviño no que fai alusión ás campás da súa aldea.

1951

Terra Nai[26]

Quérote ver,
i heite de ver
ceibe e desaldraxada,
garrida, remozada,
felis, leda, sonrente,
o mesmo que unha virxe, coroada
pola impoluta lus do sol nascente.

Quérote ver, i heite de ver,
de fillos desleigados liberada,
polos homes de ben, ademirada,
como meresces ser.

¡Quero ver, hei de ver
i hei de axudar
na patreótica brega,
que ten de termiñar
en xusticieira sega!

¡Sega de sanguenarios cristialobos!
¡A rente, ben a rente...
para que endexamais a súa semente
medre, na Terra Nai, nos tempos novos!

(O tempre, que lle dein ó meu fouciño,
é un patreótico tempre aluciñante;
mais, por se o caso, quedo no camiño,
que outro imán o recolla, e siga adiante)

¡Pero, non, que hei de vela liberada
e, cal virxe sonrente,
quéroa ver, i hei de vela coroada
pola radiante lus dun sol nascente!

[26]Poema publicado en *Galicia* (F.S.G.), o 18 de febreiro de 1951. No mesmo semanario publicouse novamente o 30 de xullo de 1952, con pequenas variantes.

1952

¡Terra Nai![27]

Quérote ver,
i heite de ver
ceibe e desaldraxada,
garrida, remozada,
felis, leda, sonrente,
e o mesmo que unha virxe, coroada
pola impoluta lus do sol nascente.

Quérote ver, i heite de ver,
de fillos desleigados liberada,
polos homes de ben, ademirada,
como meresces ser.

¡Quero ver, hei de ver
i hei de axudar
na patreótica brega,
que ten de termiñar
en xusticieira sega!

¡Sega de sanguenarios cristialobos!
¡A rente, ben a rente...
para que endexamais a súa semente
medre, na Terra Nai, nos tempos novos!

(O tempre, que hoxe ten o meu fouciño,
é un patreótico tempre aluciñante;
que lle dein, pra que cumpra o seu destiño.
Polo tanto, se eu quedo no camiño,
que o recolla outro irmán e siga adiante).

¡Pero, non, que hei de vela liberada
e, cal virxe sonrente,
quéroa ver, i hei de vela coroada
pola radiante lus dun sol nascente!

[27]En *Galicia* (F.S.G.), 30 de xullo de 1952.

1958

Xervasio Paz Lestón[28]

Sinxelo, como cadra a quen herdou do druída
o aoiante bagaxe da Birtude e do Ben;
mais, eisimesmo, aspro como celta soicida
pra defendela Terra, cal seu antergo Bren.

O chan asoballado e a Terra sometida
polo estranxeiro, e aquiles, que non a queren ren,
é pra iste nobre bardo noso, morte e Vida
e un costante supricio pra súa ialma, tamén.

Esprito transparente como pinga de orballo;
tempre baril e forte cal barudo carballo,
ten noso insiñe Poeta, Xervasio Paz Lestón...

O degaro da Terra liberdada é a súa meta...
Por iso en rexos versos amóstranos o Poeta
o barvesco coraxe do seu gran corazón.

[28]Poema publicado en *Galicia* (F.S.G.), o 30 de agosto de 1958. Xervasio Paz Lestón, poeta comprometido coa causa de Galicia, foi director da revista *Alborada*, Órgano de la Asociación Benéfica Cultural del Partido de Corcubión.

1960

Sembranza anímica[29]

(*Para a siñora María Romaní de Boga*)

PATRIOTISMO acendrado de rexa envergadura;
entusiasmo e forteza de alma repubricán
nun corazón que sofre a crudel desventura
de ver, dende istos eidos, o asoballo do chan.

Nosa siñora a Espranza, nun calis de amargura,
dálle a beber as feles dun remoto mañán,
que, envolveito entre tebras, cerra o paso á ventura,
anque parce, estivera, xa ó alcance da man.

Ista nobre matrona, incansábel na brega
en pro da liberdade da súa terra galega,
almostrando vontade baixo un tempre de aceiro,

Vai ollando, impodente, a crudel inxusticia
de moitos desleigados fillos da Nai Galicia,
¡Que, por trinta diñeiros, a venden ó eistranxeiro!!!

[29]Poema publicado en *Galicia* (F.S.G.), o 30 de setembro de1960. Está datado en agosto do mesmo ano, e dedicado á nai de Maruxa Boga, Dona María Romaní. Don Leandro Boga e Dona María Romaní, galegos bos e xenerosos, educaron a súa filla no galeguismo e no amor por Galicia.

1960

Sembranza[30]

Iste Gran Don Ramón, que por Suárez Picallo
coñécese, coma heroi defendedor do Chan,
é, quen ista noite, rendemos o agasallo
dunha vella amizade, sinxela e cibdadán.

Un home independente. Nin siquera, co gallo
da franquista traxedia, deixou de ser o irmán
de patrial enxebreza, coma pinga de orballo
que endexamais se aquela diante o Sol da mañán.

Iste Gran Don Ramón Suárez Picallo, agora,
agarda no desterro a benditosa Hora
de que a Iberia recobre seus xebres ideás.

Que a roita de Santiago se alcontre liberdada,
deixe nosa terra de estar agrilloada
polos fillos espúreos, para que volte a Pas.

[30]Poema publicado en *Lugo*, en novembro de 1960. Este poema foi dedicado a Suárez Picallo, amigo do poeta desde os vellos tempos da galeguidade, e recitado por Calviño nuhna homenaxe poética que se lle ofreceu. É o segundo que lle dedica.

1960

Alfredo Aróstegui[31]

(*Sembranza mensaxeira*)

É don Alfredo Aróstegui, unha firme e señeira
figura radiofónica, mestre, cal é ninguén.
Súa voce agarimosa, cristaíña e certeira
é un sonoro mensaxe que de lonxe nos vén.

En improvisamentos xeniales, á maneira
dun orador de enxundia, a súa verba tamén
aprisoa os conceitos da ledicia riseira,
ou os serios probremas que o probe pobo ten.

A cordial amizade, ten nele, a un cabaleiro
de grandeira valenza, por nobre conselleiro,
coma eisí, por seu san e reito patrianismo.

Afervoado amante da Terra Nai, foi il vela
e cando veu de volta, ao pouco tempo, dela..
¡falaba un bel galego de garrido enxebrismo!

[31]Publicado en *Galicia* (F.S.G.), o 30 de novembro de 1960. Alfredo Aróstegui, de ascendencia vasca, nado en Bahía Blanca (Arxentina) en 1906, foi un autodidacta dedicado á radio e ao xornalismo. Maruxa Boga foi a súa profesora de lingua galega, iniciando con ela a audición Recordando a Galicia. Manifestouse sempre como defensor dos dereitos e da cultura de Galicia.

1961

O pintor Laxeiro[32]

Amplia fronte de artista. Sinxelo señorío.
Atraitivo sorriso de porte retranqueiro.
Señor de amicidade, que ó brindala a cotío,
antre o señor e o artista, é o artista primeiro.

Un pintor da Galiza, de sonado albitrio
que por ser honra nosa, o nomean Laxeiro,
ás veces manseliño coma rula, ou bravío
coma un deus asañado por deus falcatrueiro.

Con baril enteireza, descobre un Arte Novo
que define antre anceios, unha acesa inquedanza
de chegar co seu Arte ó corazón do pobo,

Para forxar en cores súa íntima Verdade,
porque Laxeiro busca un celme de esperanza
que ilumiñe os vieiros da ceibe humanidade.

[32]Poema publicado en *Galicia* (F.S.G.), o 30 de setembro de 1961.

1961

Bon viaxe

(*Para os enxebres poetas, Anisisa Miranda e Pepe Neira Vilas)*

Terra o Caribe ¡Irmán
da máis limpa Liberdade!
¡Terra cubana, oxe o chan
da ciudadán amizade!

Marchades cabo ó Fidel,
home de tempre de aceiro,
entre os bravos o primeiro,
que ó seu pobo sigue fel.

Ao fin, marchades a Cuba!
Ide embora, camaradas,
namentras cura súa buba
o gringo das alambradas.

Ide en pas, ide con Deus!
Ide con firmeza e fe
mentras volta polos seus
atributos, Cuba en pé[33].

[33]Neira Vilas e a súa muller Anisia Miranda, estando vivindo en Buenos Aires, visitaban a Xesús Calviño de Castro e á súa muller enferma, na súa casa, acompañados do pintor Laxeiro.

¿Ano?

Terra Meiga[34]

Foise a noite xa,
volveo a amañecer
e polos pobos e cibdaes vai surxindo a sotil craridá.
O sol comenza a saír
cheo de maxestá
con xurdio tono de primores,
que gozar a todos nos fará.
Abrente, ven a min,
Abrente sotil ven eiquí.
Gabemos todos xuntos o ledo amañecer
Gabarei un amor
como eu soño ter!
E todos nós diremos canto nos encanta falar do querer.
Eu soio sei amar
se vexo, corazón.
Nós temos e sabemos dálo á muller de ideal condiseón.
Teu ben, son eu, meu ben!
Poder, podes ser ti muller.
Felis farei co querer o meu manso amor
Cabo meu tenro ben
soña o corazón
e calan todolos anseios que fixeron surxila paseón
Alborexar do amor
cando a ialma está
con ledos anseios i en soños de vivila súa felicidá.
Ven meu amor,
ven para alá.

[34]Alberto Vilanova Rodríguez denominou de «opereta» esta peza, que foi escrita por Calviño de Castro e musicada polo mestre Ernesto Suñer.

ÍNDICE

Introducción 7

Estudio 9

Forza segreda: comedia social
en dous lances e XXII esceas 69

Poemas inéditos ou dispersos
en varias publicacións 135

ESTE LIBRO
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NOS TALLERES DE LUGAMI
EN BETANZOS
O 14 DE MAIO DE 1999